


# AVUNIOS

Nº 14

MAIO 2009



ASSOCIACION CULTURAL GASTRONOMICA


Pineiróns



10º Aniversario

# DÉCIMO ANIVERSARIO DA REVISTA AUNIOS

## PALABRAS DO PRESIDENTE



Foi no ano 1999 (cifra de significativa relevancia numérica) cando a nosa Asociación, nun intento de ampliar o abano de actividades culturais que xa levaba a cabo, editaba a primeira revista AUNIOS á que se denominou co número "0". Unha década máis tarde, celebramos a publicación do número 14.

Hoxe, a nosa revista está considerada como un dos mellores traballos culturais baseados na historia e no recordo de costumes, crenzas, lendas, feitos, tradicións e vivencias da nosa terra e as súas xentes.

A preocupación e interese dos nosos colaboradores, articulistas e anunciante, cuxas achegas, dignas do maior eloxio e merecedoras do noso máis profundo agradecemento, fan posible a continuidade de AUNIOS.

Dez anos, no transcurso dos cales procuramos ser fieis ás nosas conviccións e ideas, obviando censuras e críticas, para centrarnos na información daqueles temas populares e característicos de Galicia.


A Illa de Ons, O Grove, Bueu, Marín, ría de Pontevedra e ría de Arousa, en particular, ocupan un lugar preferente nos

nosos traballos, pero tamén a Galicia Interior é obxecto de recordo e comentario. A orixinalidade e calidade dos artigos dos nosos colaboradores, despertaron o interese popular sobre a revista que chega, soamente, a círculos limitados (socios, colaboradores, centros de ensino, museos, bibliotecas, arquivos,...) debido ao seu alto custo e reparto gratuito, e isto fai de todo punto imposible ampliar o seu círculo de entrega.

Actualmente corren malos tempos para moitos colectivos culturais que atravesan momentos de grande dificultade económica, a causa da restrición de subvencións oficiais. A nosa Asociación tampouco se escapa á crise que estamos afrontando, coa nosa maior vontade para que este número 14 non sexa o límite numeral.

Pensamos que o noso traballo, ilusión e desexo por manter este labor cultural, como se sabe, totalmente altruísta, merecería un maior apoio. Claro que nesta tesitura, como digo, atópanse outras asociacións que tamén padecen estas consecuencias.

A Pineiróns, as dificultades aféctannos, pero non nos arredan. Ao menos, de momento.




## O PETROGLIFO DA ILLA DE ONS

Por: Fernando Alonso Romero

Á fin, despois de moito tempo buscándoas, atopei as fotografías nas que se ve o petroglifo que descubrimos fai agora case corenta anos, e que é a única testemuña que coñecemos sobre a existencia de petroglifos na Illa de Ons. Lamentablemente non recordo exactamente en onde está esa rocha sobre a que se gravaron, posiblemente na Idade do Bronce, eses círculos e coviñas (cazoletas), aínda que me parece, a xulgar pola fotografía (Foto 1), que foi feita nos arredores do Chan da Pólvora pois ao fondo vese a outeiro sobre a que se asenta o castro, na ladeira esquerda. Supoño que calquera antigo habitante

Foto 1. Vista da rocha sobre a que se descubriu petroglifo da Illa de Ons. Ao fondo, sobre a ladeira esquerda do outeiro, atópase o castro.



de Ons poderá recoñecer con máis exactitude o lugar, posto que próximo ao petroglifo vense unhas construcións: un piorno e dúas casas, que non sei aínda se se conservan pois fai anos que non volví a visitar a “*illa máis fermosa e cativante do mundo*” como dicía Álvaro das Casas no seu coñecido artigo sobre a Illa de Ons publicado na

revista *Nós* no ano 1934 (páx. 181). O máis interesante do achado é o feito de poder demostrar que fai uns tres mil anos tamén realizaban na illa de Ons petroglifos con deseños semellantes aos que se facían noutros lugares de Galicia, de Irlanda, de Gran Bretaña e doutros países, aínda que a súa abundancia en Galicia é tan rechamante que moitos arqueólogos os coñecen co nome de *Galician art*, empregando incluso a palabra *coviña* para referirse ás coñecidas cazoletas tan frecuentes no mundo dos petroglifos atlánticos europeos. Que a illa de Ons estivo habitada na Idade do Bronce sábese tamén polos achados arqueolóxicos desta data e incluso anteriores. O que non se sabe aínda con seguridade é a finalidade coa que se realizaban ese tipo de gravados rupestres. Sobre o seu significado propuxéronse infinidade de hipóteses, moitas das cales recollo no meu último traballo sobre este tema, pero aquí limítome unicamente a mencionar a continuación unha das máis probables sobre o significado dos círculos concéntricos, deixando para outra ocasión o estudo das coviñas ou cazolas, sobre as cales tamén falamos en dito traballo (Alonso Romero, F; Fernández Naval, F. X.; Longueira, M. 2008, 87 e ss).

Se temos en conta que entre o Neolítico e a Idade de Bronce houbo grandes cambios climáticos, podemos pensar que unha persistente seca condicionou a realización de determinados ritos máxicos coa fin de conseguir que chovera. En Inglaterra o período comprendido entre finais do Neolítico e mediados da Idade do Bronce, caracterizouse por ter un clima cálido e seco con poucas choivas (Cunliffe, B. 2006, 27). Parece ser que a partir do ano 3000 o clima de Galicia era frío e seco e que non foi senón ata o ano 1000 a. de C. cando volveu a facer calor e empezaron grandes precipitacións (Monteagudo, L. 1985, 32, n.7). A repercusión das fluctuacións climáticas na vida tradicional campesiña obsérvase tamén na frecuente referencia que se fai nos relatos medievais das vidas dos santos celtas sobre a necesidade de chuvia, así como nos milagres que ditos santos realizaban para que chovera ou brotaran novas fontes; o cal constitúe unha testemuña que nos permite intuír as duras condicións climáticas dos séculos V e VI nas Illas Británicas e en Bretaña (Pounds, N. J. G. 1943, 263). Precisamente unha das hipóteses que se expoñen sobre o significado dos círculos concéntricos gravados nas rochas ten que ver coa posibilidade de que se realizaran en épocas de seca. De maneira que eses círculos, illados ou en contacto,

virían a representar as gotas da chuvia que ao caer sobre a superficie da auga estancada, producen unha serie de ondas que se van expandindo e xuntándose unhas con outras. E así se pensaría que con este rito de maxia simpática se atraía á chuvia. A repetición destes círculos mostraría tamén o grao de intensidade co que se quería expresar simbolicamente a necesidade de chuvia. No século XVII críase en Inglaterra que o círculo nebuloso que nalgunhas noites se ve arredor da lúa era un prognóstico de chuvia. Cando o círculo era grande e estaba a certa distancia da lúa, significaba que tardaría en chover, mentres que se estaba moi preto a chuvia era inminente (Brand, J. 1877, 659). En Andalucía dise que

*Esta noite vai chover  
que leva circo a lúa;  
queira Dios non chovan paus  
nas costelas de algunha.*

(Lorenzo Fernández, X. 1973, 77).

A alusión aos paus refírese moi probablemente á realización dun rito de estimulación da fertilidade, semellante ao que efectuaban antigamente os pescadores da illa de Ons (Pontevedra), que sacudían con varas as súas embarcacións cando pescaban pouco, e incluso ás súas mulleres cando o parto resultaba difícil (Das Casas, A. 1934, II, 172).

Se realmente esta hipótese que expoñemos está no certo, entón debemos supoñer que estes petroglifos da illa de Ons realizáronse nunha época de seca, para que deran os seus froitos as plantacións de trigo e de centeo nos terreos que se atopan entre o petroglifo e o castro; lugares nos que moitos anos despois se cultivaría o millo e as patacas, como aínda se continuaba facendo na data destas fotografías.

Foto 2. O petroglifo da Illa de Ons contemplado dende o seu lado occidental.



o halo luar é un anuncio de chuvia igual que en Galicia e en Estremadura (Casas Gaspar, E. 1950, 15). En Galicia coñécese sobre este tema a seguinte cantiga:

(Traducción ao galego: Anxo López Vergara)

## BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ROMERO, F.; FERNÁNDEZ NAVAL, F. X.; LONGUEIRA, M. 2008. *O petroglifo do Filladiuro. Enigma na pel da pedra*. (Editorial Tosoxoutos. Noia).
- BRAND, J. 1877. *Observations on Popular Antiquities*. (Chato & Windus. London).
- CASAS GASPAR, E. 1950. *Ritos agrarios. Folklore campesino español*. (Madrid).
- CUNLIFFE, B. 2006. *England's Landscape. The West*. (HarperCollins. London).
- DAS CASAS, A. 1934. *A illa de Ons*. (Nos, nº 131-132. Tomo II, pp. 167-181).
- LORENZO FERNÁNDEZ, X. 1973. *Cantigueiro popular*. (Galaxia. Vigo).
- MONTEAGUDO, L. 1985. Orientales e indoeuropeos en la Iberia prehistórica. (En: DE HOZ, J. (Ed), *Actas del III Coloquio sobre lenguas y culturas paleohispánicas*. Universidad de Salamanca, pp. 25-135).
- POUNDS, N. J. G. 1943. Holy Wells and Climatic Change. (*Folklore*, vol. 54, nº 1; pp. 262-264).

# SAN FRUCTUOSO, O ARCANXO SAN MIGUEL E MÁIS O FORTE DE SAN FERNANDO

Por: José M. Mosquera G.

Punta Chancelas e a costa norte da illa de Tambo están unidas por unha ampla barra de area, que actualmente non vela, aínda que na antigüidade o puido facer, e isto é unha base interesante nas lendas locais relativas á illa e, noutra orde de cousas, nos plans navais para a defensa desa zona costeira, xunto coa rada e porto de Marín.

Hai narracións antigas que nos falan do cruce a pé entre ambas oreas, posibilidade só factible coas mareas de zizigias – coa seca – e cunha orografía diferente á actual. Para dar consistencia real á existencia de tal paso fábase incluso da existencia dunha fonte, cara á metade da barra, na cal os camiñantes saciaban a súa sede.

Sería interesante comprobar, “in situ”, a posibilidade de que tal paso existise para facer bo o recompilado por Murguía acerca do beneditino San Fructuoso, que despois de fundar o mosteiro de Poio, dedicouse a ir á tumular e pedregosa Tambo para fundar outro cenobio, producíndose un milagre cando o santo foi “*andando sobre as ondas en busca da barca*”. Tómomome a liberdade de supoñer que as fortes correntes costeiras que se xeran sobre as barras, arrastraron a embarcación mar a dentro e San Fructuoso decidise aproveitar tal conxuntura para realizar o cruce inmerso no feito milagroso. Baixo outra perspectiva cabería a posibilidade de que o realizara pisando sobre a area dunha barra a penas oculta na baixa marea. O bonito e que acabou en lenda.

Tempo despois, na época das persecucións dos arrianos, o Arcanxo San Miguel aparéceselle ao bispo de Braga, Auberto, refuxiado como anacoreta na illa, e encoméndalle que funde unha igrexa no seu nome. Esta aparición inicia grandes peregrinacións á illa, aínda agora consta que o cruce se realiza sobre penas e pasais. Neste caso a barra de area debe asentarse sobre unha restinga de rochas que une ambas oreas.

As numerosas narracións e lendas nadas ao socairo da illa de Tambo, teñen como contraposición as duras realidades dos ataques de árabes e piratas, entre estes últimos x destaca o devastador realizado polo inglés Drake.

A defensa desta zona interior da ría residía nas fortificacións costeiras. Dende o século VII existía en Marín, o castelo da Mouta, que non fortaleza, no lugar que hoxe ocupa o concello. Carecía de poder e era insuficiente na defensa do fondeadoiro de San Xiao dos Acorados. Dende 1151 o Priorado de Oseira era o dono dos terreos da Vila e Coto de Marín. En 1521, o prior de Oseira, que en asuntos relativos á defensa dependía do Capitán General de Galicia, encargou a dous frades coñecedores da construción militar – e coñecidos posteriormente como os “custodios do Priorado” – a construción dun forte situado nas mellores posicións de defensa do porto, dándoselle o nome de San Fernando, en honor de Fernando o Católico.

Sobre o estado das fortificacións do imperio, os enxeñeiros elevaban ao rei relacións detalladas do estado da fábrica e defensa, facendo recomendacións ao efecto. A continuación acompañanse as relacións das “Fortificaciones del Reyno de Galicia” dos anos 1723, 1754 e 1756, relativas a Marín, con recensións moi curiosas e interesantes.

## FORTIFICACIÓNS



### Prazas, castelos e fortes do Reino de Galicia

ANO 1.723

*Archivo Histórico Militar O-3-75 Doc núm 3-1-6-2- 1723 – Marqués Caylus (Claudio Abraham de la Tubière)*


*“Relación del estado de las Plazas, Castillos, y Fuertes de este Reyno de Galicia; De los reparos que combendría executar en las fortificaciones, Almacenes, y demás obras, para el año próximo venidero; según vista y reconocimiento que ami yngreso ececuté con asistencia*

*del Coronel Franco Montaigú Ingeniero principal; Y que aunque lo bolviesse a hazer, no tendría más que dezir sobre este asunto, para dar cumplimiento a la orden que he recibido de S.Sr. en carta de quinze de Octubre de este año del Sr. Marqués de Castelar”.*



## MARÍN

“Hállase el Pueerto y lugar de Marín, una legua de Pontevedra, avaxo del Río, y sobre una punta: al lado de dicho lugar está situado el castillo de Marín, es un zercado de piedras secas, alto, de cinco a seis pies, sin fosso, ni cassa ninguna de fortificación, que enzierra dos malas vaterías, para la defensa de un Puerto, mui apropósito



A ermida primitiva foi reedificada no século XVIII, baixo a advocación de San Miguel. A imaxe mostra o seu estado actual.

para el comercio de Pontevedra, y del País de su zercanía; tiene fondo, y capacidad para navios de guerra.

No hai en este Castillo quarteles, Almacenes, ni cuerpo de guardia, ni cassa ninguna, y así no se debe reputar por Castillo.

Con vendría mucho al servicio de S.M. que se hiziese nuevo por razón del Puerto y Ría, donde han llegado diversas vezes navios de las Indias, y en este año los del Cornejo”.

\*\*\*\*\*

## FORTIFICACIONES

**Relación Das Prazas e demais postos fortificados de Galicia (por D. Miguel Marín)**

**ANO DE 1754**

**Archivo Histórico Militar – N°12 – Carp. 578 – 3- 1 -6 - 6 1754 - Marín**

“Relación General de las Plazas Castillos y Puestos Fortificados del Reino de Galicia, como asimismo de toda la costa que lo rodea, desde el río Miño, raya de Portugal, hasta Castropol, primera población del Principado de Asturias, con los puertos, Rías y Baterías que defienden sus entradas, el todo demostrado por los Planos y mapas respectivos, que la acompañan para manifestar el estado en que se halla cada Plaza, Castillo y Batería, con sus Proyectos para mejorar sus fortificaciones por el Brigadier Yngeniero Director de los Exércitos de S.M. y de las Plazas del dho Reyno Dn. Miguel Marín”.

## RÍA DE MARÍN

“Sigue ésta a la antecedente, y entre la vlla de este nombre, y la Ysla de Tamba (sic) que está enfrente ay un mui buen fondeadero para bastante número de Navios gruesos en la parte inferior de las costa donde está dha villa hay una Batería capaz de 13 cañones, y no en mal estado pero desguarnecida. A la entrada de esta ría se forma otra que llaman de Aldán que es de bastante capacidad, tiene su dirección Norte Sur, y su boca al Norte, sin particularidad de consideración”.

\*\*\*\*\*

## FORTIFICACIONES

**Descrición Das Prazas e postos fortificados do Reino de Galicia (por Francisco Llovet)**

**ANO 1.756**

**[Archivo Histórico Militar (3-168)]**

“A la de Arosa sigue luego la Ría de Pontevedra ó de Marín entre cuya Villa y la Ysla de Tambo que le está al frente ay un mui buen fondeadero para bastante número de Navios gruesos y está en lo más interior déla Ria donde se halla una Batería capaz de 13 Cañones. El Gefe de Escuadra Dn. Cosme Alvarez manifestava una particular inclinación aesta Ria desde que hubo reconocido y examinado sus circunstancias y su sentir era que para la seguridad de nuestra marina importaría que se practicasen un Muelle con su Batería alextremo en el propio sitio y delante déla que oy existe, y otro Muelle tmbién en su Batería en la punta de Úntele cuyos fuegos cruzaran la entrada de este fondeadero y que en la Ysla de Tambo combenia igualmente se estableciera un reducto para impedir que el enemigo se apoderase de ella y desde donde podría hazer mucho daño anuestros Navios que estubiesen refugiados en la parte interior de otros Muelles; yasi mismo que desde la punta del Boy déla citada Ysla hasta la Costa Norte se formase una linea de Mogotes con piedra escollera para impedir que un enemigo aprovechando déla marea se introdujera por aquella parte en el fondeadero no debiéndola serrar del todo por dejar el desagüe délos vertientes del Pais libres ya que caminan por aquella Dirección. Ala entrada de esta misma ría se forma otra que llaman de aldan que es segura y bastante capaz su dirección es de Norte Sur y su boca al Norte sin particularidad que sea de consideración.

En la **Villa de Pontevedra** que se halla algo tierra dentro del Pueto o Ria avia antiguamente un espacioso edificio que tenia el destino a Maestranza para **Pertrechos** de Guerra y sus correspondientes Almacenes el qual le arruynaron los Yngleses en el año 1710 y **haviendo** el vecindario de la misma Villa solicitado su **redificación** en el año de 1738 se levantó sobre sus ruinas un **Cuerpo de Cuartel** sencillo y ateja vana en el que se acomodan 500; Ynfantes o 120 cavallos con igual numero de soldados”.



## “MANDAS”

Por: Eduardo Víctor Castro López

¡Agarimosos saúdos, benqueridos lectores de AUNIOS!

A xeito de portelo, sexan as miñas primeiras palabras para vos adiantar que nesta ocasión non ides ler nesta didáctica revista ningún poema nin lenda da miña paternidade. No canto diso, con san propósito de facer sementeira, vouvos falar hoxe abondo a respecto dun vello e encantador ritual esquecido: das MANDAS.



E fágoo, repito, coa modesta intención de colaborar, aínda que só sexa unha migalliña, na recuperación da LINGUA no que atingue á súa específica función no ámbito funerario.

¿Non, si? Moitos de vós, ben o sei, seguro, vos preguntaredes que son as MANDAS. Pois mirade, sonvos as MANDAS o legado de carácter inmaterial, non económico, que en TESTAMENTO podemos deixar; un sentimental “desideratum”, que de polos herdeiros ser cumprido, suporá no outro mundo que o borrallento po do noso defunto metafisicamente se vexa ateigado de paz, amor filial, alegría e saudade.

Se nos remontamos ao pasado, comprobaremos, a través das empoaradas páxinas dos arquivos notariais, que era no MEDIEVO hábito dos nosos paisanos engadirlle ao TESTAMENTO unha grande ou pequena patela de MANDAS. Mágoa que tras << a castra e doma >>, tan emotivo feito esmorecera; que salvo no seo de catro familias ilustradas, case de todo desaparecera este vedraño comportamento costumista, tan entrañable acto testamentario.

Que rexurda, pois tan outrora popular patrimonio cultural, de nós depende e non dos alleos, tarefa que canto antes debemos levar adiante tódolos que de verdade con lexítimo orgullo nos cualificamos e sentimos fillos de GALICIA.

Malia cadaquén ter as súas, sen se me subir o vermello ás meixelas, coa acesa arela de abrir camiño, velas aí van a título de exemplo as miñas MANDAS:

### TESTAMENTO

.....  
.....  
.....

E a vós, meus fillos, a quen en herdanza mobles, inmoables, valores mobiliarios ou doutra natureza material non vos deixo, prégovos que para alivio e consolo da miña alma a xeito de decálogo reparedes nas seguintes

### MANDAS

1ª.- Que é derradeira vontade descansen os meus restos mortais a carón dos dos meus pais, no cemiterio de SAN PEDRO DE CORNAZO, na VILA-GARCÍA que me deu berce, na VILAGARCÍA amada.

2ª.- Que as miñas necrolóxicas redactadas sexan en LINGUA GALEGA, pois se en vida a practiquei e

defendín emocionado a ela renunciar non quero tras o pasamento, camiño do alén, do descansado.

3ª.- Que a misa do CABODANO pola miña alma, se nese intre existe, a cante o CORO DE CÁMARA "THALASA", que ademais, concluída a liturxia, interpretará o poema musicado "NO FERMOSE AREAL", a vosa nai dedicado, a vosa nai, de quen sempre estiven e aínda sigo estando, loucamente, namorado.

4ª.- Que na miña lápida do camposanto figure o epitafio: "HIC REQUIESCIT EV.CALO, que o ... de ..... de 2..... pasou a mellor vida. FUTBOLISTA, MESTRE E POETA, na LINGUA NAI, a da GALICIA VIVA". ¿Que que sempre fun eu presumido como cromática e recendente flor de maio? ¿Como se iso non fose certo!, ¡Vaia carallo!

5ª.- Que se por un casual se vos pasase pola cabeza levarme flores ao lugar onde estou a dar herba, non enfeiten a miña tumba gladiolos, caraveis ou nardos; si, un xeitoso ramiño de toxo arpado lucindo a amarela chorima, fermosa flor de xogares e bardos.

6ª.- Que no MES DE SANTOS de cada ano, na miña honra, celebredes un xantar ou cea que dar podería en FESTA RACHADA, se así vos peta, se vos dá a gana; pero iso si, que na sobremesa, amais de torta de amoras alumada con tantas candeas coma anos transcorreron dende o meu transo, non falten as enxebres castañas asadas e a doce e saborosa queimada; que ledos, sen bágoas, recitedes poemas da miña autoría, ao "MIUDIÑO MIUDIÑO" duro lle deades, e que, xeitosamente rexoubeira e pillabana, vosa nai toque e cante algunha que outra pandeiretada; que para rematar o evento, os festexos do meu CABODANO, por voso irmán saber tocala, bailedes unha "MUIÑEIRA" ao compás dos románticos e catárticos acordes da súa guitarra.

7ª.- Que lle metades na cabeza aos vosos fillos, que son os meus netos, que os pobos duran o que dura a súa FALA; así que para que GALICIA non morra, cómpre que amais de lela e escribila eles, con moito orgullo a súa LINGUA falen.

8ª.- Que convidedes á preceptiva FESTA ANUAL a unha familia coa que vos una unha grande amizade, para que dean testemuña de que a morte é para rila, non para choralá.

9ª.- Que antes de emitirdes xuízos de valor verbo das ideas políticas de calquera veciño, teñades presentes as



sabias e piadosas palabras que dun poeta lin en CEA, parroquia rural da miña pequena Patria: << A mellor ideoloxía que pode ter un individuo, sexa de dereitas ou de esquerdas, é a ideoloxía da bondade.>>.

E XA PARA REMATAR, PORQUE SON MOITAS:

10ª.- Que facerdes efectivas, ao menos cinco das anteriores MANDAS, suporía para min darme por ben cumprido, por ben pagado. Non facelas, pola contra, significaría que nunca respecto e agarimo lle tivestes a quen un día a media vida vos deu, vos deu sangue.

MÁIS NADA E QUE CANTE O MERLO.

¡VEÑA!

¡VALE!

## ACTIVIDADES REALIZADAS POLA ASOCIACIÓN DURANTE O ANO 2008

### RUTA XACOBEEA:

Seguimos coa nosa teima de que a Ruta Marítima non quede relegada só á Ría de Arousa e río Ulla, senón que comeza na Guarda e segue o curso que, segundo a lenda, levou a barca de pedra que trasladaba ao Apóstolo.

Estamos a realizar ao respecto traballos, investigacións e estamos á espera do próximo Xacobeo para iniciar unha reivindicación ao respecto como Asociación que estamos inscritos como Promotores dos Camiños de Santiago.

Debido a circunstancias diversas, durante o ano 2008 non se programou ningunha peregrinación. As dificultades económicas da Asociación fixeron inviable as xa tradicionais en barco percorrendo as "Illas Cassitérides" (Cíes, Ons, Sálvora, Arousa e Cortegada) e a que se levaba a cabo dende Santiago a Fisterra.



### BIBLIOTECA ITINERANTE, VIAXES CULTURAI, INTERCAMBIOS,....:

Seguimos na nosa liña de querer realizar as máximas actividades posibles pero, como xa dixemos, a falla de axudas económicas non permitiu durante este pasado ano levar a cabo a Biblioteca Itinerante.

As viaxes culturais reducíronse a paseos ecolóxicos por diferentes rutas da nosa xeografía galega.

Sen embargo mantemos a un bo ritmo os intercambios con outras asociacións e organismos, tanto de material (libros, revistas, traballos,...) como didáctico - culturais.

### FESTA DOS MAIOS:

O 1º de maio trasladámonos á Illa de Ons para celebrar a xa tradicional Festas dos Maios. O bo tempo acompañounos, confeccionamos os Maios e cantamos as coplas que con grande humor compón o noso Presidente Laureano Mayán.

A afluencia de veciños contribuíu a que a Festa fora un éxito. Cantáronse as coplas en Casa Acuña e despois, co traslado do Maio, en Casa Checho.


### INAUGURACIÓN DA RÚA DA PAXARELA:

Este pasado ano, coincidindo coa Festa dos Maios, inauguramos a rúa da Paxarela. A festa foi do máis orixinal. A cinta foi cortada polo mariñeiro illán Cesáreo, as tesoiras púxoas Casa Acuña e a bandexa Casa Checho.

Houbo actuación da Orquestra mundialmente coñecida "A Illa é Nosa", disfraces e caldeirada oficial. A placa da rúa foi deseñada e confeccionada polo socio Pepe Taboada (Tabo para os amigos) que, aínda que tivo un pequeno fronte de oposición ao nome da rúa (pois o grupo opositor preferían o nome de "Paxareta"), ao final triunfou a proposta do noso querido socio.

### REVISTA AUNIOS Nº 13:

Editamos a revista Aunios no seu nº 13. Contamos con interesantes colaboracións sobre a Illa de Ons con Artigos de *Staffan Mörling, Celestino Pardellas, Lino Pazos, Juanjo Labaca, Julio Santos, Paula Ballesteros, Fernando Trigo* que nos falaron



da *Problemática Urbanística*, das *Promesas de Mister Marshall*, do *Xacemento Romano de Canexol*, do *Patrimonio Arqueolóxico* ou do *Naufraxio do María Luísa*. De Marín faláronnos *Laureano Mayán*, *Victor Calo* que tocaron temas tan interesantes como que a *Expansión de Marín como pobo ten a súa Orixe na Época Romana* e uns preciosos *Acrósticos sobre as súas praias*. E xa en temática variada temos os *Muíños de Vento da ría de Vigo* de *Costas Goberna*, *Cabeza Quiles* fálanos sobre a *Orixe do Nome de O Grove*; a *Evolución do Concepto de Galicia* é tocado por *Antuña Souto*, *José Manuel Pereira* sobre as *Relacións Pesqueiras entre Portonovo e Pontevedra ao longo do século XVI*, *Ricardo Arnaiz* sobre os *Poliquetos*, *Pepy Clavijo* penetra na súa Pontevedra escribindo sobre a *Basílica de Santa María*, *Pablo Pérez* sobre *Prisciliano*, *Eva Rodríguez* cóntanos a *Batalla de Rande* e *Pepe Taboada* dá a nota de humor con o *Galo Picón*.

A revista foi presentada en xuño no Museo Manuel Torres de Marín. Nesa presentación entregóuselle unha Pineira de Prata a Julio Santos Pena polas axudas e colaboracións prestadas á Asociación e finalmente o propio Julio deunos unha conferencia sobre a súa experiencia como mestre na Illa de Ons.

#### EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA:

Realizouse unha Exposición de Imaxes titulada "Ons: Unha Comunidade entre a terra e o mar". (Máis ampla información na páxina 19). Agradecer a axuda prestada para esta Exposición a Parques Nacionais, ao Concello de Bueu e á Consellería de Innovación e Industria.

#### CAMPIONATO DE CHAVE:

Con motivo das Festas de San Xaquín organizamos un campionato de chave patrocinado pola Comisión de Festas contando coa axuda de Parques Nacionais.

Resultou moi competida e interesante sendo os gañadores unha

parella de Moaña quedando como segundos unha da Illa.

#### REGATA DE DORNAS:

A asociación Pineiróns xunto con Parques Nacionais organizaron a I Regata de Dornas rememorando as que antano se celebraban na Illa.

A saída estaba no peirao. Había que dar volta á pedra de fóra da Laxe do Crego e de novo cara ao peirao.

Aínda que a falla de dornas, hoxe en día, en Ons provocou unha participación mínima, as cinco dornas que competiron fixérono a un alto nivel.

A regata foi seguida por numeroso público dende o peirao, praias, bares e dende embarcacións deportivas.

#### REALIZACIÓN DO XOGO LÚDICO - DIDÁCTICO: "O XOGO DO CORMORÁN DE ONS":

Este xogo, mestura dos populares da Oca e Trivial, estaba composto dun total dunhas 70 follas, divididas en varios apartados entre as que figuraban: *Obxectivos* e métodos didácticos, follas explicativas do xogo, caderniño "Unha viaxe pola Illa de Ons" para que os xogadores lean coa fin de poder contestar ás preguntas, fichas coas regras e as preguntas, fichas coas respostas, mapas, bibliografía e taboleiro de xogo.


Este Xogo é o resultado do traballo de varios membros da asociación coordinados por Celestino Pardellas de Blas. Todos os que estiveron traballando son mestres e, dous deles, participaron moi activamente nos campamentos e campos de traballo que se realizan na Illa de Ons.

É un xogo moi completo pois require un anterior coñecemento por parte dos monitores e un proceso posterior cos rapaces que consiste nunha mestura de puseo ilustrativo pola Illa e lectura do caderniño onde están expostas todas as características illáns que despois van a atopar nas preguntas segundo no recadro onde cañan e con elo poder avanzar e chegar ao recadro final.



## “O PINEIRÓNSIÑO”

Seguindo a nosa costumbre  
respetando as tradicións  
presentamos outro ano  
o maio dos Pineiróns.



O ano pasado  
quedounos en branco  
xa collemos forza  
imos dar o callo.

Máis de un botou de menos  
o maio de Pineiróns  
o pobre tiña dereito  
coller unhas vacacións.

Descansar sentoulle ben  
veuche fino como un allo  
Agora diche ¡caray!  
antes decía ¡carallo!

Ainda que somos de fora  
traemos fiuncho e xestas  
nos facemos sempre o maio  
e os da casa nin fan festas.

Deben saber unha cousa  
do grupo de Pineiróns  
para facer o que facemos  
hai que pedir subvencións.

E o Concello de Bueu  
tamén entra no paquete  
prometéronnos axuda  
xa fai vintecatro meses.

Para entregar os cartos  
interés teñen moi pouco  
chegarase antes a pé  
desde Ons hasta o Camouco.

O maio e o viaxe  
dan traballo e costan cartos  
uns chámannos gilipollas  
os finos chámannos parvos.

Sempre somos os primeiros  
en feitura i en letra  
si o problema son os paus  
temos que ir a pandereta.

Porque con isto dos paus  
nunca conseguimos nada  
máis ca un rimo de maio  
xa parece unha lambada.

Por iso os maíos non veñen  
a loitar co campeón  
teñen medo, somos bos  
vamos ir a Eurovisión.

Sería cousa de coña  
ir e quedar campións  
dirían en toda España  
¡Fanse milagros en Ons!

A “Operación Triunfo”  
non quixemos presentarnos  
eso é para os que empezan  
nos xa estamos consagrados.

Rosa, Manu e Chenoa  
Bustamante e Bisbal  
nos somos: Lino, Juan, Puskas  
Tinón, José e Mayán.

Cobran o que lles da a gana  
coches, barcos, avións  
nos poñémonos a cola  
do catamarán a Ons.

París, Londres, Roma, Atenas  
Nueva Llor e Jolibú.  
Nos, con Bueu, Marín e Ons  
¡Que vaian rasca-lo cú!

Pero nos non temos medo  
sempre tiramos para diante  
Pineiróns fai o que pode  
cante mal, ben, ou non cante.

Non solo nos dedicamos  
a revista ou o maio  
pedir cousas para a Illa  
tamén é noso traballo.

Das cousas que nos pedimos  
algunhas quedaron listas  
o que antes eran atallos  
xa parecen autopistas.

E tamén no muelle  
mellorou a Illa  
foi un gran acerto  
poñer barandillas.

Falaremos deste coro  
da Illa e seus problemas  
non se vai a librar tampouco  
nin a Comisión de Festas.

A Comisión xa traballa  
o Patrón está moi cerca  
din que hai regata de dornas  
e un concurso de pesca.

Sobre isto hai comentarios  
eu escoito e o digo  
van vir os coches de choque  
tómbolas e tiövivo.


Isto da moito traballo  
e acaban todos fartos  
si a o final non se fai todo  
é que non chegan os cartos.



E non por falta de esforzo  
nin por falta de interés  
ou sale todo ó dereito  
ou sale todo ó rivés.

Ditan normas pra facer  
disto unha maravilla  
ganará a natureza  
pero hai máis fume na Illa.

Non son señales dos indios  
nin os lixos a queimar  
é a xente que aproveita  
os sitios pra poder fumar.



Pero tamén hai quen opina  
que isto vai a mellorar  
con tantas prohibicións  
¿vannos a deixar fumar?

Ainda non fai moito tempo  
aquí era o máis natural  
ver as barcas, ver as redes  
e as canas pra pescar.

Pero isto mudou  
hai moitos motores  
chimpíns, furgóns  
motos e tractores.

Nin flores, nin pesca,  
nin jatos, nin cans,  
menos mal que aínda  
se pode fumar.

Xabalís, coellos, perdices,  
galiñas, porcos e vacas...  
si antes había de todo,  
xa non queda casi nada.



Eche por este motivo,  
a xente ven menos a Ons.  
Nin flores, caza ou pesca  
¡todo son prohibicións!

Que dano podía facer  
un neno cunha caniña  
coller na punta do muelle  
unha lorcha ou unha rincha.

Con tanto cambio que hai  
isto xa non é o mesmo  
ahora quérese atraer  
outra clase de turismo.

O ano pasado  
foille mal a Ons  
non houbo poallas  
nin chaparróns.

O problema foiche a auga  
aquí é o peor mal  
uns grifos estaban secos  
por outros saía sal.

E chegando o domingo  
a xente non se da prisa  
saben que non hai sacerdote  
que poida facer a misa.

Pero para estar nesta igrexa  
a xente ten que ter xeito  
en vez de seguir a misa  
están mirando pro teito.

Ainda que faga calor  
agora a xente respira  
é das igrexas que teñen  
ventilación asistida.

Preguntaban uns ingleses  
¿Dónde para el autobús?  
Para coñecer a Illa  
teñen que mover os cús.

Cando chegaron a praia  
¿En donde están las casetas?  
Non teñían medo señoras  
poden ensinar as tetas.

En esta Semana Santa  
que houbo tanto temporal  
algún bar aproveitóuno  
para sé modernizar.

E que sorpresa levamos  
falloulle a televisión  
pero tuvo camareira  
con abrijo de visión.

Pois a pesar das melloras  
síguese botando en falta  
un cura, un juardía, un doctor  
bos camiños, luz e auga.

Pois dentro de pouco tempo  
habrá que quitar o sombreiro  
vai chegar a luz a Marte  
na Illa seguirá o mecheiro.

I é que resulta increíble  
estar tan cerca da terra  
que a luz en estos tempos  
siga sendo un problema.

Son moi poucos os veciños  
que viven na Illa de Ons  
sin embargo, cousa rara,  
hai dúas Asociacións.

Que haia dúas Asociacións  
eche algo moi normal  
non as fixeron por capricho  
é que ofrecen variedad.



Para as preguntas con retranca  
haiche respostas con sorna  
cando o da capital vai  
o illán xa ven de volta.

¿Me puede hablar de la "nasa"?  
Mira... vai rascar o cú.  
Quen lle sabe algo diso  
son os de EE UU.

¿Cuando sufren temporales  
y no hai comunicación,  
cómo hacen para ir a tierra  
o andar por el interior?.

Pra andar por aquí dentro  
temos moitas solucións  
móviles, motos e coches  
bicis, burros e tractors.

E para salir da Illa  
cópteros i embarcacións  
falta por pedirlle a Xunta  
submarinos e avións.




O falar non ten cancelas  
ó menos pra moita xente  
o isleño non presume  
¡o de Ons é diferente!.

Entenden do tempo  
dominan as dornas  
pescan como nadie  
¡non hai quen os foda!

Botache a sota de ouros  
debeche salir de espadas  
¿quen te ensinou a xogar?  
¡non tes idea de nada!

Por qué saliches con blancas  
si tiñas o cinco tres?  
si na tasca no aprendeche  
intentao por Interné.

Isto pasa en moitos sitios  
xa é costumbre da xente  
faime caso ó que che digo  
¡O de Ons é diferente!



Si as "Burgas" é Ourense  
"Hai que roelo" Pontevedra  
os de esta Illa de Ons  
sonche "Tela marinera".

Traballando tantos anos  
un home, unha rapaza...  
¡deixa as terras, non son túas!  
lévate as pedras da casa !

Puxéronlle precio á Illa  
vale sete mil millóns  
si algun día hai reparto  
que conten con Pineiróns.

Demos tempo ó tempo  
non hai que ser choróns  
temos hasta un muro  
pras lamentacións.

No medio do mar o peixe.  
Enriba do mar o bote.  
A auga está sempre limpa.  
No fondo o chapapote.

O mar que rodea a Illa  
máis que limpo é cristalino  
dín que no fondo hai un coche  
pero non un submarino.

Sirve de alimento ós peixes  
congrios, sargos e robalos  
non e Porche, nin Mercedes  
é un simple Dous Cabalos.

Cambia o xeito de catura  
e resolve a papeleta  
os animais con cana  
e os peixes con escopeta.

Si este remedio non vale  
haiche solucións máis raras:  
darlle ós animais peixes  
e darlle ós peixes patacas.

Catro sitios non son moitos  
que as mulleres non se enfaden  
costa pouco encontralos  
pois non fan como Bin Laden.

Non digamos pola noite  
si hai movida, si hai ambiente  
aspirinas, Alca Selser  
a mañán do día seguinte.


Un diche que é vaca  
outro di que é boi  
vannos volver tolos  
Zapatero e Rajoy.

Din que isto vai cambiar  
desde que entrou Zapatero  
nin os maios, nin o pulpo  
vai promocionar o mero.

Este peixe cocinado  
eche unha maravilla  
máis solo podrá pescalo  
o nativo desta Illa.

Menudo lío formaron  
os medios de información  
saber que en noso grupo  
había outra Leonor.

Unha vanna a preparar  
para o trono, como herdeira  
a nosa vota unha man  
en Ons, como cocineira.



Do que non cabe nin duda  
porque xa é decreto lei  
xa ten máis categoría  
desde que aquí veu o Rei.

E a súa Maxestade  
dounos moitas ilusións  
ao desembarcar no muelle  
preguntou por Pineiróns.

Nos quisemos consultarlle,  
aínda correndo un risco,  
si era para saudarnos  
ou patrocinar un disco.

E cando estabamos preto  
parounos un garda-espalda  
entregámoslle unha foto  
para que o Rei a mirara.

Pensamos que esa foto estaba o grupo cantando sin embargo era un paixaxe cunhas ovellas pastando.

E fíxolle tanta gracia púxose a reir sin tino dixo que sin escoitarnos xa nos daba un de platino.

Ahora si estamos nerviosos por si en un fallo nos pilla e millor non ser famosos asi que a cantar na Illa.

Unha noite nesta Illa unha noite non é nada unha semana enteira viño, pulpo e caldeiradas.

Estas, si, son vacacións desconectas do traballo cartos, réximen, horarios que se vaian ó carallo!.

Política, fútbol, pesca, importánnos tres collóns. En maio habrá sempre festa, mentras viva Pineiróns.

Realmente, esta festa servía para festexar os beneficios que nos proporcionan as árbores, as plantas, as flores... e de aí que a principal finalidade era cantarlle á natureza en primavera; a súa época máis esplendorosa. Nun momento, no tempo, comezou a desvirtuarse tal concepto e, en xeral, prevalece a xocosidade e a censura cara a particulares e colectivos.

Moitos historiadores non están, en absoluto, de acordo con tan drástico cambio e así, por exemplo, o insigne marinense Manuel Torres manifestaba o seu arrepentimento por ter revivido a festa, xa que: *“se ha olvidado la sensibilidad, la delicadeza y buen gusto, para dar paso a la murmuración y a la crítica, lo cual es más apropiado para las murgas de Carnaval”*.

Pineiróns, sen entrar en consideracións, intenta por todos os medios posibles, manter, en vivo e en directo, tan ancestral tradición, conservando nas súas coplas o humor e desenfado desde fai tempo característicos, e considerando que nelas, non existe o menor indicio de ofensa cara a alguén ou algo.

A historia dos Maíos na Illa de Ons, baseada na fugaz existencia de “O Illeño” e a, aínda, viva de “O PineirOnsiño” ben merece a pena constatala a través das coplas; o seu inseparable acompañante. O “Maio” é o elemento perfecto para ofrecernos unha realidade florida e alegre. Paga a pena loitar por conservar, manter e gozar deste colorido, esta alegría... esta Festa.





## UNHA MOSTRA DE ACTIVIDADES CORSARIAS

Por: Francisco Calo Lourido

Cando temos noticia de que un novo barco foi apresado por embarcacións somalís, falamos dun acto de piratería marítima e esiximos solucións aos estados e seguridade para os mariños que entran ou saen do Índico. Pero poucas veces nos lembramos de que o mar foi sempre o lugar no que os roubos, secuestros e crimes resultaban máis doados, lucrativos e, en múltiples ocasións, protexidos, fomentados e bendicidos polos gobernos. Aqueles mariños de pasados séculos que, con diferentes nomes, se dedicaban a asaltar embarcacións, podemos agrupalos en dúas categorías: piratas e corsarios. Os primeiros eran foraxidos que dirixían a proa a todo canto barco se lles puxera a tiro, sen dar contas a ninguén, mentres que os corsarios só atacaban, cunha Patente de Corso concedida por medio dun Real Decreto, a aquelas embarcacións de países inimigos ou de países diferentes, pero amigos destes. Eran os corsarios, xa que logo, persoas respectables e comerciantes honorables e patriotas que facían a guerra con licenza real e, de paso, procuraban enriquecerse coa parte do botín correspondente. Un mariñeiro en terra que entraba nunha taberna na procura de viño e traballo o mesmo se decidía por enrolarse nun barco que saía para a pesca de Terranova que noutro mercante con carga para Bristol, expóndose nos dous casos a ser atacado por corsarios, que noutro armado en corso, onde o atacante sería el e os beneficios poderían ser moi superiores. Aínda moitos libros de texto españois lles chaman piratas aos vencedores da Armada Invencible, Howard de Effingham, Lord Almirante, e ao seu lugartenente, o Vicealmirante Sir Francis Drake, grandísimos mariños laureados pola propia Graciosa Maxestade Británica. Se son dos nosos son corsarios e se son dos inimigos son piratas.

Hai nos arquivos miles de documentos que fan referencia a accións de corsarios, tanto dos nosos como dos alleos. Vexamos neste breve artigo algúns casos variados, tanto de ofendidos como de ofensores. Principio por unha protesta de mar, na que vemos algo que pode resultar curioso aos que descoñezan o funcionamento do corso, pois o atacante entrega á vítima un certificado da acción para que o empregue onde precise. Todo un detalle.

Don Ventura de Jaureguizar, capitán do cachemarin “Nuestra Señora del Carmen”, da matrícula de Bermeo, cargou en Alacante e, o 20 de marzo de 1820, estaba no paralelo do Cabo de Santa María, cando foi apresado por unha goleta “insurxente”, é dicir, de corsarios de Buenos Aires, que, como é sabido, andaba daquela nas loitas de emancipación de España. Colléronlle todo o que levaba e deixárono marchar, despois de lle facer un certificado, no que o capitán corsario (“Yo Comandante de la Goleta de Gerra...”) recoñece que apresou o “chachamarín” e engade: “...y habiendo tomado lo que me Convenía del Cargo lo dejé hir a su destino por haber abistado otros buques a Barlobento y no habiendo tenido tiempo para echarlo a Pique. Según mis ordenes y leyes le doy la presente para que le sirva onde Convenga... a veinte y dos de Marzo de mil ochocientos veinte.- Francisco Gallego”.

Se tivera tempo afundíao; pero como non o tiña, tirou de pluma e púxese a facerlle un certificado. Nótese o apelido do Comandante da Goleta, chamada “La Almida”, insurxente para Jaureguizar, republicana para Gallego. Esta protesta de mar foi feita en Vigo, diante do escribán Juan Antonio Vieytez.

Tamén en Vigo e diante do mesmo escribán protesta D. José Rodríguez, capitán e piloto do cachemarin “San Antonio y Ánimas” da matrícula de “Curcubión”. Procedía de Salou e, despois de facer unha escala en Alacante, puxo rumbo a Vilaxoán, Noia e Corcubión. Un vento do norte moi forte fixo que se deixara estar ao abrigo do Castelo de Sagres, onde coincidiu con

outros barcos españois e portugueses, desde o día 13 de xuño de 1821 ata o 19, en que cada embarcación sae ao seu rumbo. Ao día seguinte hai calma, escoitan canonazos e avistan un barco de tres paus que lles parece fragata e ven ao lonxe outros sete barcos que navegan cara a eles. Armaron os cinco remos que levaban, puxéronse á boga e pronto se atoparon nun conxunto de barcos ingleses e españois, todos no medio da calma podre. Están nesas, cando chega xunto deles unha corveta de guerra con bandeira americana, trapo que arría, poñendo no sitio a insurxente (de Buenos Aires). Este corsario fixo atravesar un cachemarin de Ribadeo e un iate portugués de Viana e, por medio da buguina, ordenoulle ao declarante e a outro cachemarin



de Santander que arriaran o trinquete. Prendeu os catro barcos peninsulares, mentres deixou libres aos ingleses, o que está a indicar o carácter selectivo do corso, pois non podemos esquecer que Inglaterra está a facilitar axuda aos insurxentes das colonias americanas. A este barco de Corcubión tomáronlle todo canto quixeron e deixárono libre, despois de lles mandar embarcar o capitán e a tripulación do iate portugués, que quedaron sen carga e sen barco. Puxeron rumbo a Vigo, onde efectuaron a protesta de mar.


Don Manuel Gómez, capitán do bergantín “Nuestra Señora del Carmen” de Vilaxoán, cargou en Salou, fixo escala en Alacante e completou frete en Santa Pola, poñendo rumbo a Vigo. O 20 de maio de 1821, está a 10 millas ao norte do cabo San Vicente e 2,5 millas ao oeste do mesmo, onde foi apresado por unha goleta de guerra insurxente, procedente de Buenos Aires. O primeiro que lle di o capitán corsario é que lée toda a equipaxe de roupa xa que os vai botar ao fondo con carga e todo. Pero puxéronse a charlar os dous e mudaron as cousas: *“Entabló conversación con el, y le preguntó si era Vizcayno; le contesto que Gallego, y a esto le respondió que no hera su Paisano; prosiguieron su Conversación y en este ulterior discurso le declaró que era de Malaga y que el presidente Albean de Buenos Aires havia muerto, con lo qual haciéndole embarcar en su bote dela Goleta tres Cajas de Javon, once betas de esparto, dos piezas de Cotonia que pertenecian a Don José Benito Alvarez, la Mayor Redonda la bela de Estay Mayor la mejor aguja... le dejo en libertad y ordeno hiciese fuerza de vela y se sacase de su vista: aprovechándose de este favor continuo su biaje...”*

Non cabe dúbida ningunha de que lle valeu a cháchara que lle deu ao corsario, xa que, de entrada, lle di que recollan a roupa, porque os quere afundir sen máis e, despois de preguntarse de onde viñan sendo, cambia de opinión, cóllelle moi pouca cousa, case como dicindo que algo lle terá que coller para xustificar que navega en corso e, como indicando que non vaia a ser que se arrepiña, ordénalle saír a todo trapo. Un malagueño curioso este corsario americano.

Imos agora cambiar de terzo e ver o asunto desde a óptica do corsario.

Estamos en Baiona, onde D. Diego Rodríguez, Cabo de Presa de tres barcos corsarios nomeados “Nuestra Señora de la Antigua”, alias “El Triunfo”, “Concha” e “Duquesa de Osuna” e residente nesta vila, presenta unha reclamación sobre a caza e apresamento que fixeran do iate portugués “Nauquero”, nome que, supoño, sería realmente “Não Quero”, pero os escribíans en Galicia non só desgraciaban a nosa lingua, senón tamén a onomástica portuguesa. Trala captura, formouse expediente na “Comandancia Militar de Mariña do Terzo Naval de Vigo” e declarouse “Boa Presa” o mesmo o buque que a carga, con arreglo ao Real Decreto *“que en aquella época regía y se dirigía contra las naves de cualquiera nación que se rozasen o tocasen con Buque Ynglés y fuesen de estos visitadas...”*. España estaba aliada, daquela, como case sempre desde os Pactos de Familia, con Francia e, conseguintemente, Inglaterra e os seus amigos

eran inimigos nosos, polo que podíamos capturar barcos portugueses. Pero resulta que Napoleón decide invadir España e o nefasto Fernando VII traizoa ao pobo español e pasa a residir en Francia. Esta foi a realidade, aínda que o documento fale de *“la notoria usurpación de la Corona de nuestro legítimo soberano el Señor Don Fernando Séptimo”*. Agora, en agosto, está gobernando na España contraria a Napoleón a Xunta Suprema de Guerra e os antes inimigos convertéronse en aliados imprescindibles, polo que non se fan efectivos os beneficios da captura do iate portugués, o que obriga a Don Diego Rodríguez a pedir que se cumpra a sentenza a favor.




Castelo de Sagres

Así era a vida do corso. Mudan as relacións políticas, os inimigos convértense en amigos e a reclamar ao mestre armeiro. Tres anos antes, outro portugués, Don Francisco Antonio, veciño da freguesía de San João de Mindelo (Porto) e capitán do iate (transcrito Hiyate) “Nuestra Señora de la Lapa”, evidente castelanización de “Nossa Senhora da lapa” da matrícula do Porto, facía a contraviaxe de Inglaterra, a onde fora cargado de Laranxa e outros froitos, embarcados no Porto con destino a *“Liberpoole del Reyno de Ynglaterra”*. O 12 de xaneiro de 1805 tivo que arribar e fondear en Vigo, onde permaneceu ata o 23 do mesmo mes, partindo libremente para Porto. Pero antes de chegar ás Cíes foi abordado por un corsario da Coruña. De nada lle serviu alegar que acababa de saír de Vigo con tódolos permisos e foi obrigado a derrotar e fondear en Baiona. Entran as autoridades a bordo, revísanlle os papeis e quedan alí detidos con gardas e sentinelas a bordo. Despois de varios días de declaracións soubo que fora preso polo corsario “Santo Tomás”, alias “El Vengador”, capitaneado por D. Cayetano Torres. Fíxose este ao mar, despois de pecharlle e selarlle os zapóns e deixar custodia a bordo.

Protesta o portugués, asistido polo Vicecónsul do seu país, o 6 de marzo, alegando que esta situación non *“Corresponde entre dos Naciones que se hallan aliadas y en Paz”*. Dous meses despois, noutro documento, fai constar que entraron no barco as autoridades para revisar a carga e, ao abrir os zapóns, comprobaron que non había máis avaría que unha cativiña

pingueira que filtraba da cuberta e que empapaba un fardo de baetas. Procedeuse á descarga e comprobouse que a falta de ventilación, por estar sempre fechados os zapóns, estaba botando a perder as mercadorías, que houbo que sacar para fóra e poñer a asollar nun campo. Fai unha nova protesta, dicindo que dá compaixón ver como está todo o cargamento.



Baiona

O 11 de novembro do mesmo 1805, volvemos tropezar con outro portugués, tamén do Porto e igualmente chamado Don Francisco Antonio, pero, neste caso, de Oliveyra. A xulgar pola sinatura, debe de ser outra persoa distinta da anterior. Era capitán do Iate “El desempeño Feliz”, fondeado no porto de Baiona. Fai constar que, ás 9 da mañá do día 4 de novembro, navegaba entre Poba (A Póvoa de Varzim?) e Vila do Conde, rumbo ao Porto, procedente de Amsterdam, cando foi abordado polo corsario español “La Liebre”, capitaneado por D. José Ybergaray. Engade que, no acto da abordaxe, o segundo de a bordo e intérprete, D. Bernardo Mullony, apúntalle ao capitán que non vía motivos para apresar ao portugués, pero este segue na súa, manda que toda a tripulación, agás o capitán e un rapaz, salten a bordo do corsario e entrega o mando do portugués ao citado D. Bernardo Mullony. Ao día seguinte chegan a Baiona, onde fican retidos. Na protesta que fai diante do escribán, tamén auxiliado polo Vicecónsul que acompañara ao anterior, D. Manuel Antonio Bugallo, fai constar que xa lle faltan cousas por valor de 168 pesos menos 2 reais.

Seguimos vendo que o corso era unha actividade de guerra, pero na que as decisións finais se tomaban moitas veces nos

despachos en terra. Outra cousa que resulta sorprendente é que se podía atacar os barcos portugueses, mentres que as autoridades diplomáticas, caso do Vicecónsul, permanecían no seu posto, defendendo os dereitos dos seus compatriotas. E xa para rematar, veremos como, en ocasións, no medio da confusión, caen ata compatriotas.

Estamos novamente en Vigo, pero fago constar que tódolos documentos aquí citados forman parte dos protocolos do escribán, Juan Antonio Vieyetz, que o mesmo traballaba en Baiona que en Vigo. Tropezámonos agora cun fato de galegos, todos eles da mesma zona, que, procedentes de Lisboa, foron apresados xunto co barco no que viaxaban en calidade de pasaxeiros. Vexamos a relación: Antonio do Pazo, veciño de San Adrián de Calvos, Francisco Míguez e Juan Antonio Barral, de San Paio de Moscoso, José do Campo e Antonio Sobral, de San Salvador de Soutomaior, José de Barros, Baltasar Ricón, Benito Blanco e José Pérez, todos eles de Santa María do Viso, e Miguel González, de San Pedro de Gaxate, localidade esta do partido da Lama, sendo as anteriores do de Redondela.

Todos os citados fan constar, o 8 de xuño de 1822, que o barco no que viñan, unha rasca portuguesa chamada “La Concepción” (“A Conceição”, supoño), foi abordado por unha lancha armada española, capitaneada polo francés Docoing, quen os roubou e trouxo ata este porto de Baiona. Engaden que procedían de Lisboa, onde andaban a traballar para gañar a vida e que agora están todos eles detidos en Baiona, sen poder encamiñarse ás súas casas e familias e “gastando lo que no tienen”.

Como vimos de ver, o corso era unha actividade legal, pero neste tipo de traballos era moi doado rozar e ultrapasar a legalidade, chegando a atacar barcos que eran inimigos, cando zarparan, pero de países cos que, nese medio tempo, se fixeran as paces, sen que o corsario tivera noticia. Obviamente tamén se daban os casos contrarios: deixar seguir rumbo a un inimigo, porque non había coñecemento de que se tivera feito unha declaración de guerra a ese país. A vida no mar era un constante temor, non só aos elementos, senón a toda canta vela se vía no horizonte. E estes pobres veciños nosos viñan de traballar duro de Lisboa e, posiblemente, de escoitar e sufrir frases delicadas, do tipo de “Três galegos não fazem um home, não sendo para comer” e, cando veñen cos seus aforros para a Terra, son asaltados, roubados e presos por un barco español, mandado por un francés, polo único delito de facer a navegación nun barco portugués.

A.H.P.Pontevedra. Protocolos de Juan Antonio Vieyetz. Caixas 2964, 2967 e 2968.




EN TEMPORADA:  
Caza  
Lamprea  
Angulas  
AMPLIA CARTA

Restaurante


**Casa Dora**

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN






Isla de Salure, Inoro e Vionte no mapa de Pedro Texeira



“confirmamus quoque omnes insulas que sunt infra mare, quas pater noster dominus Adefonsus rex per testamentum concessit Sancto Loco uestro, id est: Aones, Framio, **Saluare**, Arauza, Sias et Tanao, cum ecclesiis et prestationibus aearumdem. Item et uillam Noaliam in Saliniense cum suis hominibus ibi habitantibus per omnes suos terminos anticos, et cum suis salinis et pumare in Cornato”. A *Historia Compostelana* (1015) menciónaa de novo como unha das posesións do bispo de Compostela: “ad insulas namque, que prope sunt, scilicet Flamiam, Aonios, **Saluaram**, Aroucam, Creuiam, Montemque Lauros cursus destinates ibi sedem sua figebant, ibique se ipsos nauesque suas ab itineris labore recifiebant”.



Isla Salure no mapa de Lucini de 1646

Parece que o cartógrafo xenovés Pietro Vesconte, no 1330, debuxou na boca da ría a illa de *Salua*, primeira vez que Sálvora aparecería sinalada nun mapa. No mapa de Ojea (1603) non aparece Sálvora.

Pedro Texeira (1634) debuxa o montuoso perfil da *Isla de Salure*, con dous altos penedos. Tamén debuxa *Inoro* (Noro) e *Vionte* (Vionta) e *Elgrove* xa é unha península. Despois de Texeira repítese *Salure* nos mapas de Lucini (1646), no de Theunisz (1666), no *Le Neptune* (1693) e no mapa de Nicolas de Fer (1703).

Como *Salure* o *Salícora* aparece no mapa de Cantelli de Vignola (1696). Como *Salicora* aparece, entre outros, nos mapas de Abbeville (1652), de Wit (1672), de Jaillot (1695), e de Robert de Vaugondy (1749), abundando na pretensión etimolóxica de ser Sálvora a “illa do sal”. Hocquart Vosgien (1817) tamén recolle *Salícora*: “*Salicora. Cisae. Ile d’Espagne, sur la côte de Galice, dans l’Ocean, à l’embouchure de la rivière de Roso, à 15 l. de Saint Jacques de Compostelle*”.


Tamén, como parece lerse no mapa de Abbeville, puidera ser *Salicera*, a máis saída ou asomada de todas as illas da ría de Arousa.

En documentos do século XVII anótase *Sálvora*, e Martiño Sarmiento (1745) e Cornide Saavedra (1764), que camiñaron o litoral do Barbanza, recollen como nome da illa *Sárbor*a. Pascual Madoz dálle como nome *Salura*.

Afín ao de Sálvora é o nome de ‘Salvareiros’, cala e punta situada no beira oeste da illa, entre a punta do Curro e a punta da Cova. Tamén atopamos, fóra da illa, o bancal de Sálvores, na enseada de Meloxo, e a medio cable ao sur deste bancal está a Touza das Sálvores, tamén chamadas Touzas Salvadores.



Islas Salures o Salicora no mapa de Cantelli de Vignola de 1696



Costa de Sálvora. En *Derrotero de las costas de España y Portugal*, 1915

## As Gralleiras

As Gralleiras, enorme rochedo con pedras de formas pintorescas, son o cumio da illa, con dous curutos, o máis alto de 71 m, onde radica un piar de cemento que serve de vértice xeodésico (42° 28' 10" lat. N, 9° 00' 48" lonx. O).

Literalmente, as gralleiras son o lugar onde hai grallas ou pequenos corvos (*corvus monedula*), aínda que este nome ben pode ser metafórico. As Gralleiras é un topónimo do mesmo tipo que a Aguieira, a Falcoeira e o Milreu, todos lugares destacados pola altura. A ría de Arousa ábrese dende a punta Falcoeiro en Aguiño ata o con d' Aguieira no Grove. Entre ambas, Sálvora, e nela dúas alturas, As Gralleiras e O Milreu. Falcón, aguia, gralla e merlo (ou esmerillón), catro aves, sinalan os altos da boca da ría.

O corvo está na orixe de cronos, do tempo, por iso os corvos ou grallas que presiden a illa son a imaxe dese tempo longo e devorador que é o máis propio da illa.

A vertente d'As Gralleiras orientada ao SO coñécese como as Cabras de Sálvora, e alí están o Alto das Cabras e o Curro das Cabras, onde a dicir de Cipriana Oujo "había tamén soldados" no tempo en que a illa foi base militar. Nesta encosta consérvanse muros que forman curros como para reter o gando, cabras quizais noutro tempo, ou tamén cabalos, ou quizais meros parapetos. A referencia ás cabras pode ser un tropo polo tortuoso do relevo, que na parte do mar fai ferver a auga e non permite achegarse.

## O Milreu

En Sálvora o Milreu é a segunda altura, 34 m, unha penedía xunto ao vello camiño que vai da aldea á Area de Bois, hoxe rodeada de abruñeiros e hedreiras e que forma un interesante abrigo natural cun magnífico panorama sobre a illa e o seu mar.

Dise que o nome Milreu ven de 'mil regos', e para outros quizais veña de 'millareu', que é un campo plantado de millo, e puidera ser tamén que o nome Milreu veña de 'melro', e sería o lugar onde aniña ou canta este paxaro.

Augusto Soares d'Azevedo Barbosa de Pinho Leal, no seu monumental e estupendo *Portugal Antigo e Moderno. Dicionario geographico...* (1873), explica que 'milreu' é como se chamaba aos estranxeiros de paso que armaban abrigos provisionais, choupanas ou baiucas, fóra das murallas. Terían ese nome por residir estacionalmente, como o merlo. Cito a don Augusto:

*"Milreu, Mirleu, Mirlau, Milrreu e Milireu—portuguez antigo— de todos estes modos se escribía esta palabra, que parece nada mais significar do que francez, ou estrangeiro, coisa de França ou estrangeira. É certo que no principio da monarchia portugueza vieram a este reino muitos estrangeiros, principalmente de França, os quaes, feita a sua veniága, ou se domiciliaban aquí, ou regressavam ás suas terras; mas emquanto aquí estavam, precisavam de hospitaes ou albergarias em que se recolhessem e curassem. Em muitas partes tiveram estas casas de abrigo, e aos sitios onde ellas estiveram ainda se dá o nome de Milheu, Mileu, Milreu ou Mirleu."*

Logo de dar varios exemplos, (a antiga *Matta de Mirlaus* en Coimbra, a *Fonte de Mirleu*, a albergaría de *Mirleu*) esclarece a etimoloxía con precisión ornitolóxica:

O Milreu visto dende Zafra



“Suppõe-se que os portugueses dos principios da monarchia davam aos francezes o nome de mirleus, derivado do allemão mirle ou schmirling, uma especie de açôr de grandeza de un merlo, ou pouco maior, ao que nos chamamos esmerilhão (Outros dizem que é o a que hoje se dá o nome de francêlho, que vem a ser synonymo de mirleu-francez.). Estas aves de rapina são naturaes da Suecia e da Noruega, e arribam para a península hispanica, no principio do inverno, e se vão com elle.”

Aquí coñécese como esmerillón (*Falco columbarius*), en castelán *esmerenjón*, é o máis pequeno dos falcóns e efectivamente non cría na península e só pode verse no inverno.

Mirleu non é un topónimo moi repetido nos catálogos. Na Coruña hai outro Milreu en San Vicente das Fervenzas, no concello de Aranga. En Portugal está o Forte do Milreu en Ericeira, concello de Mafra, e está no Algarve o importante sitio romano do Milreu, no concello de Faro.

## O Almacén

A praia do Almacén é a praia á dereita da praia do Castelo, raianas unha coa outra nas rochas onde pousa a serea.

O antigo almacén dise que foi fundado en 1770 polo comerciante coruñés Jerónimo de Hijosa, na praia do fondeadoiro, e que estableceu así a primeira industria de salgadura da ría. Esta información repítese en varias obras, a partir do despacho rexio de 1770 recollido por Meijide Pardo (1967), que informa que “se ha de permitir a Hijosa la cura y salazón de dichos pescados en las islas despobladas de Bayona, Ons y Sálvora, y el de fabricar en ellas las chozas y barracas que sean necesarias para la custodia de los aparejos, utensilios y abrigo de los individuos que se ocupen de la pesca”. Meijide fala da fundación de tinglados pesqueiros en

Ribeira, Porto do Son e Bueu, pero non menciona máis as illas. García Bayón (1986) dice “*Jerónimo de Hijosa, inició en Sálvora... dirigida por técnicos franceses y de Terranova, una industria de cecial, de pescado salado y secado que negociaba por los caminos de España. Pero, años más tarde, los rigores del aislamiento le aconsejaron trasladar las factorías a Riveira y Porto do Son*”. Quizais fose así, aínda que non atopei evidencias de que así fose nin de que a tal factoría de Sálvora entrase nunca en funcionamento. É probábel, como suxire Agustín Fernández Oujo (1972), que a construción e o inicio da actividade fosen cousa de Ruperto Otero Vilariño, despois do ano 1834.

Atendendo ao informe de 1837 para instalar unha factoría na praia de Figueiras das veciñas Cíes, “*para poder fabricar un almacén ... necesítase establecer unha colonia que non debe baixar de 12 a 16 persoas*”, colonia que demandaría tamén terras de labradío para sustento e aumento da colonia. O almacén probablemente estaría provisto de comestibles, viño, tabaco e outros artigos para aprovisionar ás lanchas de pesca e a outras embarcacións. A razón do establecemento dunha factoría en Sálvora tería que ver coa busca de novos caladoiros polo esgotamento dos do interior da ría polo uso das redes de arrastre, aínda que para González Zúñiga (1850) tamén se procuraba subtraerse da vixilancia do resguardo do sal e poder introducir con menor risco e de contrabando sal portugués a un prezo menor que o imposto pola administración do estanco do sal. A actividade contrabandista completábase co embarque ilegal cara a América.

A orixinal estrutura rectangular da fábrica ten hoxe engadidas dúas torres cadradas que aproveitan pedras do vello faro e de hórreos desvestidos na aldea. Como ornato paxego dispuxéronse falsas ameas e algunhas labras no acceso principal: un escudo dos Otero, dous perpiaños escritos, unha labra e un



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Delegación Provincial PONTEVEDRA

feble debuxo coa cruz de Malta, e unha pequena estatua da Virxe co Neno. Tamén instalaron un vello canón de ferro, un grupo de mesas feitas cos esteos e tornarratos dos hórreos desarmados, e completouse o arranxo coa instalación dun cruceiro e a plantación de carpobrotus ou unlla de gato traída do faro. Esta unlla de gato de bela flor, co tempo amosouse como moi invasora, cubrindo as dunas e afogando as armerias no seu hábitat, polo que está sendo erradicada da illa.

Tamén se instalou nas rochas da praia unha escultura. A inscrición na base reza: *“La sirena de Sálvora / tuvo amores con un caballero romano / naufragado en la isla. / Nació un niño que se llamó Mariño. / Un descendiente, Joaquín Otero Goyanes / marqués de Revilla, mediante esta / obra quiso perpetuar su memoria. / Lo ejecutó el notable escultor de / Burgos Ismael Ortega Martín. 1968”*.

A taberna, lugar de encontro dos mariñeiros, logo do abandono da illa foi reconvertida en capela ofrecida a Santa Catalina, padroeira coa roda da industria que non outorgou a illa a prosperidade e fortuna que dela se esperaba.

## A Aldea de Sálvora

Hoxe, amais do faro e o almacén, non quedan restos de máis asentamentos que a Aldea. Parece que ao pé da fonte houbo en tempos unha telleira, unha factoría de tellas, con algunha casa veciña (nunha naceu a nai de Xosé de Couso). O Exército, no tempo que ocupou a illa, levantou campamentos en distintos lugares, como no Curro das Cabras. Quizais o Milreu foi utilizado dende antes como abrigo de pescadores ou pastores. Os dous muíños, de pequena dimensión, usábanse ocasionalmente.

A Aldea de Sálvora, pois non ten outro nome, revela o carácter de colonia da súa fundación, amais da disposición das casas, ordenadamente situadas ao redor do patio cruzado polo camiño. Cando foi abandonada moraban nela uns 50 habitantes de sete familias, coñecidas polos nomes de Pedro, Prudencia, Saturno, Cordas, Caneda, Xorda e Benito. A aldea pertenceu ata 1959 á parroquia de San Paio de Carreira, para logo pasar á parroquia de N<sup>a</sup> S<sup>a</sup> do Carme de Aguiño.

O aspecto actual da aldea probablemente responde á reforma feita en 1962, logo de que a familia Otero recuperase a propiedade da illa. Nese ano alumeou a luz eléctrica na illa, mediante uns xeradores que daban luz á casa dos señores, no antigo almacén reformado, e á aldea. Na aldea hoxe consérvanse 8 hórreos, e outros que puido haber e que foron desvestidos para aproveitar os perpiaños na ampliación do antigo almacén. Pouco antes do abandono da illa trouxeron un tractor e construíronse (dín que a cargo do Estado) as modernas cortes,

pero non se chegaron a ocupar. Na entrada, gravados no cemento, vese a cifra 1972.

Na entrada da aldea hai un lavadoiro de pedra, e no outeiro inmediato hai un alxibe de cemento entre as penas. Hai dous camiños principais na illa, o que leva do peirao ao faro, de grava e alcatrán, e o camiño que vai do peirao, atravesando a aldea, ata o pé do Milreu, acceso á Area de Bois e Zafra. Este último camiño conserva partes empedradas, amuradas e sinaladas con marcos e fitas. O último treito, pasada a aldea, hoxe está cuberto polos abruñeiros e é intransitábel. Nos últimos anos abriuse un camiño alternativo que vai da aldea á praia da Aldea cruzando vellos campos.

## A Fonte da Telleira

As fontes principais de Sálvora son tres: a da Telleira ou de Santa Catalina; a fonte, que tamén chaman río, da Aldea, que verte no lavadoiro e onde se recollía auga en sellas; e a fonte que abastece o alxibe do Faro.

A fonte da Telleira chamouse así pola factoría de tellas que alá houbo en algún tempo. Asegura Xosé Caneda que en tempos viñan por temporadas oleiros portugueses facer cacharros. Alí houbo algunhas casas, e nunha delas relata Xosé de Couso que naceu a súa nai. Hoxe está todo arruinado e cuberto polas silvas.

A fonte, actualmente de catro canos, con frecuencia seca no verao. Foi construída con perpiaños do faro vello recuperados polo pai de Caneda. Aos lados ten fincados dous banzos da escada de caracol da vella torre, e outras pedras presentan marcas de uso anterior, como a curiosa pedra de asento da maquinaria de rotación do farol que coroa a fonte. Otero Goyanes mandou labrar:

ANNO MDCXII  
LAUS DEO  
FONTE-DE-SANTA CATALINA  
AGUA-VIRTUOSA  
DA-SALUD  
Y  
FUERZA

A data non é veraz, probabelmente querían escribir MCMLXII.

Conta unha lenda que xunto á fonte hai unha cova que chaman dos Encantos, ou de Santa Catalina, e que ten a outra entrada en Aguiño. Polo que parece, a santa Catalina viña fuxindo dunha persecución e conseguiu cruzar o mar por este túnel, saíndo preto da fonte e bebendo da súa auga para

## ACTIVIDADES “Pineiróns”

Agradecemento á:



ILMO. AYUNTAMIENTO DE MARÍN  
ILMO. CONCELLO DE MARÍN

CONCELLERIA DE CULTURA

refacerse. Álvarez Limeses (1929) conta: “*Una vez, para saber adonde iba a parar dicha cueva, se introdujeron un perro y una cabra. Estos aparecieron poco después en términos de Carreira. En cambio un gallo, al que dieron suelta, no volvió a verse*”. Fernández Soutullo (2003) pola súa banda recolle que “*a cova da Virxe enlazaría coa cova de Salvareiros que se sitúa na parte oeste da illa*”. García Bayón dá a súa versión, máis literaria (1986): “*Esta cueva tiene comunicación al través del mar con otras tierras, y sus puertas están custodiadas por mouros. En los días de marusía canta un gallo y aúlla un perro como restos perdidos de una desconocida ciudad devorada por las aguas.*”

## Zafra

O nome refírese, quizais, ás dúas zafras ou balsas de auga para regar os campos de millo e centeo no norte da illa, que desaugan por unhas canles nun riacho ou desaugadoiro, un *zafareche*, case sempre seco que se abre entre as dunas até a praia chamada de Zafra. Unha das zafras ten as paredes feitas con perpiaños de pedra.

Nos dicionarios galegos non se cita este vocábulo. Para o castelán, o *Diccionario* da RAE recolle ‘*zafareche*’. En catalán é de uso común a voz ‘*safareix*’, de probábel orixe árabe (*saharij*), co significado de alberca ou estanque e, máis domesticamente, lavadeiro.

As zafras e as canles, aínda visíbeis, permitían cultivar cereal, que cando se podía cruzar o mar os veciños ían moer a Castiñeiras, en dornas. Os muíños de Sálvora utilizábanse

ocasionalmente, cando o mal tempo impedía ir a terra. Son dous, un nas inmediacións do faro, entre Besugueiros e Brisán e outro, arruinado, na punta do Muíño, a seguir á praia do Almacén. O primeiro é de construción simple, uns metros de levada antes dun cuarto de paredes de pedra e hoxe sen teito. Non se ven as moas, cabe supor que as levaron cando a reforma do almacén.

## O faro


En 1852 rematouse o primeiro farol, o faro vello, de Sálvora. Logo da expropiación da illa polo Estado, no 1904, iniciouse a construción dunha nova torre, pero o novo farol só entrou en funcionamento o 5 de decembro de 1921, demasiado tarde para o *Santa Isabel*, situado a 42°27’51” de lonxitude norte e 9°0’47” de latitude oeste. Dous anos despois dinamitáronse algúns penedos que interceptaban a luz do lado de Corrubedo. En xaneiro de 1926 instalouse o radiofaro. O 17 de setembro de 1936, anota José Valentí no *Libro de Órdenes* do faro: “*Visito el radiofaro y la instalación transmisora Standard, en compañía del ayudante encargado del servicio don Calixto Posadas, y por orden de la comandancia militar de Villagarcía retiro un manipulador y diez platillos del transmisor del radiofaro Telefunken dejándolo inutilizado y asimismo cuatro osciladoras, un micrófono y seis lámparas del transmisor Stándard, que queda asimismo inutilizada*”.

En 1954 iniciáronse obras no faro, coa instalación de grupos electrógenos e baterías e a construción do almacén e da balaustrada que pecha o patio. En 1962 fixéronse novas

O faro vello en 1945, antes da demolición



Patio do faro novo en xuño de 1942. No 1954 iniciaron as obras de ampliación



obras de reforma do faro, pero entre 1965 e 1970, como sinala o *Libro de Órdenes*, atopábase en “deficiente estado de conservación y limpeza”. O 19 de maio de 1970 o mesmo *Libro de Órdenes* recolle: “se ordena asimismo la limpeza del terreno que rodea el faro, utilizando los escombros que se encuentran depositados en esta zona y aportar tierra vegetal en una faja de dos metros de anchura para efectuar una plantación de ‘diente de león’ (quere dicir ‘unlla de gato’ ou carpobrotus). O heliporto contiguo foi habilitado en agosto de 1983.

A poucos metros do faro vello, do que só queda un cuarto e unhas escadas de cemento, hai unha lauda conmemorativa que estivo rematada por unha cruz. A lápida di:

“Al joven don Carlos Verdier y Escobar, agregado que desapareció en el naufragio del vapor Santa Isabel y a la memoria de las demás desgraciadas víctimas de dicho siniestro, ocurrido en estas aguas, en la madrugada del 2 enero 1921. Dedicamos este recuerdo los desconsolados padres de Carlitos. Cádiz 27 julio 1921”.

Ao rente del, a menos de 200 metros ao SO da lauda, ferve o mar no con de Pegar, de Lapegar, de Lapagar, de Paghar ou de Lapaghar. Dionisio Pereira chámalle “o Con de Lapagar”, e Fernández Rei fala dos “baixos da Paghar”. Veciño del está A Filla da Pegar, onde din que bateu o *Santa Isabel*, e xa máis pequeno e pegadiño á costa está o Con da Pegariña.

## Os nomes da costa


**Bade.** A cala de Bade e o con de Bade están na costa sueste, encarados a San Vicente do Grove, onde hai outro ‘con de Bade’ do que podería tomar o nome por proximidade e aliñamento. Quizais sexa este ‘bade’ un ‘vade’ ou ‘vao’, un paso practicábel, por onde se pode pasar. Algúns pronuncian ou escriben ‘con do Abade’, ‘Conde Bade’ ‘con de Balde’ e ‘Condabade’. Caridad Arias (2006) asegura que Candabade ten a súa orixe no nome bitemático celta *Canta-batus,-i*. *Cand* ou *cant* sería un adxectivo relacionado con cándido ou branco, e *Bato* sería unha divindade solar, identificada con Apolo ou con Marte.

**Barro.** “Punta de la que se desprende una restinga en la Volta de Roque”, anota Rodríguez Rodríguez (1976) que tamén apunta que a Copa do Barro é unha pena próxima, na costa sudoeste. A Cova do Barro é moi abrupta, e o mar deposita nela moito lixo e barro. Cerquiña parece que hai unha mina de onde retiraban o barro para servir na telleira.

**Besugueiros.** Punta sur da illa e enseada entre a punta Besugueiros e a punta Pirula, onde fondean os barcos cando andan ás nasas e ás agullas. Puidera ser que alí se pescase “besugo” ou ollomol, que son peixes que “viven en fondos de lodo e cascallo preto de cantís penedosos”.

**Bois.** A punta e a area ou praia de Bois, ou Bois de Sálvora, no nordeste da illa, era, segundo o señor Caneda, o lugar onde levaban os bois para domalos, pois na area da praia era máis

Barcos en Brisán



fácil sometelos. Podería ser tamén causa do nome un par de pedras xuntas que velen sempre. Nesta praia varaban as dornas da aldea.

**Brisán.** No sueste da illa, a punta e as laxes de Brisán prolongan a punta do mesmo nome, e son abrigo de barcos naseiros. O nome quizais veña de 'brizál', campo de brizo ou labaza, a *Angelica pachycarpa*, umbelífera de grande porte que se ve favorecida polas terras fondas e ben nutridas dos cantís, e que relacionan coas colonias de cría de gaivotas.

**O Carrapitel.** No oeste da illa, a Touza de Carrapita ou Carrapitel "*es un bajo pedregoso... dos cables de la Volta de Roque, sonda 0'7 junto a un veril de 14*". Hai Carrapitel de Terra e Carrapitel de Fóra. Din que alí o fondo non é de granito, senón de lousa.

**Castelo.** No extremo da praia do Castelo está a punta do Castelo, unha insua de penedos (17 m) parcialmente explanada para a ampliación do peirao. Á dereita da praia do Castelo está a praia do Almacén, raianas unha coa outra nas rochas onde pousa a serea. O Castelo tamén é o nome dunha altura (62 m) ao norte de Aguiño. O nome vén dado polo aspecto impenetrábel que aqueles frontóns de pedra ofrecen dende o mar, como un castelo que velase a inmediata praia.

**Figueiriño.** A punta Figueiriño está entre a punta do Castelo e a punta de Brisán. O nome vén de figueira, unha das poucas árbores que resisten o clima da illa. As da aldea aínda hoxe ven madurar os figos, e no areal anterior a cala Figueiriño vese unha de moito diámetro e pouca altura debaixo da que, din, están enterrados os corpos de cinco homes aparecidos na praia. En 1993 naufragou o pesqueiro *Nuevo Torre de Likona* e os seus restos acabaron na punta Figueiriño.

**Gaiteiro da Escala.** Segundo Xosé Caneda, é un nome humorístico dun lugar de percebes despois de Lontreira, e que ten difícil acceso. Ao parecer ían aló cunha pequena escala para axudarse a subir polas pedras. O de gaiteiro sería unha maneira de chamar ao 'atrevido' que chega alí.

**Galera.** A punta da Galera, entre a praia do Almacén e a punta do Muíño, puidera deber o seu nome a unha galera sarracena alí afundida no século XVII.

**Lagos.** Punta norte da illa, é unha zona onde coa marea baixa se forman grandes cercos de auga que parecen lagos. Por ser unha zona intermareal batida e haber moita rocha partida, é un excelente viveiro de fácil acceso.

**Lontreira.** A Lontreira, ao oeste do faro, é un barranco de grandes pandullos que forman pozas onde desauga un manancial de auga doce. O lugar é frecuentado polas lontras, que en tempos se cazaban para comer. A carne din que é saborosa, aínda que ten gusto de peixe e cheiro bravún.

**Pernaprada.** Nome dos prados inmediatos á aldea. Xosé Parada chámalle 'Perna de Prado' (Fernández Pazos 1998). Quizais signifique '*perenne prada*', ou prado permanente, lembrando que a Sálvora levaban pastar o gando dende Carreira.

**Pirlos.** Os pirlos, ou pirulas, en castelán *correlimos*, familia *calidris*, son aves limícolas que frecuentan os areais en bandadas de vistoso voo. A punta dos Pirlos é efectivamente hábitat de pirlos e píllaras. Tamén era, na flota do cerco, o nome da última das embarcacións, un bote de catro remos destinado a servizos auxiliares, quizais chamada así por ser pequena e 'voar' da area ao cerco.


**Pirula.** A touza e a punta Pirula ou punta de Pirulas, no sur da illa, entre Besugueiros e con de Bade. Quizais o nome é unha corrección de 'pirola', por ser a máis asomada, ou de 'pirla', o *Charadrius alexandrinus*.


**Salgueiriño.** Punta entre Brisán e con de Bade. Os salgueiros son árbore frecuente na illa.

**Salvareiros ou Salvoreiros.** Cala e punta na costa oeste, entre a punta das Cabras e a punta da Cova.

**Volta de Roque.** Rochedo da costa oeste entre a Cova do Barro e a punta da Volta no que a costa fai unha 'volta', seno ou arco.

Cala e punta de Salvareiros





## ONS: PROPIEDAD - ADMINISTRACIONES - VECIÑOS "INTERPRETACIÓN DALGÚNS DOCUMENTOS" (I)

Por: Celestino Pardellas de Blas

### INTRODUCCIÓN

O tema da *propiedade* persegue á Illa de Ons dende que saíron á luz os primeiros documentos escritos alá polo ano 899.

Ao longo dos séculos xorden cambios na propiedade, foro, conflitos xurídicos, vendas, expropiacións, cambios de xestores ou de administración,... e, dende hai douscentos anos, existe un problema veciñal que chega ata hoxe, conflito ao que ningunha *administración* foi quen de buscar solucións axeitadas, que foran perfectamente documentadas e, sobre todo, legais.

Os actuais *veciños* son a "cabeza de turco" do mal facer dos políticos e da administración en xeral pois, os seus devanceiros, chegaron a Ons como traballadores e ata posibles propietarios nalgúns casos; logo pasaron a ser arrendatarios; máis tarde os consideran colonos; despois expropiados e, dende hai 68 anos, están en situación de indefinición, é dicir, son o que a administración ou políticos lle conveña que sexan.

Hai documentos que poden acreditar todo isto, vou a intentar poñer ao alcance de quen lle interese algúns deles que o testemuñan, ou polo menos, así o interpreto eu.

### PRIMEIROS DATOS SOBRE A PROPIEDAD

Ata o ano 1954, non tiñamos ningún traballo exclusivo, minimamente documentado, sobre a Illa de Ons. Neste ano Salustiano Portela Pazos<sup>1</sup>, saca á luz a primeira publicación que fala sobre Ons dende un punto de vista documental.

Anteriormente, só contabamos cos datos etnográficos que Álvaro das Casas<sup>2</sup> publicaba na revista Nós sobre o observado,

na súa estancia de 10 días na Illa (do 13 ao 23 de xuño de 1932), xunto ao seu amigo o fareiro Antón Bruno. Neste pequeno traballo, Álvaro das Casas, é capaz de relatar o mundo social, espiritual e festivo desta comunidade nuns anos que, sen a axuda dunha persoa ben relacionada na Illa, non sería capaz de realizar por ser unha comunidade moi pechada cara ao que xurdira do exterior do seu illado mundo.

Atopámonos no ano 1954 e é, sen ter en conta pequenas notas xeográficas, algunha reportaxe,..., e ren máis, cando xorde un investigador que realiza un primeiro traballo a modo de apuntes sobre Ons, baseado na documentación na que previamente pescudara. Neses apuntes afirma: "**Alfonso III, el Magno, con motivo de la solemne consagración**

**del templo catedralicio compostelano, que él había mandado edificar en torno al sepulcro romano del Apóstol Santiago, en sustitución del de Alfonso II, el Casto, y al cual personalmente asistió el 1 de mayo del año 899, hizo donación perpetua al Cabildo, entre otras más, de la <<isla Aones>> (Ons), con la iglesia de San Martín...**"

Salustiano, parece ser que despois foi confirmada esa doazón por privilexios de Ordoño II (911), Ramiro II (932) e Afonso V (1019) datos

sacados do: "**Tumbo A, fols. 21 y 22. <<...et insulas de Vllia as Mineum infra mare...ordinamus... omnia...permaneant integra,intemerata et firma.>>.**"

Estamos entón ante o primeiro dato sobre a propiedade da Illa de Ons, que non é posto en cuestión ata o ano 2007 cando Xosé M. Pereira Fernández<sup>3</sup>, conta que: "**No ano 899, Alfonso III, xunto a outras illas, doa a de Ons ao Apóstolo Santiago, máis en concreto ao seu altar, non**

Edificio do Archivo Histórico Diocesano.  
Santiago de Compostela



<sup>1</sup> Salustiano Portela Pazos. "Apuntes para la Historia de la Isla de Ons". Cuadernos de Estudios Gallegos. Tomo XXVII. Santiago de Compostela 1954.

<sup>2</sup> Álvaro das Casas. "A Illa de Ons". Revista Nós. Tomo 11. Santiago de Compostela 1934.

<sup>3</sup> Xosé Manuel Pereira Fernández. "A propiedade da Illa de Ons: Unha aproximación de urxencia". Revista AUNIOS nº12. Páxs. 2-6. 2007, segundo a información que lle indicou Fernando López Alsina.

aparecendo en ningunha pasaxe do documento o termo cabido, canónigo ou canóniga...e nos documentos de 911, 932 e 1039 onde se clarexan os dereitos da Igrexa de Santiago sobre as súas posesións..., tampouco aparece neses documentos a máis mínima referencia aos termos cabido, canónigo nin canóniga...”.

Polo citado, xa fora dun xeito ou doutro, o certo é que a Illa de Ons chegado o século XVI pertencía ao arcebispado.

Aquí, como xa se tocou noutro número desta revista<sup>4</sup>, habería que investigar máis profundamente sobre estas doazóns e se un feudo perpetuo pode, nalgún outro momento, pasar a outras mans e en que condicións, xa que pode estar repercutindo na problemática propiedade actual.

## DOS SÉCULOS XVI ao XIX

Hai dúbidas sobre si Ons estivo habitada anteriormente a este século, o que si é seguro é que, de estalo, sufriu un sen fin de incursións marítimas como a do danés Ulfo, os sarracenos,...., polo que supoñemos tivo que ser deshabitada en numerosas ocasións, quedando despoboad a mediados do século XVI. Tampouco hai que esquecerse das palabras de Hipólito de Sa, cando fala de que a partires do século XV monxes ermitáns retirábanse ás soidades das illas. O que si, segundo as Visitas Pastorais Ons no século XVI era un ente poboacional consolidado como parroquia.

Salustiano Portela narra que: “... en los comienzos del siglo XVI, la señorial casa de Montenegro considerábase dueña de la mencionada isla... por un <convenio verbal> fechado en día 23 de septiembre del año 1520... según el cual Pedro Carnero... aceptó, en división de herencia, la cuarta parte de la isla de Ons...”.

Con respecto a esta posesión moitas dúbidas deberían existir sobre a súa legalidade xa que se viron obrigados a realizar unha <concordia> no ano 1562. Segundo o Foro no que Xosé M. Pereira pescudou no Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela (AHDSC), os irmáns Luís de Montenegro e Antonio Sarmiento de Montenegro asinan unha concordia onde: “...argumentan que tiñan e posuían a illa de Ons usando da súa xurisdicción civil e criminal, ao tempo que se aproveitaban dos froitos producidos e rendas xeradas como antes o fixeran o seu pai Paio Sorred, o seu avó Lopo Montenegro e o seu bisavó Tristán de Montenegro...” .

Na mesma documentación contan as diferenzas que tiveran co arcebispo, e que xa non querían seguir con esas loitas e declaraban: “...ser todo ello y aber sido senpre de la dicha Sancta Yglesia de señor Santiago e perlados que della an sido y de su mesa Arçobispal”. Chegando

tamén a dicir que: “... no caso de que algún dereito puidera pertencerlles renunciaban ao mesmo, cedéndoo e traspasándoo < en la dicha Sancta Yglesia de señor Santiago y en dicho ylustísimo señor Arçobispo y en sus subçesores perlados que da la dicha sancta Yglesia fueren dende agora para en todo tiempo de siempre jamas>”<sup>5</sup>.

Sen embargo, dous días despois Sebastián Carrizo no nome do Prelado en virtude do poder que lle dá o arcebispo concedeu en <feudo perpetuo> a Illa de Ons a don Antonio Sarmiento de Montenegro, recoñecendo este que a propiedade da Illa e do arcebispo. Tamén se comprometían a pagar todos os anos a cantidade de dez ducados.

Aquí temos unha situación clara. Pola documentación consultada e exposta con todo luxo de detalles polos investigadores Salustiano Portela Pazos e Xosé Manuel Pereira Fernández, o **PROPIETARIO** da Illa de Ons é o **ARCEBISPADO**, a **familia Montenegro** está como **FOREIRA** e que esta situación vai durar sen ningún problema aparente, ou polo menos sen saír á luz, ata principios do século XIX.



Antes de entrar a analizar o sucedido a partires do século XIX convén sacar algúns parágrafos contidos no susodito: “Foro Zenso perpetuo de la Ysla de Ons con sus casas, casares, jurisdicción zivil y criminal toda circundada de mar a favor de Antonio Sarmiento Montenegro por renta de diez ducados”, xa que contén datos moi interesantes, pois o foro inclúe algunhas cláusulas que, de non ser cumpridas, de novo a Illa de Ons recaería sobre o Arcebispo.

As preguntas xorden a eito: ¿Serían cumpridas esas cláusulas antes do ano 1810 en que xorde de novo conflito entre o Arcebispo e os herdeiros da foreira familia

<sup>4</sup> Celestino Pardellas de Blas. “A propiedade da Illa de Ons. O cabido catedralicio”. Aunios nº 7. Páx 2003

<sup>5</sup> Datos sacados da Revista Aunios nº 12. Xosé Manuel Pereira Fernández “A propiedade da Illa de Ons...”. AHDSC, Fondo Xeral, Bens e rendas..., marzo 1.7.15(57).fs.168rº.-172rº.

Montenegro? E se despois dese ano (1810) non foron cumpridas Sería legal todo o sucedido posteriormente con ese foro? ¿A día de hoxe, podería o Arcebispo reclamar como propia a Illa de Ons?...

Nun apartado do foro dise: **“Yten quel dicho Antonio Sarmiento y sus subçesores sean obligados a pagar los diez ducados y a conplir todas las condiçiones deste feuro e las personas que en su nombre usaren la dicha jurdiçion en la dicha Ysla Dons conque si por alguno dellos se dejare de conplir alguna de las condiçiones conque se conçede al dicho Antonio Sarmiento y a sus subçesores caia en comiso y pierda el dicho feudo...”**

Queda claro neste apartado do foro que os sucesores de Antonio Sarmiento deberían cumprir todas as condicións que nel constan e de non facelo perderían dito feudo. Dende 1562 ata 1810. Cumpriríanse as condicións do foro?.

Importante o que, noutro apartado di: **“... yten con condiçion quel dicho Antonio Sarmiento (179vº.)ni ninguno de sus herederos nin subçesores no puedan bender trocar nin henajenar ni traspasar la dicha Ysla Dons ni parte alguna della ni en hella poner bender ni asentar ni consentir nengun trebuto sebidumbre ni pension alguna a ninguna persona ... ni ypotecarlo por ninguna bia ... nin darlo en dote ni arras del muger ni a tutela de menores ...”**.

De tal apartado do foro entendemos que só os sucesores de Antonio Sarmiento Montenegro tiñan dereito a gozar dese foro e de non ser así, terían que devolve-lo ao Arcebispo.

Polo exposto sería interesante pescudar entre a documentación existente si houbo falta nos pagos ou se se cometeu algunha irregularidade entre os anos 1562 – 1810.

## SECULO XIX

Comenta Salustiano Portela que é a partires de este século **“...cuando comienza lo que podemos denominar segunda etapa de la relación de estos apuntes históricos<sup>6</sup>”** e para esta exiguua interpretación de documentos tamén, pois vai ser a partir do ano 1810 cando a Illa de Ons

se poboa de novo e comece unha nova historia onde diferentes administracións e os antepasados dos actuais veciños son auténticos protagonistas.

A comezos do século XIX, aínda que xa dende a primeira metade do XVII, a Illa de Ons estaba despoboad. Segundo podemos sacar do Catastro de Ensenada, había veciños en Ons que facían uso da Illa deixando nela os animais. Tamén parece ser, segundo podemos entresacar de varios documentos, que por estas datas pescadores da costa próxima, sobre todo da zona do Barbanza, achegábanse ata Ons na época de sementeira e cultivaban as súas baleiras terras e que durante as etapas de sementeira e na posterior colleita, chegaban a construír alí cabanas para gorecerse mentres duraban as faenas agrícolas.

No ano 1810, o que poderíamos chamar “cúpula militar”, Junta Provincial de Armamento y Defensa, decide realizar obras de salvagarda contra posibles irrupcións marítimas na Illa de Ons. Puxéronse mans á obra e o primeiro era coñecer o valor das obras, que oscilaba entorn a 400.000 reais, e mirar logo o seu financiamento. Este complicouse, a situación do país por aqueles anos era moi difícil, polo que a realización das obras tornábase escura, pero a persoa que nomearan comisionada, don Salvador López Gil párroco de Sanxenxo, planeou unha idea que parecía idónea. Relata Salustiano Portela: **“...Dividir**

**la parte cultivable de la isla en doscientas parcelas, valorando cada una en 2000 reales, y entregándolas a títulos de <<acciones de primera clase>>, a quienes las pretendiesen”**. Nomearon un encargado e comezou a subscripción.

De novo xorden as preguntas: Cantos dos devanceiros dos actuais veciños mercaron esas accións? O documento que subscribirían pola venda desas accións. Tería algún tipo de cláusula?; Onde se atopará esa documentación? Por algún motivo alguén, posteriormente, puido facela desaparecer?... Máis preguntas poderíamos facernos, pero o certo é que moitas desas accións vendéronse, as obras continuaron e eses veciños asentáronse definitivamente na Illa. Volver a xurdir as preguntas: Esas terras que mercaron como accións, son as que ocuparon para construír as súas casas?; Os terreos que os seus fillos herdaron e que posteriormente dividiron para darlle aos seus respectivos fillos ao formar unha nova familia, son os que hoxe as diferentes administracións queren quitar aos descendentes de aqueles accionistas?... Cantas

Cultivos no Barrio de Pereiró. Illa de Ons




<sup>6</sup>Salustiano Portela Pazos “Apuntes para la historia de la Isla de Ons”. Páx. 50

preguntas sen resposta; A quen convén que isto non se investigue?...

Que houbo vendas de accións, témolo claro porque as obras comezaron e duraron, polo menos, dous anos aínda que non se chegaron a rematar na súa totalidade. Afirmo Salustiano Portela: **“...por motivos que non se aclaran, quizás por non haberse conseguido reunir todas as accións que se requerían ... o porque tras anos de penuria e inquietud hasta el 1813, las tropas napoleónicas fueran definitivamente expulsadas ... lo cierto es que el intento de fortificación no se terminó...”**

Ante o exposto temos que, moitos dos devanceiros dos veciños actuais, viñeron a Ons a traballar, é dicir, viñeron contratados como traballadores (non colonos); ofrecéronlles a merca de parcelas cultivables e, polo visto, mercaron, co que pasaron a ser posuidores duns terreos que, polo que imos a ver agora, os que, por aquelas datas, eran os “donos” (arcebispado-cabido e familia Montenegro) deron o seu visto e prace á operación da venda de parcelas cultivables en accións.



Restos da fortificación de Curro. Coñecido como o Castelo da Rueda.

## COMEZOS DA FORTIFICACIÓN

Cando a “Junta de Defensa” ve aprobada a súa idea de parcelar parte da Illa e vendela en <accións>, mírase na necesidade de coñecer aos donos desta e saber a súa opinión. Salustiano Portela narrao: **“... mas surgió la necesidad y deseo de saber y poner en claro a quien o quienes correspondían el dominio directo y también el útil de la isla, para ver la manera de afianzar la permanencia en ella...”**.

Chama a atención que neste punto da historia a administración daquela época (1810) puxérase en contacto co cabido catedralicio cando xa levaba como aforada á familia Montenegro dende 1562. Curioso é o xeito da redacción do documento que envían ao cabido: **“... tengo positivas noticias de que corresponde al Ylmo. Cabildo de esa Santa Yglesia Catedral ... como dueño de dichas islas, tome a su cuidado la fortificación y población, o disponga la cesión de terreno en el modo**

**y forma más conveniente y proporcionada a fin tan interesante, y que asegure en lo sucesivo la utilidad de los nuevos pobladores<sup>7</sup>...”**.

O cabido contesta nos seguintes termos. **“... enterado el cabildo...ha determinado reconocer los papeles de su Archivo y por Privilegios y confirmaciones Reales resulta que la Ysla de Ons, en toda propiedad y señorío, corresponde al cabildo...”** . Posteriormente segue dicindo: **“...El cabildo en las actuales circunstancias no se halla en disposición de egecutar obras de fortificación y población ... por los excesivos dispendios y contribuciones sufrido ... pero considerando la utilidad de este establecimiento ... a la defensa de la Patria, accede gustoso en permitir a las personas que lo soliciten y contribuyan a un fin de tanta importancia, con la precisa obligación de que los nuevos pobladores reconozcan el Señorío de ella con un moderado canon...”**.

Con estes datos podemos arriscarnos a sacar a conclusión de que o goberno recoñecía a propiedade do cabido ou arcebispado, e que este aproba a cesión de terreos da Illa a particulares (antepasados dos actuais veciños) e só pide a cambio o pago dun pequeno canon.

Parece ser que tamén neses anos a familia Montenegro se presenta ante a “Junta de Defensa” como propietaria da Illa mostrando toda a documentación da que dispoñían, aínda que non deberon facerlles moito caso xa que, a “Junta” seguiu dirixíndose ao cabido ao que instaba a que: **“... formalizase o foro cun moderado canon ... y haber juntado diversas acciones ... y los que desean ser accionistas no se determinan a realizarlo, por no haberse formalizado el Foro, temiendo que luego se les cargue un canon excesivo ... No es posible concluir, añade la empresa sin más accionistas, y por los mismo es preciso remover obstáculos que impidan adquirirlos ... por cuya razón la Comisión espera que V.S.Y. se sirva fixar un canon moderado ... según que V.S.Y. tiene ofrecido ...”** .

O cabido contestou, despois de realizada unha visita á Illa, dicindo: **“... permisión de cultivo a los accionistas que quisiesen establecerse en ellas ... que los subscriptores reconozcan el Dominio del Cabildo con el moderado canon de medio real por acción y paguen el laudemio señalado por la ley, y que el Comisionado anombre de todos los subscriptores concorra a otorgar la correspondiente escritura...”**

## A PARTIRES DE 1813

Nestes intres e segundo a documentación que expuxemos, (sobre a que loxicamente habería que facer unha máis profunda investigación), sabemos que:

<sup>7</sup> Salustiano Portela. “Apuntes para la historia...”. páx. 52

- A Illa de Ons foi doada á Igrexa de Santiago no ano 899 e ratificada en anos posteriores.

- Que, por algunha rara acción, estivo dirixida por mans particulares entre 1520 e 1562.

- No ano 1562 realízase unha concordia na que, os que a explotaban de xeito irregular, recoñecen que pertence ao Arcebisado.

- Que nese mesmo ano é aforada á Familia Montenegro tendo que cumprir unhas cláusulas.

- Que a finais do século XVII e ata principios do XIX, a Illa atopábase baleira.

- No ano 1810 xorde a necesidade de levar obras de fortificación en Ons e o goberno, daquela, diríxese ao cabido e non aos aforados.

- Por necesidade de financiamento, o goberno, dicíde dividir parte da Illa en parcelas (accións de primeira clase) para que sexan vendidas entre os que se queren asentar na Illa e que viñeran a traballar nas obras de defensa.

- O cabido ou arcebisado, permite dita parcelación poñendo como condición que se recoñeza o dominio do Cabido co pago dun canon de medio real por acción.

- Esixe que se lle outorgue aos subscritores desas accións unha escritura.

Temos, que houbo unha merca de accións entre as persoas que viñeran a traballar e, sabemos, que un dos que posuía máis accións era o que, segundo Salustiano Portela, puido ser o encargado das obras: “... **Pero en Ons continuó un personaje llamado don Francisco Genaro**

**Ángel, que sospechamos había sido como el director de las obras ... y en las cuales y en otras posteriores invirtió, al decir de sus testamentarios en un alegado de 1834, unos cincuenta mil reales...**”

Chegado este punto xorden grandes néboas e, o que podemos considerar, graves irregularidades. Temos uns veciños que adquiriron <accións> e que viven na Illa, temporal ou asiduamente, contratados para as obras de fortificación, traballando as súas terras e construíndo nelas as súas primitivas vivendas; hai outras persoas que traballan nas obras pero que, por medo ao canon que lle pode impoñer o cabido ou por falta de cartos, non adquiriron <accións>, pero viven nas casetas – barracóns que se fixeron ao carón do peirao para os obreiros; e, Francisco Genaro Ángel, persoa que

estamos a considerar como o xefe de obras que, segundo os seus testamentarios, mercara 27 <accións> e que tamén, parece ser, actuaba de administrador da “Junta Provincial de Armamento”.

Como vimos anteriormente, Salustiano Portela relataba que as obras non se chegaran a rematar na súa totalidade, ben porque non se conseguiron os cartos necesarios ou porque xa deixaran de ser un problema as tropas napoleónicas que por vía marítima poderían entrar na costa pontevedresa, pero, tamén segue relatando sobre o administrador: “ **... sigue el don Francisco comportándose cual si fuera el dueño y señor de aquélla, admitiendo vecinos de las parroquias de la costa cercana ... que allí acudieron a roturar el terreno conveniente y aprovecharse del cultivo, mediante el pago de un canon de arriendo, convenido con él, y por él cobrado, sin protestas ni reclamaciones, que sepamos ...**” .


Primeiros puntos escuros que aparecen despois de que a “Junta Provincial de Armamento e Defensa” deixa a fortificación de Ons:

1º.- Supoñemos a uns propietarios que mercaron as <accións> non sabemos quen nin en que cantidade. Tampouco coñecemos se, despois de deixarse as obras, estes seguiron pagando o imposto de un real por <acción> que impuxera o cabido. Non quedou claro quen cobraba dito canon, se a igrexa, a “Junta” ou o administrador.

Si sabemos, polo que podemos entresacar da documentación exposta, que eses antepasados dos actuais veciños traballaban nas obras e, aínda que posuían as súas terras que aproveitaban agricolamente, desprazábanse a terra cada certo tempo, aínda que pouco a pouco foron instalándose na Illa de xeito definitivo e construíndo as súas casas nos terreos que adquiriran coas <accións>.

2º.- Segundo a alegación presentada polos testamentarios de don Francisco, este posuía 27 <accións>. O que non queda claro, e aí poden existir irregularidades, é si, cando seguiu comportándose como se fora o dono e admitindo máis persoas para traballar as terras de Ons, como relata Salustiano Portela<sup>8</sup>, as terras que ofrecía eran as súas (algunhas das 27 <accións>, o que poderíamos ver como “legal” ou, as que ofertaba, eran outras terras illáns que se atopaban sen adxudicar e que non foran adquiridas como <accións> nin por el, nin por outras persoas, o que si sería unha ilegalidade.

<sup>8</sup> Salustiano Portela Pazos. “Apuntes para a Historia da Illa de Ons”. Páx 56



Cultivos na zona de Curro. Enriba da praia de Area dos Cans. Ons

Isto, que non está claro, puido motivar que a mediados do ano 1833 persoas que chegaran á Illa pedisen ao cabido o arrendo ou en foro a Illa de Ons, cousa que debeu confundir ao cabido que de novo, en sesión capitular acordou: **“... que a Corporación catedralicia debía realizar algunos actos que acreditasen el pleno dominio sobre la isla; pero que no estimaba conveniente demandar ni proceder contra los que se habían <intrusado en ella>...”**, polo que o arrendamento que solicitaban varios veciños non se levou a cabo.

De novo xorden as dúbidas e as preguntas emerxen: Quen eran os señores, don Lorenzo M<sup>a</sup> Fraga e Sr. Mascato, que solicitaron dito arrendo? ¿Eran veciños que xa tiñan propiedades <accións> ou eran dos novos vidos da segunda colecta feita por Francisco Genaro Ángel? ...

As dúbidas seguen xurdindo cando uns meses despois algúns dos que traballaban as terras illáns acudiron a S.M. solicitando que: **“... se les mantenga en el goce de las tierras que roturaban a sus espensas... pagando a la Hacienda el canon que se les señale ...”**.

De novo as preguntas: Quen son eses veciños que se dirixen a S.M. pedindo permiso e canon? Como chegaron a instalarse na Illa e sucar as terras?...

Segue a incerteza, pois se foran os veciños donos de <accións> é que non pagaron o canon que lle impuxera o cabido, poderían ter caído nalgún quebrantamento do acordado no intre da merca. Pode ser que, eses cultivadores, sabedores de que os testamentarios de don Francisco cometeran algunha irregularidade á hora de admitir máis veciños e cobros de arrendo non tendo dereito a elo, se dirixiran ao cabido como verdadeiro dono da Illa. ...

O certo é que, a partires deste intre comeza unha serie de litixios, preitos, querelas,...., pola propiedade da Illa de Ons entre o cabido e igrexa de Santiago contra os testamentarios de Francisco Genaro Ángel e, case á vez, contra Joaquina Montenegro Ponte casada con don Javier Martínez Enríquez (Marqués de Valladares).

A situación rematou, con non moi clara documentación, co abandono dos testamentarios de Francisco Genaro que non deberían ter moi definida a súa situación legal e “a favor” do Marqués de Valladares segundo entresacamos do que narra Salustiano Portela<sup>9</sup>: **“... a ley de 7 de marzo de**

**1836 por la cual se declaran en venta todos los bienes raíces, de cualquier clase, que hubiesen pertenecido a comunidades y corporaciones religiosas ... y la del 1 de junio del mismo año ... por la cual todas las propiedades del Clero secular y regular, catedral, colegial y parroquial se declaran bienes nacionales ...”**. Ante tal situación xa non interesaba ao Cabido catedralicio defender, como propios da igrexa, bens que quedaban declarados do Estado.

Seguimos nun mar de dúbidas. O Marqués de Valladares, se verdadeiramente tivera clara a situación, non tería que acudir, como así fixo, a varios cultivadores da Illa (supoñemos que descontentos por algún motivo) para que: **“... suscribiesen una escritura, autorizada por el escribano de Pontevedra don José Casimiro de Santos, el 13 de marzo de 1835, en la que hacían constar que de un tiempo a esta parte pasaron a las islas de Ons y empezaron a roturar terrenos ... sin saber cuyo fuese el verdadero dueño ... pero al saber que el dominio corresponde a la familia Montenegro ... reconocen a estos señores, hijos y subcesores como dueños de las expresadas tierra ...”**. O Marqués só tería que presentar o foro outorgado aos seus antepasados, documentación conforme fixo pago do canon imposto polo arcebispado e que cumpriu con todas as cláusulas que contiña, é de supoñer que iso sería suficiente para, ante a autoridade xudicial que fora, dar conta do aforamento ao seu favor.

Non debería estar a cousa moi clara cando, explica Salustiano Portela: **“... y por más que el alegado derecho de doña Joaquina Montenegro sobre la isla no se presentaba muy claro, ya que, aun pasando por alto que el aforamiento perpetuo otorgado ... a don Antonio Sarmiento Montenegro adolecía, a juicio de la Corporación capitular, de vicio de origen, admitido que a ella correspondiese el dominio de propiedad sobre Ons, quedaba latente el hecho de que ninguno de los sucesores de D. Antonio Sarmiento había satisfecho el canon anual impuesto y aceptado en el contrato de aforo...”**.

Polo exposto, o Marqués de Valladares tivo que buscar apoio en veciños, que ademais admiten na súa alegación que: <non saber quen era o dono>.

Xorden as preguntas: Que lle prometería ou ofrecería a cambio o Marqués a estes veciños, que polo que dín non eran <accionistas>, para que declararan ao seu favor?

<sup>9</sup>Idem. Páxs 62 - 65



**Hemicar, S.L.**

**Pintura al horno  
Bancada de Carrocería**



**TALLERES**

**HEMICAR, S.L.**

**CHAPA - PINTURA - MECÁNICA**

Avda. Médico Ballina, 5  
LÉREZ -PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045  
Móvil: 689 300 438  
Particular: 986 852 525

Poderíamos considerar ao Marqués un dos primeiros caciques galegos? Xa tería en mentes o Marqués o aluguer do que despois se converteu nunha fábrica de salga e prometía montes e moreas aos veciños se declaraban ao seu favor? ... Outro mundo de incógnitas.

## SÉCULO XX

E, sen ter aínda nada claro, entramos no século XX, do que imos a ver, e moi por riba, só os seus primeiros anos nesta primeira entrega, xa que, a propiedade da Illa de Ons actual depende de todos estes datos expostos e pode influír moitísimo no que pasou a partires de 1919.

Temos, de novo, que facer unha pequena recapitulación:

- É manifesto, segundo o exposto, a doazón á igrexa, a ocupación irregular no século XV, a concordia e posterior aforamento a favor da familia Montenegro tendo que cumprir uns requisitos no século XVI.

- Tamén é certo, segundo a documentación presentada, a fortificación, a división e compra de parcelas por medio das <accións de primeira clase>, que o goberno segue afirmando á igrexa como dona da Illa e que xorden unha serie de preitos pola posesión entre particulares (testamentarios de Francisco Genaro), familia Montenegro e a Igrexa a finais do século XIX.

- Pola documentación consultada por Salustiano Portela podemos manifestar, sen risco a equivocarnos, que os testamentarios non tiñan moi legal a súa documentación e abandonaron a loita pola propiedade. Que o Marqués de Valladares tampouco, debido a que, segundo parece, a súa ascendencia non tiña satisfeito o canon que o arcebispado lle impuxera no aforamento.

- Tendo a Igrexa todo ao seu favor, ten que abandonar a loita por mor das novas leis desamortizadoras.

*Comeza o século XX con estes datos, ben documentados, aínda que non estudados en profundidade.*

O marqués de Valladares ve o ceo aberto, á igrexa non lle convén loitar e non sigue cos preitos, pero, ¿Existe algún documento que certifique que a Igrexa, a pesares de que a familia Montenegro non cumprira coas cláusulas do foro, deixa a propiedade ao Marqués? De non existir dito documento e se tampouco os hai conforme cumpriran co estipulado no foro Como pode ocorrer legalmente o que acontece posteriormente?

A Illa pasa por herdanza no 1893 a don Fernando Quiñones de León, este iniciou un expediente posesorio: **"... sin alegación de otro título de pertenencia, fue favorablemente resuelto..."**.

Nova cacicada? Persoas influentes, daquela, que ao non haber reclamacións algunha, quen o ía facer, e quizais contando con algún funcionario agradecido, logran títulos ao seu favor. O caso é que á morte de Fernando Quiñones, sen sucesores directos: **"... quedaron dueños de la isla, a partes iguales, su padre Fernando Quiñones, conde de Mochales, y su esposa Mariana Whyte, quienes inscribieron, a su vez, la isla a sus nombres, a título de herederos, en el Registro de la Propiedad..."**. Como conseguiron ese título? Que documentación presentaron?

Estes, o 3 de febreiro de 1919, venden as súas participacións na Illa a don Manuel Riobó Guimeráns e a don Marcial Bernadal, veciño de Ons. Despois de certas desavinzas entre eles, queda como único dono o Sr. Riobó que concertou sobre ela varias hipotecas e creou unha Sociedade Mercantil xunto ao seu fillo Didio Riobó volvendo de novo a concertar outra hipoteca co Banco Hipotecario sobre esa Sociedade...

## CONCLUSIÓN DESTA PRIMEIRA ENTREGA

Á vista de todo o exposto, podó atreverme a sacar como conclusión:

Se cando a Igrexa, a finais do século XIX, non cedeu por medio de documento ao Marqués de Valladares a posesión da Illa. Se o Estado, debido ás leis desamortizadoras, no deu ao Marqués ningún título de pertenza. Se a familia Montenegro non pode alegar, con documentación, que cumpriu cos requisitos esixidos no foro do século XVI. Se o expediente posesorio que outorgaron a favor de don Fernando Quiñones de León non ten a documentación clara a favor deste para poderse realizar. Se para ese expediente a favor, alegaron, como sucesores da familia Montenegro, o seguir co foro, habería que ter en conta dúas cláusulas ben claras deste: *Non se podía vender nin hipotecar. ...* Todo o acontecido posteriormente, como a inscrición no Rexistro da Propiedade da Illa de Ons a favor de Fernando Quiñones e Marina Whyte, **é totalmente ilegal.**

Se esta ilegalidade se pode demostrar, o único dono da Illa de Ons é o **ARCEBISPADO** e os **DESCENDENTES** dos **VECÍÑOS** que mercaron as <accións de primeira clase>, xa que, segundo a documentación existente e consultada por Salustiano Portela Pazos, compraron co visto e prace da propia Igrexa, como única dona daquela, e fixérono de boa fe.



Restos da fábrica de Salga. Ons 1960

# CONSERVACIÓN DAS AVES NO COMPLEXO ONS-O GROVE


Por: Cosme Damián Romay Cousido

Dentro dos espazos naturais considerados *Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais* (ZEPVN) en Galicia, o **Complexo Ons-O Grove** (7507 ha), situado no cuadrante suroeste galego, é o que máis especies de aves ten rexistradas no noso país (262 en estado silvestre ata 2008), ás que habería que engadir 23 observadas na contorna inmediata deste espazo <sup>1,2</sup>.

Esta ZEPVN, que inclúe espazos considerados *Humidal Protexido*, *Zona de Especial Protección para as Aves* (ZEPA), *Zona Húmida de Importancia Internacional* (Zona Ramsar) e incluso *Parque Nacional* (o arquipélago de Ons pertence ao P. N. Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia), presenta un elevado grao de humanización e unha complexa problemática derivada da acción do home <sup>1</sup>. Moitas destas accións inciden directa ou indirectamente sobre as poboacións das aves, provocando cambios na súa distribución e abundancia <sup>3</sup>.

Para a súa análise, establécense cinco grupos dentro das aves do Complexo:

- a) *Especies ameazadas*: conservación prioritaria.
- b) *Especies comúns en declive*: conservación necesaria.
- c) *Especies cinexéticas*, con dous subgrupos:
  - c1) *Especies sensibles*: conservación necesaria.
  - c2) *Especies comúns*: caza responsable.
- d) *Especies alóctonas*, con dous subgrupos:
  - d1) *Especies establecidas*: control necesario e seguimento intensivo.
  - d2) *Especies non establecidas*: seguimento extensivo.
- e) *Outras especies*: seguimento extensivo.



**Figura 1.** Situación en Galicia do espazo *Complexo Ons-O Grove* (sombreado cincento). A área de estudo considerada neste artigo é a abranguida polo recadro negro (grosso)

O presente artigo dará a coñecer as especies de aves máis sensibles a estas accións, incidindo naquelas consideradas ameazadas no ámbito galego, estatal ou europeo, e propondo ideas para a elaboración de medidas de xestión detalladas e eventualmente efectivas.

Considérase como área de estudo o rectángulo que toca os puntos extremos (norte, sur, leste e oeste) do espazo natural do Complexo Ons-O Grove, abarcando así unha área de algo máis de 30000 ha (Figura 1).

## a) *Especies ameazadas*

Son aquelas consideradas *En Perigo Crítico* (CR, especie que se enfrenta a un risco extremadamente alto de extinción en estado silvestre), *En Perigo* (EN, ídem moi alto) ou *Vulnerables* (VU, ídem alto) en Europa, España e/ou Galicia, e citadas algunha vez en estado silvestre na área de estudo <sup>2,4,5,6,7</sup>. Todas estas especies *ameazadas* son de **conservación prioritaria**. Elimínanse da lista aquelas aves citadas na área de estudo pero non nidificantes nesta, e cuxa figura de ameaza se refire só á poboación nidificante. Os comentarios sobre a época de observación refírense exclusivamente á área de estudo:

- **Mobella grande** (*Gavia immer*). VU en España. Especie invernante (presente de outubro a maio).
- **Furabuchos** (*Puffinus mauretanicus*). CR en España, EN en Galicia. Especie non reprodutora (xaneiro-dembro).
- **Paíño pequeno** (*Hydrobates pelagicus*). VU en España (poboación reprodutora) e en Galicia. Especie presente todo o ano, onde poden observarse aves reprodutoras de colonias veciñas (xaneiro-dembro).
- **Corvo mariño cristado** (*Phalacrocorax aristotelis aristotelis*). EN en España. Especie residente, nidificante xunto ao illote Pombeiro e na illa de Ons (Figura 2).

- **Abetouro** (*Botaurus stellaris*). *EN* en Galicia. Especie invernante, rara (outubro-febreiro).

- **Garza pequena** (*Ixobrychus minutus*). *VU* en Galicia. Estival, rara (maio-agosto).

- **Voitre branco** (*Neophron percnopterus*). *VU* en Galicia. Moi rara.

- **Gatafornela** (*Circus cyaneus*). *VU* en Galicia. Invernante, rara (outubro-marzo).

- **Tartaraña cincenta** (*Circus pygargus*). *VU* en Galicia. Moi rara.

- **Pernalonga** (*Himantopus himantopus*). *VU* en Galicia. Migradora, rara (abril-maio).

- **Alcaraván** (*Burhinus oedicephalus*). *EN* en Galicia. Invernante, rara (outubro-abril).

- **Píllara das dunas** (*Charadrius alexandrinus*). *VU* en España (poboacións reprodutoras) e en Galicia. Residente.

- **Mazarico real** (*Numenius arquata*). *EN* en España e Galicia (poboacións reprodutoras). Na área de estudo, residente: nidificante xa desaparecido, non reprodutor común.

- **Arao** (*Uria aalge*). *CR* en España, *EN* en Galicia. Nidificante desaparecido, non reprodutor frecuente (outubro-maio).

- **Rula** (*Streptopelia turtur*). *VU* en España. Estival (abril-outubro) (Figura 3).

- **Papoazul** (*Luscinia svecica*). *VU* en Galicia. Migradora (setembro-novembro).

- **Folosa acuática** (*Acrocephalus paludicola*). *VU* a nivel mundial. Migradora (xullo-outubro).

- **Escribenta das canaveiras** (*Emberiza schoeniclus schoeniclus*). *VU* en España. Invernante (outubro-marzo).

- **Escribenta das canaveiras** (*Emberiza schoeniclus lusitanica*). *EN* en España (poboacións reprodutoras) e en Galicia. Residente, rara.

Para as especies ameazadas en España, é imprescindible seguir as medidas de conservación propostas no *Libro Rojo de las Aves de España* <sup>6</sup>. Existen xa algunhas medidas a favor destas aves nalgúns comunidades autónomas. Para as especies ameazadas en Galicia, é obrigatorio redactar *Plans de Recuperación* para as especies *En Perigo* e *Plans de Conservación* para as especies *Vulnerables* que consideren todo o territorio galego <sup>7</sup>; algúns deles están xa en marcha.

#### b) Especies comúns en declive

Todas estas especies non están consideradas *ameazadas* pero son de *conservación necesaria* tanto na área considerada



**Figura 2.** Corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis aristotelis*) fotografado na punta Pateiro, O Grove. Elixida Ave do Ano en Galicia 2009 pola Sociedade Galega de Ornitoloxía, esta especie está considerada Vulnerable en Galicia e En Perigo en España. © Cosme D. Romay.

como no resto da Galicia litoral, debido á redución (superior ao 25%) dos seus efectivos e/ou da súa área de distribución (período 1988-2008) <sup>8</sup>; os comentarios refírense á área de estudo:

Diminución moderada (25-50%) dos seus efectivos e/ou distribución:

- **Lagarteiro** (*Falco tinnunculus*)\*. Residente. Case extinto como reprodutor.

- **Pilro groso** (*Calidris canutus*). Migrador e invernante (xullo-maio).

- **Bilurico das rochas** (*Actitis hypoleucos*). Migrador e invernante (xullo-maio).

- **Rula** (*Streptopelia turtur*). Estival (abril-outubro).

- **Aveniteira cincenta** (*Caprimulgus europaeus*). Estival (abril-setembro).

- **Peto verdeal** (*Picus viridis*). Residente.

- **Chasco común** (*Saxicola torquatus*)\*. Residente.

- **Pedreiro cincento** (*Oenanthe oenanthe*). Como migrador (marzo-outubro).

- **Papuxa común** (*Sylvia communis*). Estival e migradora (abril-outubro).

- **Papamoscas negro** (*Ficedula hypoleuca*). Migrador (agosto-outubro).

- **Liñaceiro** (*Carduelis cannabina*)\*. Residente.

Diminución importante (50-75%) dos seus efectivos e/ou distribución:

- **Mergo cristado** (*Mergus serrator*). Invernante (outubro-abril).

- **Moucho de orellas** (*Otus scops*)\*. Estival (abril-setembro).
- **Moucho** (*Athene noctua*)\*. Residente.
- **Andoriñón real** (*Apus melba*). Estival (marzo-setembro).
- **Laverca** (*Alauda arvensis*)\*. Residente.
- **Papuxa do mato** (*Sylvia undata*). Residente.
- **Ferreiriño azul** (*Parus caeruleus*). Residente.
- **Gralla pequena** (*Corvus monedula*)\*. Residente.

Diminución moi importante (>75%) dos seus efectivos e/ou distribución:

- **Pato chupón** (*Aythya ferina*). Invernante (agosto-abril).
- **Pato cristado** (*Aythya fuligula*). Invernante (agosto-abril).
- **Pentumeiro** (*Melanitta nigra*). Invernante (agosto-xuño).
- **Paspallás** (*Coturnix coturnix*)\*. Residente.
- **Cuco** (*Cuculus canorus*). Estival (abril-agosto).
- **Bubela** (*Upupa epops*)\*. Estival (febreiro-setembro).
- **Cotovía cristada** (*Galerida cristata*)\*. Residente.
- **Andoriña de cu branco** (*Delichon urbicum*). Estival (marzo-setembro).
- **Oureol** (*Oriolus oriolus*). Estival (abril-setembro).
- **Pardal montés** (*Passer montanus*)\*. Residente.

Especies desaparecidas neste período:

- **Perdiz** (*Alectoris rufa*)\*. Residente.
- **Andoriña das barreiras** (*Riparia riparia*). Estival (marzo-setembro).
- **Pica costeira** (*Anthus petrosus*). Invernante (outubro-marzo).
- **Pedreiro cincento** (*Oenanthe oenanthe*). Como estival (marzo-outubro).
- **Picanzo real** (*Lanius meridionalis*)\*. Invernante (setembro-abril).

- **Choia** (*Pyrhocorax pyrrhocorax*)\*. Residente.
- **Pardal das rochas** (*Petronia petronia*)\*. Residente.

Boa parte destas aves (indicadas con un asterisco) están ligadas a medios agrícolas ou de gandería extensiva, actualmente en proceso de abandono, co conseguente incremento da superficie de áreas forestais (non axeitadas para estas aves de contornas abertas).

### c) Especies cinexéticas

Un total de 28 especies de aves son actualmente consideradas *cinexéticas* pola Xunta de Galicia<sup>9</sup>; destas, 27 foron mencionadas algunha vez na área de estudo, e preséntanse a continuación en dous subgrupos, segundo presenten poboacións pequenas (especies sensibles) ou grandes:

c1) Especies sensibles:

- **Pato rabilongo** (*Anas acuta*)
- **Pato chupón** (*Aythya ferina*)
- **Pato cristado** (*Aythya fuligula*)
- **Paspallás** (*Coturnix coturnix*)
- **Galiñola** (*Gallinula chloropus*)
- **Galiñola negra** (*Fulica atra*)
- **Avefría** (*Vanellus vanellus*)
- **Becacina** (*Gallinago gallinago*)
- **Arcea** (*Scolopax rusticola*)
- **Rula** (*Streptopelia turtur*)
- **Tordo charlo** (*Turdus viscivorus*)
- **Gralla pequena** (*Corvus monedula*)

Estas especies deberían ser obxecto de *protección* unha vez que os seus efectivos son reducidos en Galicia e/ou a súa evolución non é positiva. Moitas delas, ademais, asócianse con especies protexidas (algunhas incluso ameazadas) que son abatidas accidentalmente ao atoparse mesturadas coas cinexéticas. Porén, é necesario considerar a baixa destas aves da lista de especies cazables e propiciar logo a súa *conservación*.



# Leña Verde

ZONA PEATONAL BANDA DO RÍO

BUEU

Teléfono: 986 323 483

c2) Especies comúns:

As demais especies cinexéticas serán obxecto dunha caza responsable, nos lugares e épocas habilitados por lei, e en ningún caso se excederá da cota por cazador e día estipulados para cada unha desas especies <sup>10, 11</sup>.

d) Especies alóctonas

Existen varias especies de aves que apareceron na área de estudo e noutros puntos de Galicia de modo non natural, isto é, que a súa aparición estivo ligada a escapes, moitos deles a escasa distancia do punto de observación. Estas aves son a miúdo emprazadas en dous subgrupos <sup>12</sup>:

d1) Especies establecidas (categoría C):

- **Bico de coral** (*Estrilda astrild*).
- **Tecedor napoleón** (*Euplecter afer*).

Para estas dúas especies, é necesario establecer un plan de **control** paralelo a un **seguimento intensivo** das súas poboacións, unha vez que estas aves poden chegar a crear poboacións moi numerosas e a pór en compromiso a conservación das aves nativas do país.

d2) Especies non establecidas (categoría E):

Un total de 17 especies foron rexistradas na área de estudo de xeito non natural sen rexistrarse episodios de nidificación; para estas, é preciso establecer un **seguimento extensivo** para evitar que establezan territorios ou colonias

de cría, se ben na maior parte dos casos, estas aves escapadas acaban morrendo ao pouco tempo de ser ceibadas no medio natural.

e) Outras especies

As demais especies de aves presentes na área de estudo (e non consideradas nos apartados anteriores) deben ser sometidas a un **seguimento extensivo** mediante censos regulares dos seus efectivos, mapeo de territorios, datos de presenza ou ausencia en cuadrículas de tamaño definido (*atlas de aves*) ou, máis convenientemente, seguindo programas de seguimento de aves comúns, como os implantados desde hai anos en Europa <sup>13, 14</sup>.




Figura 3. Rula común (*Streptopelia turtur*) fotografada en Rouxique, Sanxenxo. Especie aínda frecuente na nosa terra pero que ten experimentado un declive moderado (25-50% nos seus efectivos) na Galicia litoral. Especie *Vulnerable* en España, e aínda considerada cinexética en Galicia. © Cosme D. Romay.

Referencias

- 1: SIAM-CMA. 2009. ZEPVN: *Complexo Intermareal Umia-O Grove*. URL: <<http://www.siam-cma.org>>. Con acceso: febreiro 2009.
- 2: *Obs. pers.*
- 3: Viada, C. (ed.). 2009. *Áreas importantes para las aves en España*. Monografía nº 5. SEO/BirdLife, Madrid.
- 4: BirdLife International. 2004. *Birds in the European Union: a status assessment*. Wageningen, The Netherlands: BirdLife International. URL: <<http://birdineurope.birdlife.org>>. Con acceso: febreiro 2009.
- 5: Clavell, J.; Copete, J. L.; Gutiérrez, R.; de Juana, E. & Lorenzo, J. A. 2005. *Lista de las aves de España*. Edición de 2005. Sociedad Española de Ornitología. URL: <<http://www.rarebirdspain.net>>. Con acceso: febreiro 2009.
- 6: Madroño, A.; González, C. & Atienza, J. C. (eds.). 2005. *Libro Rojo de las Aves de España*. Dirección General para la Biodiversidade-SEO/BirdLife. Madrid.
- 7: Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia. 2007. Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas. *Diario Oficial de Galicia* 89: 7409-7423.
- 8: Romay, C. D. (coord.) (en prep.). *Aproximación aos cambios na avifauna do litoral galego no período 1974-2007*.
- 9: Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia. 2008. Orde do 31 de marzo de 2008 pola que se determinan as épocas hábiles de caza durante a tempada 2008-2009. *Diario Oficial de Galicia* 65: 5811-5820.
- 10: Xunta de Galicia. 1997. Lei 4/97 do 25 de xuño da caza de Galicia. *Diario Oficial de Galicia* 133: 6837-6880.
- 11: Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia. 2006. Lei 6/2006, do 23 de outubro, de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia. *Diario Oficial de Galicia* 213: 16266-16269.
- 12: GAE-SEO/BirdLife. 2006. *Aves invasoras de España: lista de especies en las categorías C y E*. Versión 2.4. Grupo de Aves Exóticas de SEO/BirdLife, Madrid.
- 13: Risely, K.; Noble, D. G. & Baillie, S. R. 2008. *The Breeding Bird Survey 2007*. BTO Research Report 508. British Trust for Ornithology, Thetford, UK.
- 14: Escandell, V. 2008. Programa SACRE-Seguimiento de Aves Comunes Reproductoras de España, en: Del Moral, J. C.; Escandell, V.; Molina, B.; Bermejo, A. & Palomino, D. (eds.). *Programas de seguimento de SEO/BirdLife en 2006*: 4-9. SEO/BirdLife, Madrid.



## A "SALVE MARINERA"

Por: Pablo Pérez Fernández  
Vigairo (Rt) da Armada

A "*Salve Marinera*" é unha canción tradicional da Armada e de todas as xentes do mar. Por iso é tan frecuente interpretala ou escoitala. Trátase dunha peza musical de singular beleza e de fondo contido poético. Chea de emocións e sentimentos entrañables, evocadora de lembranzas e vivencias, ergue misteriosamente os espíritos e os corazóns non só das xentes do mar senón tamén das de terra adento.

### SALVE MARINERA

Salve, Estrella de los Mares,  
de los mares,  
Iris de eterna ventura.  
Salve. ¡Oh Fénix de hermosura!  
Madre del Divino Amor.  
De tu pueblo a los pesares  
Tu clemencia de consuelo.  
Fervoroso llegue al cielo  
y hasta Ti, y hasta Ti nuestro clamor.  
Salve. Salve. Estrella de los Mares.  
Sí: fervoroso llegue al cielo  
y hasta Ti, y hasta Ti nuestro clamor.  
Salve. Salve. Estrella de los Mares.  
Estrella de los Mares.  
Salve. Salve. Salve. Salve

Igual que acontece con moitas pezas de música militar, a "*Salve Marinera*" provén directamente da Zarzuela. Neste caso procede da Zarzuela "*El Molinero de Subiza*", da que é autor Cristobal Ourid. Nado en Badajoz o ano 1825, foi un pianista e un compositor de grande sona e renome que


chegou a ser Director da Orquestra do Teatro Real de Madrid. Este compositor abordou a temática militar en diversas pezas líricas. Entre elas, que podemos citar "*El hijo del Regimiento*" e esa fantasía militar coñecida por todos que leva como título orixinal "*Los sitios de Zaragoza*".

"*El Molinero de Subiza*" foi estreada no Teatro da Zarzuela en Madrid o 21 do mes de Nadal do ano 1870 cunha acollida verdadeiramente clamorosa. Nela destacaron dun xeito sobranceiro dúas pasaxes de música relixiosa de grande impacto escénico e musical: un maxestoso "*Te Deum*" e un fragmento musical que corresponde á escena XIV do acto primeiro, que sería a orixe da devandita "*Salve Marinera*". O Libreto, escrito en sonoros, suntuosos e magníficos versos, é de Luís Parada Eguidaz. E os feitos referidos sitúanse no castelo navarro de Subiza no ano 1124, durante a Revolución dos Nobres contra Ramiro I.

Pouco tempo despois da súa estrea, o ano 1872 esta zarzuela foi representada no Ferrol. Alí foi presenciada por unha promoción de Aspirantes Alumnos da Fragata "*Asturias*" que por aquelas datas era Escola Naval Flotante. Estes Aspirantes,

impresionados pola música daquela escena, comezaron a utilizala a bordo como remate das Misas. Foi, a partir dese feito, cando con algunhas modificacións espallouse e popularizou polos demais Buques e Dependencias da Armada.

A adaptación actual, tal como se interpreta hoxe, é do ano 1942, data na que foi declarada regulamentaria. A adaptación musical debeuse, segundo uns, ao Músico Maior da Armada D.



Camilo Péres Monllor e, segundo outros, sería obra do Director da Banda de Música da Escola Naval, D. Jesús Montalbán Vizcón. Persoalmente, coido que ámbolos dous por canles converxentes puxeron o seu gran de area no arranxo definitivo.

Polo que atinxe á letra actual da "*Salve Marinera*", compredicir que é unha adaptación poética feita posteriormente polo musicólogo Mariano Méndez Vigo. Nado en Madrid o ano 1912, estivo embarcado no Cruceiro "*Canarias*". Despois percorreu Europa e América como crítico de festivais de sona e foi redactor de Radio Nacional de España. Finou en Barcelona o ano 1982.




No mar ou en terra, na alborada ou no solpor, a "*Salve Marinera*" é sempre unha afervoadada cantiga de esperanza e acougo nos brazos amorosos da que as xentes do mar chamamos "*Estrela dos Mares*" e "*Nai do divino Amor*". O seu encantamento é tan sedutor que fai agromar no peito dos que a cantan e dos que a escoitan, fondos sentimentos íntimos e susurrantes, muda testemuña de lembranzas, vivencias e soños, alén da terra e do mar.

# OS TABOLEIROS DE XOGO DO CASTELO DO MONTE LOBEIRA

Por: Fernando Javier Costas Goberna  
*Instituto de Estudios Vigueses*

*...el monte Lobeira un maravilloso caos de gigantescos monolitos erguidos por un capricho de la Naturaleza, allí, dónde la razón humana cautivada por la belleza incomparable de los panoramas que la rodean, de un lado la espléndida Ría de Arosa y del otro el encantador Valle del Salnés, queda sorprendida sin encontrar palabras que acierten a elogiar la grandeza de aquel prodigio...*



Cumio do Monte Lobeira

Así describe Ramón Viqueira Barrio o extraordinario Monte Lobeira en András no concello de Vilanova de Arousa nos límites con Vilagarcía, un lugar que recibe un bo número de visitantes atraídos pola extraordinaria paisaxe que se divisa desde a súa altura rochosa, e que xustifica calquera achegamento ata o seu cumio, pero do que poucos saben<sup>1</sup> da súa importancia arqueolóxica e dos avatares vividos no Medievo galaico na fortaleza que alí existiu, durante o reinado da filla do Rei Alfonso VI, Doña Urraca<sup>2</sup>. Hoxe resulta difícil reconecer o

alcance da construción alí existente neses tempos, das súas tres torres, do seu edificio de dúas plantas abovedado e ameado ou da súa muralla non queda nada. Pero o que sí quedan son 4 deseños nas rochas do cumio que nos falan do xeito de pasar o tempo por gardas e persoal que se moveu alí na vida do castelo. Trátase de catro taboleiros de xogo que reconecemos pertencentes aos xogos chamados *alquerque*, gravados nas pedras en diferentes lugares. *Alquerque* é o termo que o rei Alfonso X “El Sabio” mantivo sen traducir do árabe, no seu libro dos xogos do ano 1283, e que corresponde a palabra árabe el *-quirkat*. Como *alquerque* coñécese tamén xenericamente unha familia de xogos de gran número de variantes .

## I.- OS TABOLEIROS DE ALQUERQUE DE IX DO MONTE LOBEIRA

### I.I. O muíño ou alquerque de IX.O

**Taboleiro.-** Xógase sobre un taboleiro definido por tres cadrados ou rectángulos inscritos un dentro doutro de menor a maior e cos centros dos seus lados unidos no seu deseño máis simple. Este deseño pódese complicar coa unión tamén dos vértices, e con coviña no centro que pode ou non estar unida cos trazos dos vértices e do centro dos lados. Para xogar usábanse 18 pezas (nove por cada xogador); para situarnos podemos falar de nove brancas e nove negras coas que os dous xogadores intentaban facer fila de tres (muíño), é dicir colocar tres en fila. Este xogo é coñecido en Alemaña como “*mühle*”, en Italia como “*filetto*”, en Portugal como “*moinho*”, en Francia comezouse chamando *mérelle* e modernamente coñécese como *jeu du moulin*, e nos países saxóns como “*nine men’s morris*”.

Do taboleiro mais sinxelo definido por tres cadrados ou rectángulos inscritos un dentro doutro de menor a maior e cos centros dos seus lados unidos temos dous exemplares:


- Deseño 1: 35 x 35 cm cadrado exterior; 25 x 25 cm cadrado intermedio; 20 x 20 cm cadrado interior.
- Deseño 2: 30 x 30 cm cadrado exterior; 20 x 20 cm cadrado intermedio; 12 x 12 cm cadrado interior.

<sup>1</sup> A ausencia de paneis informativos sobre as particularidades histórico-arqueolóxicas do lugar resulta inexplicable. Tamén é inexplicable o abandono que deixa ver os restos dos árbores queimados...

<sup>2</sup> Recomendamos a lectura de: El Castrum Lupariae, Folleto Histórico de la Byrxa o Torre de Lobeira en el Valle del Salnés. Valentín Viqueira Barrio. Pontevedra, 1960.

Un terceiro deseño presenta unha diferenza cos anteriores, tendo ademais dos centros dos lados unidos, tamén ten unidos os vértices dos tres cadrados.

Lobeira, reconstrución Valentín Viqueira Barros 1960



- Deseño 3: 47 x 35 cm cadrado exterior; 37 x 35 cm cadrado intermedio; 30 x 20 cm cadrado interior<sup>3</sup>.

**I.II. O Xogo.-** Escollíase primeiro quen usaba as brancas e quen as negras. Despois lanzando uns dados ou unha moeda, dirimíase quen era o primeiro en comezar o xogo. Unha vez resolto este problema, o que comezaba colocaba unha das súas pezas sobre un dos puntos de intersección das liñas. Despois o segundo xogador colocaba a súa peza e así íanse alternando. Evidentemente cada un dos dous adversarios tratará de impedirille ao outro que logre colocar tres en fila que; é o que se chama facer “muíño” e ao mesmo tempo intentar facelo, e cada vez que un dos dous o logra, captura e pon fóra unha das pezas do adversario.

Sempre será unha peza que non formase parte dun “muíño” xa feito. Unha vez colocadas todas as pezas, e eliminadas todas as do adversario que eran posibles de “comer”, podíase mover sobre un punto libre adxacente e buscando de facer aínda “muíño”, e de ter un pouco de fortuna e habilidade podíase conseguir “dobre muíño”, é dicir, crear dous “muíños” que terían en común unha peza na mesma intersección. Cando o que vai perdendo só ten tres pezas concédeselle a facultade de poder saltar e ocupar calquera posición que estivera libre, pero cando perdera unha destas tres pezas, a partida dábase por finalizada.

**I.III. Os taboleiros de alquerque de IX do mundo romano e do Medievo.-** Este tipo de xogo ten os seus antecedentes na

época romana na que se chegou a xogar sobre un taboleiro similar que chegou ata os nosos días. Segundo algúns autores o exemplo máis claro é o dun exemplar da *Basílica Julia* de Roma gravado nunha lousa do seu pavimento, mentres outro taboleiro de época romana atópase gravado sobre un tixelo hoxe conservado no Romische-Germanisches Museum de Colonia en Alemaña, igual que o coñecido de *Conímbriga*<sup>4</sup> en Portugal. Alquerque de IX procedentes de época romana poden ser os gravados na *Torre Antonia* de Xerusalén e no teatro romano de *Bosra*<sup>5</sup> en Siria ó lado dun taboleiro de coviñas. De Bosra son coñecidos outros nas inmediacións da Mezquita de Omar, ou en muros da zona das basílicas cristiáns. Así mesmo de orixe romana interprétase como tal unha figura na ágora romana de Atenas e unha figura nas ruínas da basílica de San Xoán Evanxelista, igrexa construída en tempos de Xustiniano sobre un templo anterior en Selçuk<sup>6</sup>, Turquía.

Alquerque IX Lobeira



Da península Ibérica de orixe romana son coñecidas tamén as *tabulae* sobre tixelos, da antiga *Munigua* en *Mulva*<sup>7</sup>, Vilanueva del Río e Minas, Sevilla, algunha delas expostas no museo Arqueolóxico de Sevilla. Como tardo-romano tamén

<sup>4</sup> Conímbriga. Condeixa a Nova. Portugal. Con vestixios do século IX a.C, nos séculos I-II da nosa era pasa ser denominada *Flavia Conímbriga*. Na metade do século V e atacada polos suevos e despois será tomada polos visigodos. A finais do século VI o bispo de Conímbriga trasládase a Coimbra. Taboleiros en dous ladrillos, un xedrezados e outro de *alquerque* de IX.

<sup>5</sup> Aínda que en Bosra temos que ter en conta tamén a ocupación e uso do teatro como fortaleza polos árabes na época das cruzadas.


<sup>6</sup> Selçuk. Turquía. No século VI cando o emperador Justiniano visita Efeso para elixir o emprazamento para a igrexa de San Xoán Evanxelista faino xa sobre a elevación de Ayasuluk. Taboleiros de *alquerque* de IX e circulares.

<sup>3</sup> Costas Goberna, F.J e Fernandez Pintos, X. : Diseños cuadrangulares a modo de tableros de juegos en los petroglifos del NW de la Península Ibérica. Pontevedra Arqueológica II. Pontevedra. 1987.pp: 127-144

poderíamos interpretar un taboleiro existente nun arquitrabe no museo romano de *Mérida*. Atribuído ao século VI temos un exemplar dunha imposta visigótica actualmente no museo de Badaxoz que procede da alcazaba da dita cidade. Un amplo número de taboleiros de *alquerque* de IX atópanse repartidos por toda a península Ibérica. Como exemplos contrastados podemos citar os que aparecen en bloques de pedra reutilizados nun muro de *Talamanca do Jarama* en Madrid e nas ruínas da cidade de *Vascos* dos séculos IX-XI no termo de Navalmorelejo en Toledo onde se atoparon seis taboleiros de *alquerque* de IX, un deles sobre unha lousa de granito situado nun patio e os cinco restantes localizados nos escombros da alcazaba da cidade sobre soporte de tixolo e lousa. Segundo os autores do descubrimento son semellantes aos depositados no museo da *Alhambra* de Granada e no museo de Mértola en Portugal.

Outros taboleiros da época do medievo atopámoslos distribuídos pola xeografía da península Ibérica como no atrio da igrexa románica do século XII, de San Miguel de *Fuentidueña* na provincia de Segovia, no que se aprecian catro deles. Tamén na mesma provincia atópase outro no adro dunha igrexa de Santiuste de *Pedraza*. Outro exemplo témolo na igrexa da Encarnación de Valencia de Alcántara comezada a construír no século XV, nas inmediacións da porta da sancristía nun dos chantos que salva o desnivel cara ao presbiterio.

Tamén coñecemos un exemplar nas inmediacións do castelo de Trujillo nunha rocha que serve de base a un muro ao lado da casa de Pizarro. No Museo Provincial de Zamora, na entrada amósase unha lauda sepulcral que presenta un taboleiro de *alquerque* de IX xunto a outro de XII. En Teruel coñecemos un exemplar do lugar coñecido como Peña de la Cruz, relación



Alquerque IX Lobeira

que podería ser ampliada dado os numerosos exemplos repartidos pola península Ibérica. Tamén os atopamos nas illas Canarias, se ben estaría por determinar si se trata de xogos traídos dende o norte de África ou polos españois durante a conquista das illas en tempos posteriores, ou atopámonos con referentes dos dous casos, xogos coñecidos con anterioridade á chegada dos españois que se potencian despois.

A presenza de taboleiros deste tipo apunta cara a unha

ampla difusión deste xogo, tal como parecen confirmalo diferentes testemuños coñecidos. Como proba baste citar que só en Europa, a institución francesa GERSAR (Groupe de Recherches et de Sauvegarde de l'Art Rupestre) tiña rexistradas a finais de 1996 máis dun milleiro destas figuras, distribuídas polos distintos países do continente europeo, con figuras documentadas en: Albania, Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, España, Francia, Gran Bretaña, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Noruega, Portugal, Suecia, Suíza, ex Checoslovaquia, ex URSS e na ex Iugoslavia. Documentábanse 356 en

Francia: 7 galo-romanas; 99 en grutas, 53 en superficies ao aire libre, 103 en construcións medievais civís e 91 en construcións medievais de carácter relixioso, repartidos sobre todo pola zona do Bassin Parisien, coñecéndose tamén noutras rexións como Normandía, no Rousillon, nos Pirineos, no val das Marabillas, Vosgos, ou Maurienne. En Italia coñécese a súa existencia en Valcamónica, Valchiusela, e tamén no val Germanasca no Piamonte e en Brenzone (A Pasa). En Austria a sociedade ANISA a finais de 1995 tiña rexistrados 33 taboleiros na zona leste dos Alpes cunha datación para os máis antigos na alta Idade Media, os máis deles realizados a fin do Medievo.

**I.IV. Taboleiros de alquerque de IX en Galicia.** En Galicia atribúese procedencia de época romana a un exemplar sobre un bloque reutilizado nunha parede da ermida de *Santa María de Petín*, no Barco de Valdeorras en Ourense, que presenta a particularidade de ter remarcados os puntos de interseccións sobre os que se colocarían as fichas con pequenas coviñas.

<sup>7</sup> Mulvas. Villanueva del Río y Minas. Sevilla. O seu período máis próspero dáse no século II da nosa era chegando a súa decadencia no século IV. Sobre ladrillo taboleiro de *alquerque* de XII e *alquerque* de IX.

Exemplar de interese é o conservado no Museo de Lugo; trátase dun epigrama gravado sobre unha pequena lousa de lousa fragmentada duns 47 x 32 cm. aproximadamente e de basta execución procedente do *Castro de Penadominga*<sup>8</sup> en Quiroga, Lugo, no que se supón que existiu un castelo e onde tamén se documenta a través dos materiais coñecidos un xacemento tardorromano.

No Noroeste da península Ibérica en superficies ao aire libre, do deseño máis simple consistente en tres cadrados concéntricos e os centros dos lados unidos mediante liñas perpendiculares, ademais dos dous exemplares do *Monte Lobeira*<sup>9</sup>, temos os exemplos do *Monte do Castro* do barrio de Xián na parroquia de Vincios en *Gondomar*, Pontevedra, un exemplar en Bico do *Castelo Grande* en Noia, Coruña, outro na *Cerradiña* na parroquia de Mougás en Oia, Pontevedra, e un exemplar localizado en Baiona, Pontevedra. Na marxe portuguesa do río Miño temos dous exemplares nas inmediacións do Mosteiro de *San Fiz de Freitas*<sup>10</sup>.

Coñécese tamén outro gravado deste tipo nunha superficie preto da ponte da parroquia de *Faramontaos* no municipio de Carballeda de Avia (Ourense). Este deseño tamén aparece cunha covaña no centro da figura, tal como mostran as representacións coñecidas de *Castelo da Raiña Loba* en Brancos, Ourense, *A Portela* en Oia, Pontevedra, e dúas figuras de *Tombo dos Visos* en Donón, Cangas de Morrazo, Pontevedra, onde podemos observar como unha de súas figuras presenta maior complexidade. A particularidade está en que os trazos que unen os centros dos lados se prolongan ao exterior finalizando en catro pequenos rectángulos co interior cruzado. Finalmente este taboleiro

<sup>8</sup> Castro de Penadominga, Lugo. Un taboleiro de pizarra no Museo Provincial de Lugo.

<sup>9</sup> Trátase da fortaleza coñecida con nome de Castro Lupario nos documentos do século XII.

<sup>10</sup> Deste antigo mosteiro aínda queda en bo estado a muralla que protexe seu acceso, e a súa igrexa de corte románico na que no exterior da súa porta Sur aínda son apreciables restos de taboleiros. Os taboleiros máis claros aparecen na ladeira Norte do outeiro ao Noroeste da igrexa e que conserva aínda as ruínas dunha capela no seu cumio.

aínda podería ter a particularidade de presentar unidos os vértices dos tres cadrados concéntricos que o configuran, modelo presente tamén no *Monte Lobeira*, e nun exemplar do *Castro de Xián* en Vincios, Gondomar, Pontevedra.

Este tipo de taboleiro na súa forma máis simple, é dicir, a figura definida por tres cadrados concéntricos cos centros dos seus lados unidos por trazos rectos, témolo documentado en construcións de carácter relixioso coma na igrexa románica de *Gomariz* en Leiro, Ourense, sobre unha bancada do exterior; nunha bancada do interior da catedral de Ourense e no interior da catedral de Tui en Pontevedra, con outro exemplar no claustro nunha bancada da sala capitular románica. Tamén se

Lobeira Alquerque de XII



atopa este modelo nun perpiaño da fábrica do muro do museo Arqueolóxico de Ourense que dá a rúa Hernán Cortés; e con covaña no centro témolo na figura da ermida de Nosa. Sra. Da Renda en *Combarro* en Poio, Pontevedra; Tamén nun sillar da parroquia do Divino Salvador de Poio as dúas na provincia de Pontevedra. Existe tamén referencia doutra figura no muro exterior da igrexa de Touza en Taboadela, Ourense.

## II.- O TABOLEIRO DE ALQUERQUE DE XII DO

### MONTE LOBEIRA

**II.I. O Taboleiro.-** Trátase dunha figura definida por un cuadrangular que presenta o seu interior dividido en trinta e dúas casas triangulares consecuencia das liñas paralelas aos lados e as diagonais que se cortan perpendicularmente. Como *alquerque* de XII e chamado por Alfonso X (O Sabio). Coñécese en algúns lugares como dama de doce. De este deseño temos un exemplar no cumio do *monte Lobeira* que presenta unhas medidas de 66 x 37 cm<sup>11</sup>.

**II.II. O Xogo.-** Xógase coa participación de dous xogadores con doce fichas (brancas e negras) de man para cada un. A súa mecánica é moi similar á do xogo de damas. A partida comeza situando as doce fichas de man nas interseccións

<sup>11</sup> Costas Goberna, FJ e Fernandez Pintos, X. : Diseños cuadrangulares a modo de tableros de juegos en los petroglifos del NW de la Península Ibérica. Pontevedra Arqueológica II. Pontevedra. 1987.pp: 127-144

## AGRADECEMENTO Á:



XUNTA DE GALICIA

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN  
DO PLAN XACOBEO

correspondentes a cada xogador. Sorteando quen inicia o xogo, o primeiro despraza unha das súas pezas ata unha intersección adxacente baleira, que no primeiro movemento non pode ser outra que o punto centro, único non ocupado por pezas dos dous xogadores. O xogo transcorre co desprazamento de fichas sobre as interseccións en calquera dirección, buscando comer as do contrario cando detrás dunha del estea un espazo en branco. Se un non come a do adversario, este poderá retirala por esquecemento. Afonso X dicía que a vantaxe neste xogo non é do primeiro xogador senón do segundo, e que o primeiro que move perde sempre a primeira ficha. Gaña o primeiro que consegue capturar toda as pezas do outro. Algúns autores cren que este xogo está emparentado co *Dablot prejjesne* practicado orixinariamente polos sami (lapóns) do norte de Europa.

**II.III. Taboleiros romanos e no Medioevo.** Este deseño tamén ten a súa orixe na época romana. Localizouse nalgún tixolo da antiga *Munigua a Mulva* actual en Villanueva del Río e das Minas en Sevilla. Un deseño deste tipo en época máis tardía atopouse nas ruínas da cidade de *Vascos* en Navalmoralejo, Toledo, sobre un ladrillo. Tamén noutras áreas da península localízase este deseño. Así temos un exemplar no adro da igrexa románica de S. Miguel de *Fuentidueña* do século XII na provincia de Segovia aínda que o seu tamaño reducido e a súa posición en vertical non parece de utilidade para o xogo, formula a cuestión da presentación dos diagramas relacionada con significados de carácter simbólico. Pero onde si documentamos varios exemplares de claro carácter lúdico é no claustro do século XIII pertencente á colexiata de Nossa Sra. Da Oliveira en Guimaraes, Portugal, que actualmente forma parte do museo Aberto Sampaio da fermosa cidade portuguesa. No Museo Provincial de Zamora, na entrada amósase unha lauda sepulcral que presenta un taboleiro de *alquerque* de XII xunto a outro de IX.


Estas figuras do diagrama de *alquerque* de doce que así tamén é coñecido o xogo, aparecen reflectidas como sucede coas de alquerque de nove no *Libro dos Xogos* do monarca Alfonso X O Sabio, onde se poden apreciar a dous nobres xogando e dous gardas en actitude vixiante. Parece ter un gran apoxeo nas cortes europeas contra o século XIV. Cos españois chega o xogo a América e así podemos documentar a súa continuidade grazas a que temos representacións manuscritas e impresas como na Crónica de Pomar de Ayala

do século XVI onde nunha lámina pode verse o inca Atahualpa e o seu carcereiro xogando nun taboleiro destas características. Tamén temos testemuño da súa presenza en terras americanas na área de Cuzco (Perú) onde aparecen dous taboleiros de *alquerque* de XII na escada de acceso o adro da igrexa de Chinchero.

**II.IV. Taboleiros de alquerque de XII en Galicia.** Ata esta data, ao aire libre no noroeste da península ibérica coñecemos un deseño xa citado do *Monte Lobeira* en Vilanova de Arousa, e na marxe portuguesa do río Miño nas inmediacións do mosteiro de San Fiz de Freitas tamén en localización similar<sup>12</sup>. Documentamos a súa presenza tamén en edificios de carácter relixioso como na “bancada dos xogos” do interior da catedral de Ourense con dous exemplares, e na catedral de Tui en Pontevedra onde localizamos un con claridade. Outro exemplar atopámolo na igrexa do século XIII de Santa M<sup>a</sup> de Ferreira de Pallares en Guntín, Lugo En edificio civil de carácter románico, temos cando menos un exemplar no interior da “*domus*” de Bragança no Nordeste portugués.

Ata aquí unha aproximación aos taboleiros de xogo do Monte Lobeira que nos serviron de escusa para achegarnos aínda que sexa parcialmente a algo tan importante na vida das persoas como é o mundo dos xogos. Santa M<sup>a</sup> de Oia. Novembro 2008.

Monte Lobeira cumio




<sup>12</sup> O outeiro ao Noroeste da igrexa no que temos varios taboleiros parece polas súas características que formou parte do sistema defensivo do mosteiro e aínda son apreciables aterrazamentos que reforzan esta hipótese.

# A HIDRONIMIA DA ILLA DE ONS PARTE LESTE: DENDE O PEIRAO Á PRAIA DE PEREIRÓ

Por: Fernando Cabeza Quiles

## ENTRE O PEIRAO A A LAXE DO CREGO

A **Estrumeira**, lugar situado en terra firme, é un claro abundancial en -eira da voz *estrume*, que indica a presenza dun conxunto de mato rozado, que se bota nas cortes dos animais para lles facer a cama e para obter esterco, podendo ser que no lugar chamado **Estrumeira** ou **A Estrumeira** se reunise o estrume xa cortado ou rozado para despois botalo nalgunha corte próxima, que puido estar enriba da veciña punta litoral chamada **Debaixo da Corte**; emprazamento situado preto da praia de Canexol que alude ás cortes dun illán chamado ou alcumado Chin.



Praia Area dos Cans. Estrumeira.  
Debaixo das Casetas.  
Punta da Canteira

Coa palabra *debaixo* tamén están formados os topónimos de situación **Debaixo da Estrumeira**, de obvio e transparente significado, e **Debaixo das Casetas**, nome dun emprazamento situado preto da devandita **Estrumeira**, o cal, segundo información de Celestino Pardellas, alude a unhas casetas utilizadas polos mariñeiros para gardaren os seus aparellos de pesca.

Verbo da **Punta da Canteira**, é, como indica o seu nome, un saínte moi rochoso que ademais ten enriba unha canteira.

**Os Pasales** é un hidrónimo moi abundante e repetido nas costas galegas, que nomea uns *pasales* marítimos; isto é, un ou varios pasos ou canles submarinos hábiles para o paso de pequenas embarcacións, que neste caso serán dornas.

En canto ao chamado **Con do Abraxo**, fálanos dun con ou pedra mariña, onde os illáns collen bruños ou pequenas centolas e nécoras. Preto está a **Area dos Cans**, que recolle a palabra galega *area* no seu significado de praia; areal que puido ser frecuentado nalgún tempo por cans, se ben a palabra *cans* tamén pode referirse neste contexto a un sitio abundante en pedra.

O hidrónimo **Rego** ou **O Rego das Chourizas**, de enigmático significado na súa segunda parte, alude na súa primeira, non a unha pequena corrente fluvial, como nun principio podería parecer, pois cando o nome de lugar **Rego** é un hidrónimo marítimo, como neste caso, pode referirse a canais ou canles submarinas (similares a regos terrestres) que chegan ata terra formando portos ou entrantes hábiles para a entrada de pequenas embarcacións (Vilar Pedreira e Rodríguez Álvarez, 2005: 41-42).

## ENTRE A LAXE DO CREGO E A PRAIA DE CANEXOL:

A **Laxe do Crego** ou o illote **Sepultura** alude, como é público e notorio, á coñecida laxe marítima dese nome, cuxa característica principal é a de conter unha sepultura antropomorfa escavada na rocha que a tradición popular atribúe a un monxe ou anacoreta que viviría na illa.

Verbo das **Pedras da Figueira Brava**, nome duns cons situados a uns cen metros da costa, alude a unha figueira que debeu haber na costa contigua, que sería considerada brava por nacer de maneira ventureira ou espontánea, coma lle sucedeu a outra figueira que hai anos vimos na illa Berlenga; pequena e heroica árbore, que sobrevivía, de maneira increíble, nun rochedo que hai ao fondo da única praia desta illa portuguesa.

Verbo do topónimo **A Volta do Prado**, refírese a unha volta ou curva que se atopa entre a praia da Area dos Cans e a de Canexol.

COLABORA  
ACTIVIDADES:

Concello de  
**BUEU**



As **Lagoas** alude a dúas pequenas “lagoas” de auga salgada, que se forman ao baixar a marea antes da praia de Canexol.

Os **Cons Pequenos** son dous cons que se atopan no mar fronte ao areal de Canexol, aproximadamente a un douscentos metros da costa. Segundo Celestino Pardellas os **Cons Pequenos** tamén reciben o nome dos **Cons do Cura** por se atoparen fronte á igrexa antiga e á casa reitoral de Canexol.

O microtopónimo **Batea de Chin**, que dá nome a unha gran pedra emprazada entre os devanditos Cons Pequenos e a praia de Canexol, pode deber o seu nome á súa forma semellante a unha batea, situada fronte á casa do devandito illán chamado ou alcumado Chin.

Dos **Regos de Canexol**, dicir, como no caso do devandito Rego das Chourizas, que se trata de pequenos pasos marítimos hábiles para a navegación de pequenas embarcacións, situados neste caso entre os Cons Pequenos e a Batea de Chin e entre esta e os Cons de Terra de Canexol.

#### ENTRE A PRAIA DE CANEXOL E A PRAIA DE PEREIRÓ:

O transparente topónimo **Muelle**, evidente castelanismo da palabra galega *molle* ou da patrimonial *peirao*, refírese a un pequeno saínte que hai ao norte da praia de Canexol, onde atracan dornas.

Se todos os topónimos anteriores, de significado fácil e transparente, deben ser máis ou menos recentes, non ocorre o mesmo co nome do illote chamado **O Cairo**, o cal, segundo prognosticamos noutra ocasión, malia coincidir, por un casual, co nome castelán da capital de Exipto, debe provir dunha base talvez preindoeuropea *\*car*, “rocha, pedra”, presente tamén noutros topónimos galegos coma os de **Penacaira** (tautoloxía ou repetición de pedra), **Cairedo**, **Queiraz**, **Queira** e outros que, como ocorre coa pedra mariña chamada **O Cairo**, se refiren a lugares ou accidentes especialmente pedrosos (Cabeza Quiles, 2006: 14).

A chamada **Poza Pequena** é unha poza de pequeno tamaño que se forma en marea baixa fronte á praia de Canexol.

As **Pedras das Praguetas**, nome dun conxunto de rochas que non descubren situadas a uns 250 metros da praia de Canexol, deberon ser abundantes noutroa no peixe chamado, *prago*, *pargo* ou *pragueta*, do latín *pragu(m)*; peixe teleósteo da familia dos espáridos (*Pragus pagrus*), de corpo ovado e fociño obtuso, cor rosada e costados prateados (*Diccionario*

*Xerais da lingua*, 2005, voz *prago*: 969), podendo ser a voz *pragueta*, presente no topónimo **Pedras das Praguetas**, un diminutivo de *prago*. Así o *Diccionario da lingua galega* de Isaac Alonso Estravís documenta a voz *pragueta* co significado de “pargo pequeno” (Alonso Estravís, 1995, voz *pragueta*: 1186). Pola súa banda, o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano de Eladio Rodríguez* documenta a voz *pragueta* coa equivalencia de “pez de mar, más ancho que el besugo y de color igual. Se parece al pargo y tiene menos tamaño” (Rodríguez González, 1961, t. 3, voz *pragueta*: 180).


**Malaca de Fóra e Málaca de Dentro** é o nome de dúas pedras que están antes de chegarmos á praia de Pereiró, habendo entre elas unha *pasante* ou paso marítimo para embarcacións de pequeno calado. **Malaca** debe tratarse, coma no caso do **Cairo**, dun topónimo moi antigo, proveniente esta vez da voz prerromana *\*mal*, “rocha, altura”.

Fronte á Malaca de Fóra está a **Pedra dos Serráns**, nome dun con que non descobre con marea baixa, que será ou foi rica en serráns, nome común a varias especies de peixes lábridos, que teñen o corpo moi curto e bastante gordo cunha coloración moi intensa, sendo a especie máis común o *Symphodus melops*, nome científico do farro ou vello.

Os **Cons de debaixo da Viña**, e o nome dunhas pedras que nalgún tempo estarían situados debaixo dunha viña próxima aos cantís costeiros desta parte da costa da illa de Ons.

Denantes de chegarmos á praia de **Pereiró**, de *petrariolo*, diminutivo de *petra*, “pedra”, está **A Poza Grande**, nome dun gran charco que se forma ao baixar a marea, e o **Con Negro**, nome dun con pegado á costa de obvio e transparente significado.

Praia de Canexol. Poza Grande e Pequena. O Cairo. Pedra das Praguetas. Malaca de Fóra e Dentro. Debaixo da Viña...



#### **BIBLIOGRAFÍA**

- ALONSO ESTRAVÍS, I., 1995. *Diccionario Sotelo Blanco da lingua galega*, edit. Sotelo Blanco, Santiago.
- CABEZA QUILES, F., 1992. *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*, edit. Xerais, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., 2000. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*, edit. Toxosoutos, Noia.
- CABEZA QUILES, F., 2006. “**A toponimia da illa de Ons**”, en *Aunios 11*, Asociación Cultural-Gastronómica Pineiróns, O Grove.
- CABEZA QUILES, F., 2008. *Toponimia de Galicia*, edit. Galaxia, Vigo.
- Diccionario Xerais da lingua*, 2005, edit. Xerais, Vigo.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E., 1994. *Diccionario Enciclopédico gallego-castellano*, edit. Galaxia, Vigo.
- VILAR PEDREIRA, X. L., e RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, 2005. “*Os nomes do mar*”, en *Raigame 22*, Deputación de Ourense.

## AS CHATAS DE O GROVE PRIMEIRA APROXIMACIÓN AO SEU ESTUDO

Por: Varios colectivos, coordinados por Celestino Pardellas de Blas

Inda me lembro de aquel que, cando chegou a O Grove, preguntou: Por favor, a rúa Rosalía de Castro?.

“- Ai, si, mire, sube por aí, cheja ó cruse do juardia, alí onde a catorse e tira pan frente, e lojo a calle grande. Elle ali”.

O mesmo ocorre cos nomes. En O Grove é moi especial, aínda que en todas partes existan os alcumes.

Que poderíamos dicir dun pobo que ata ás súas rúas máis importantes lles chaman “A catorse”( antes González Besada e agora Castelao, oficialmente ) “Carretera do Conde” ( agora Alexandre Bóveda )...?

Segundo o dicionario Xerais, o **Alcume** é un sobrenome co que é coñecida unha persoa ou unha familia.

Antonio Días Lema no seu traballo “Motes Pontevedreses<sup>1</sup>” di que: “O alcume era o título co que a sabedoría popular designaba a certas persoas para diferencialas e definilas dunha maneira enxeñosa, facendo a súa caricatura social, baseándose na súa orixe, o seu oficio, as súas actuacións ou nalgunhas peculiaridades per-soais, tanto física como psíquicas”.

Os alcumes ou sobrenomes, tamén son coñecidos como alcuños, nomeadas e, en castelán, como “motes” ou “apodos”, sen embargo en O Grove emprégase a palabra: **CHATAS**.

Aínda que nestes tempos perdeuse entre a mocidade este interesante anaco da nosa cultura popular, o certo é que, as persoas do pobo, coñecíanse entre eles máis polas chatas que polos propios apelidos e por iso, en moitos casos, ao lado do nome había que poñer a chata para diferenciar a persoas do mesmo nome. Exemplos temos de abondo. Nomes tan abundantes como Manolo, quen sabía a quen te referías senón che dicían?



Ramón “Lavandeiro”

**Manolo:** Collón, Prudensio, Desamparado, Tarteiras, Giso,... E se falamos de Luís, senón che din, **Luís:** Mixiñas,

Lechugiñas, O Simón, Pote,... e de Ramón, senón engaden, **Ramón:** O do Curro, Lavandeiro, Jamé,...

É difícil teorizar dun xeito fiel sobre as raíces e os motivos das chatas, pois uns fan referencia a determinadas características físicas: A Muda, Barrijiñas, Feitiño,... Outros son familiares: As Vidalas, Os Neiras, Os Lores,... Os que aluden a personaxes famosos: Futre, Puskas, Fleitas,... Tamén por oficios ou profesións: Carniceiro, Churrero, Electricista,... Por defectos na fala: Tití, Foufou, Tatelo,... Por lugar de procedencia: Portonovo, Padronés, Sevillano,... Por mor da emigración: Alemania, Argentina,

Fransés,... Os que responden a maneiras como “os de”: Os da Jatiñeira, Os de Gillán, Os do Norte,... Apelidos ou nomes que funcionan como chatas: Beas, Escalante, Xermade,... Chuco, Javel,... Hainos con orixe en animais: Jalo, Loba, Parrulo,... En peixes: Besugo, Cangrexo, Casapo,... Orixe en obxectos: Jorra Grande, Soquiños,... en Moedas: Perrachica, Chicavella, Calderillas, Peseta,... Por mala pronuncia ou pouca claridade: Iñuaña, Mandoncacho, Mascomías, Xavou,... Aínda que os máis característicos e numerosos son os comportamentos curiosos, situacións

<sup>1</sup> Antonio Días Lema. “Motes pontevedreses” El Museo de Pontevedra XLVIII. 1994. Páxs. 573-606.



# LISTA DE CHATAS

<b>A</b>	Besugo	Canario	Caxato	Cochise	<b>F</b>	<b>I</b>	Llonco
A Burra	Bicha	Cangrexo	Caxenas	Cochiví	Fabaloba	Ibarrola	Loba
A Caldereta	Bicho	Cantaruxa	Caxicas	Codrela	Fabeiro/a	Indio	Lobato/a
A Camiña	Bicho no cu	Cantaruxo	Caxoeira	Codrelo	Facarellas	Inglesa	Lobo do con
A Carabela	Bichotes	Canteira	Caxón	Collón	Faldrán	Iñuaña	Loquillo
A de Andrea	Bico	Canteiro	Cazolas	Colón	Faneca	Ixo	Lora
A do Jalo	Bifó	Cañaja	Cazurro	Combatiente	Faroles		Lores
A do muiño	Billaros	Cañojo	Cecilio	Comenensia	Farruca	<b>J</b>	Lorita
A dos Caballitos	Birbiricho	Cañarte	Centovinte	Conán	Farruco	Jabina	Lorito
A dos Carallos	Biturno	Cañón	Cesteira	Conas	Farturento	Jabino	Loureiro
A dos Zocos	Bochinche	Cañota	Chacarela	Conchudo	Feitiño	Jaiteiro	Lubrica
A Gesta	Boliche	Cañofo	Chacho	Conchudo/a	Ferreiro	Jaldrana	Lubriga
A Gondara	Bombero	Capador	Chalán	Conde	Ferriños	Jalerías	Luceiro
A Meca	Bomby	Capalauña	Chaltín	Conexeiro	Fijena	Jaliña	Lura
A Muda	Botana	Capitán tormenta	Chan	Conexo	Filipa	Jaliñáns	
A Pequena	Boteiro	Cara de Can	Chancaiche	Conín	Fino	Jallanco	<b>M</b>
A Portujesa	Brasileño	Cara de ferro	Changó	Coninas	Firrás	Jalo	Macana
A Rata	Bujias	Carabel	Chapelíño	Copitos	Fleitas	Jamé	Macaqueos
A Roca	Burravella	Carabicho	Chapelo	Coplas	Foca	Jaravino	Machado
A Romana	Burro	Carabinera	Chapirras	Cordiaira	Fodonña	Jareja	Maiscomias
A Roqueira		Carabuña	Charló	Correa	Fogonero	Jarrido	Majajulla
A Sabaliña	<b>C</b>	Caraco	Charroni	Cortador	Fogueiradas	Jaucha	Majató
Abuelito	Caballo loco	Caramecha	Chasco	Cortesvellas	Foljada	Javel	Mal peinado
Alcuña	Cabalo	Caramés	Chata	Covela	Fou-fou	Javino	Malajeño
Alderizo	Cabanillas	Caramujo	Chato	Covelo	Foula	Jermade	Malvado
Alemania	Cabecho	Caramuña	Chaveiro/a	Coxaina	Fouleira	Jertrudes	Mama Rosa
Ameixeira	Cabeza de Unto	Caramuxo	Cheirafistulas	Coxo	Fouleiro	Jesto	Mamoa
Anaca	Cachanegra	Carbona	Cheiriña	Crespa	Fraja	Jivaro	Manchado
Anaco	Cachapón	Carbonarios	Cheiro	Criminal	Franca	Jode en Coiro	Manco
Ancho	Cacharro	Carcaman	Chepa	Cu de ferro	Fransés	Jorra Jrande	Mandoncacho
Andalús	Cachín	Carita de rosa	Chericoco	Cu de rato	Freixeiros	Josefá	Mango
Andaluza	Cacholeira	Carliña	Chicavella	Cuancha	Fugitivo	Joveletería	Manito
Anselma	Cachopeiro	Carliños	Chicharro	Cuancho	Fujas	Jroninger	Mañoña
Antón	Cachupeiro	Carniceiro	Chileno	Cubano	Furela	Juanilla	Maquiavelo
Arauxo	Cadrado	Carola	Chilindra	Cuchiño	Furruxa	Jueva	Marchola
Argentina	Caena	Carolo	Chilindros	Cuico	Furruxe	Juevo	Marcholo
As Chatas	Caja	Caropas	Chimeneas	Cunin	Futre		Marchóns
Asturiana	Caja na olla	Carpelas	Chinchilla	Cura		<b>K</b>	Marela
Asucreiro	Caja na playa	Carra	Chipi	Curita	<b>G</b>	Kenyo	Mareque
Asunción	Cajallón	Carrandán	Chiquillo	Currás	Galo	Kunchudo	Mariela
Aviso	Cajanasartén	Carrapeto	Chiquitín	Curruxo	Gardés		Mario
Azucareiro	Cajapolaspernas	Carrapicha	Chivo	Cuspillas	Gardesa	<b>L</b>	Martuxa
	Cajarria	Carrasca	Choca		Gato	Lajañoso	Maruja do Trus
<b>B</b>	Cajeta	Carrasco	Chopo		Gaucho	Lajarteiro	Masarico
Baboso	Cajo	Carraspou	Chorón	<b>D</b>	Genaro	Lajueiro	Mascata
Bacenilla	Calacú	Carraxe	Choronas	Da Braña	General	Lambelaxes	Mascato
Baisiña	Calatrava	Carreirán	Chouchou	Da Burra	General	Lapre	Mascomias
Bamba	Caldeirón	Carro	Choupeira	Da Frutería	Generala	Larexa	Masidán
Bandido	Caldereta	Carroña	Choupin	Desamparado	Generoso	Larexo	Masidana
Bañeiros	Calderilla	Carroño	Chouriso	Do Betis	Gesta	Larochas	Mata ratas
Bargés	Calela	Cartagenera	Chuco	Do Patio	Giso	Larragoitia	Mataporcos
Barrala	Calicó	Cartillo	Chucurruchá	Dorindas de Marín	Gordito	Latén	Matarana
Barrapocha	Calloso	Casapa	Chula		Gordo	Lavandeiro	Mateu
Barreiriño	Camaleón	Casapo	Chulo	<b>E</b>	Grilo	Lebre	Maura
Barrijiñas	Camaña	Cascarneiro	Chupete	Electricista	Groveiros	Lechuguiñas	Maxidana
Bartolo	Cambadés	Casildo/a	Churrera	En ruta	Guigui	Leiro	Mazaconas
Basilisa	Caminero	Casuiros	Churrero	Escabecheiro	Gutinito	Lianora	Meco
Bastos	Campante	Casurro	Ciclón	Escalante		Limeño	Meljacho
Bea	Campaña	Catana	Ciento e Pico	Esclavitu	<b>H</b>	Lireña	Mellalla
Belico	Campusina	Catelo/a	Cirilo	Esperanseiro	Habanera	Liriña	Merda de can
Bellaca	Canalla	Catoura	Coancho	Esquiela	Habanero	Liriño	Merdaseca
Bellaco	Cananca	Caxarte	Cobertoreira	Ezequiela	Habichuelo	Lixeira	Mexaboy
Benedicto	Canaria		Cocherito			Lixeiro/a	Mexo de burra

Mexón	O Motora	Pata de palo	Pesquin	Poucabola	Riaboca	Soquiños	Veneno
Mi corasón	O Rubio	Pataca	Peñada	Poyo	Rianxeira	Soutulla	Venturas
Mi vida	O Ruso	Pataco	Petapouco	Praba	Rica	Sucreira	Venturiña
Mijallina	O Simón	Patafó	Petela	Practicante	Richa	Supina	Venturita
Mijes	Ochoas	Patarrina	Peteleiro/a	Practico	Rincona		Vico
Milindros	Orellas	Patarroxa	Petouto	Prego/a	Rinxirela	<b>T</b>	Vidal
Millán	Os da Braña	Patasanta	Pexeja	Prejo	Rinxirelo	Tacón	Vieira
Millonaria	Os da Jatiñeira	Patela	Pexejo	Prenderolo	Roche	Tarolas	Vil
Mimi	Os de Gillán	Pateri	Picamuíños	Presiosa	Romanos	Tartarexa	Villaros
Mixiñas	Os de Rons	Patiña	Picán	Primosa	Romero	Tarteira	Vilurica
Moco	Os do norte	Patrolo	Pichapan	Primitivo	Rompetchos	Tarzán	Vinagre
Molete	Os dos Castaños	Patronilo	Pichela	Prol	Roxito	Tasítas	Viturno
Moreno	Outón	Paxariña	Pichicha	Prudensio	Rubio	Tatelo	Viudo
Moriño	Ouvella	Paxariño	Pichochas	Pula	Rusia	Teca	Worris
Moro	Ovidio	Paxarolo/a	Pichón	Pulga		Tejiña	
Morqueiro		Pebello	Pico de loro	Puskas	<b>S</b>	Telleiro	<b>X</b>
Mudo	<b>P</b>	Peceiro	Pilis		Saballa	Tenorio	Xacobe
Mulleriña	Pachau	Pedreiro	Pinchasa	<b>Q</b>	Saballo	Teque	Xacobe
	Pachila	Peido	Pinchaso	Queimada	Sabor	Tesedeira	Xandeira
<b>N</b>	Padornés	Peixiña	Pinguíña	Quenser	Sabora	Tetadatrás	Xandeiro
Nabicol	Padornés	Peixiño	Pincha	Quentacús	Sacarela	Tetela	Xarda
Natillas	Padronés	Peixudo	Pinicho	Quilla	Sacristana	Tintán	Xardo
Naveira	Padronesa	Pelala	Pintosa	Quingucha	Saltona	Tinosa	Xe
Naviero	Pajanini	Pelea	Piñeiro	Quinsequilos	San Martín	Tipona	Xil
Neboa	Pajarillo	Peletro	Pio	Quiricas	Sancho	Tirameduas	Xon
Nejrona	Paladín	Peligr	Piolla	Quiriquento	Sanchudo	Tirantes	Xucel
Nina/o	Palangana	Peligro	Piricos		Sanfrunheiro	Titi	
Ninas	Palleiro	Peluco	Pirillo	<b>R</b>	Sanfrunheira	Tocho/a	<b>Y</b>
Niñón	Palmeirana	Penecho	Pirri	Rabascallo	Saquel	Todomentira	Yiyaró
Nubenejra	Paloma	Penjamo	Pisalla	Rai	Sarajata	Toniño colacao	
Naca	Panadero	Pentenera	Pita	Raja	Sargento Pérez	Tontina	<b>Z</b>
	Pancha	Pepa a Loba	Pitintola	Rajaña do Cu	Sarralleiro	Toñito colacao	Zapateiro
<b>O</b>	Panecillo	Pepela	Pitintolo	Rajo	Sarronca	Topo	Zoca
O Ancho	Paneira	Pepela	Pitrocás	Ramallé	Savou	Toras	Zoco
O Barateiro	Paneiros	Pepita a Hermosa	Poca	Raplín	Selmos	Toreno	Zoquiña
O Bo	Pantera	Pepona	Poia	Rañado	Semparada	Torillo	Zorro
O Chulo	Panxón	Pepucha	Polla	Raposa	Serena	Torna rodas	
O Coto	Panza	Pepucho	Pollo	Raposo	Sereno	Toro	
O da cooperativa	Paparolo/a	Perdiz	Polonia	Rascayú	Sevillano	Tororó	
O da gorra grande	Parabaixo	Perela	Pópulas	Rascó	Sicho	Torrada	
O da ovella	Parajueiro	Perera	Por Abaixo	Ratiño	Simón	Torriños	
O da turra	Paraxe	Pericas	Porcona	Rato	Simona	Toupeira	
O das Vegas	Pardal	Perico	Porfirio	Ratocobo	Sin sangue	Tousiñeiro	
O do Curro	Pardiñas	Perillo	Porqueira	Rebembé	Sinsangre	Tricheira	
O do gas	Parma	Periñas	Porqueiro	Rebeca	Sirilo	Triqui	
O do norte	Parragés	Perkins	Porroto	Rechamangueira	Sisilio	Troutelas	
O do patio	Parrandas	Pernastortas	Portonovo	Reja	Socas	Truco	
O dos cons	Parrapandeiros	Perrachica	Portujés	Rela	Solba	Trus	
O Dos Contos	Parraspás	Pescadilla	Pota	Remigio	Solla	Tumba lobos	
O dos Corbelos	Parrata	Pescadito	Pote	Renteña/o	Solva		
O dos picos	Parrulo	Pescanapedra	Potriña	Repío	Sonrisas	<b>V</b>	
O Grande	Pastrán	Peseta	Potro	Reselada	Soqueiro	Valensiano	
O Malo	Pata chula			Retratista		Velico	

Interesante sería facer un estudo sobre o significado de cada unha delas, pero hai que recoñecer que para unha publicación como esta o obxectivo é verdadeiramente difícil.




# Vinilo

Bar de copas e concertos  
Rúa da Praza OGROBE

## MECOLANDIA CITY

Por: José Taboada García



Segundo o Real Decreto do rei das Galizas SETEVINNONMELEMBRO publicado o 31 – 02 – 2008, di: Que todo o pobo que teña unha igrexa, un cura, un bar, un tolo, unha muller muller, unha lenda e un conto, será cidade.

Sabedor disto Palanquín – o lacazán maior do Grove – fixo unha xuntanza na Siradella para tratar o tema. Xuntáronse máis de dúas mil persoas.

Subido Palanquín a unha mesa de pedra, dirixiuse aos alí presentes:

- Temos igrexa, cura, muller, tolo, a lenda do Meco, ..., conto. Ten o noso pobo un conto? – Non. Que podemos facer?

- Ide á casa dos contos -

Dixo un que pasaba por alí que tiña unha pinta moi rara, mesmamente non parecía deste planeta.

- Onde se atopa a casa dos contos?

- Está en todos os sitios, é tan grande tan grande, que mesmo chega ás estrelas. Non ten balcóns, nin mesas, nin camas ..., só ten contos.

Tampouco ten cor, é invisible, para que nos deixe ver o mar, os ríos, as montañas, os campos, os bosques, os paxariños cantar, a lúa, as estrelas, ...

- E como entramos? – dixo Brais – un rapaz duns once anos que se atopaba alí.

- Pola porta que ten a casa invisible, unha porta invisible que se abre cunha chave invisible.

- E quen ten a chave invisible?

- Toma!


- Pois mira que pesa!

Aquel home desapareceu, o tolo dixo que se convertera en paxaro.

- Pois agora vai buscalo Brais – Dixo Palanquín

- Vou contigo – Dixo Mariña – unha rapaza máis ou menos da súa idade.

- Mira, aquí está!. Entramos Mariña?



Vista dende o Monte Siradella. O Grove

- Vale

- Cantos contos!! Blancaneves, Carapuchiña Vermella, A Lúa Faladora, Xanciño Voando ...

- Como entraches aquí? – Díxolle un vello que levaba un sombreiro negro, unha capa vermella e un pau na man.

- Coa chave invisible, que abre a porta invisible.

- Dádeme esa chave xa, ou déixovos pechados aquí para sempre.

- Teña, teña !!

- Quen é vostede?

- O Garda dos Contos. Que é o que queredes?

- O conto do Grove para que o Grove sexa cidade

- Quen vos dixo que o teño eu.

- Un paxariño, o máis belo do mundo, que ten unhas cores tan fermosas que ninguén foi quen de pintar. Son cores que non se atopan na terra.

Cando se pon a cantar, os outros paxaros calan todos para escoitalo. Párase o tráfico, e mesmamente, como se por maxia fose, os avións quédanse parados no ceo. Párase o sol, páranse os reloxos e ata os peixes sacan a cabeza de debaixo

da auga.

- Si, é o paxaro Paradís, ven do Planeta Baos, visita a Terra cada mil anos. Xa vexo que non mentides. Aquí teño o voso conto que me acaban de traer as princesiñas dos bosques encantados.

- Que conto é?

- O Galo Picón. Tomade e contádeo ben.

Marabillado o rei polo conto do Galo Picón, a Lenda do Meco e o resto ..., concedeulle ao Grove o Título de CIDADE DE PRIMEIRA. Para o cal será dotada de Catedral. Bispo. Tren, Metro, Aeroporto e Pista de Carreiras de Tartarugas.

Para que isto se leve a cabo, deberá trocar o seu actual nome e pasará a chamarse "MECOLANDIA CITY".

## O SUBMARINO DE ONS

Por: Yago Abilleira Crespo

Historiador Naval e Buzo

Os excepcionais fondos mariños de Ons non só teñen grande biodiversidade e paraxes únicos, tamén albergan multitude de naufraxios, testemuñas mudas da nosa historia. Sen embargo, hai un afundimento que chama a atención: Un prototipo secreto que Mussolini cedeu a Franco, un poderoso submarino que foi o azoute da República na Guerra Civil, o “As de ases” da Arma Submarina Española, o “*General Mola*”.

### A MARIÑA ITALIANA MODERNÍZASE

A historia deste buque empeza en 1.931, na Italia fascista de Mussolini. A Armada Italiana (*Regia marina*) ordenou construír un novo tipo de somerxibles. Trátase dunhas naves con capacidade para permanecer en alta mar longas tempadas, cun armamento devastador, e, por se fora pouco, cun novo deseño. A primeira unidade recibiría o nome de *Archimede* en honor ao famoso grego que formulou o coñecido principio de flotabilidade.

O *Archimede* foi posto na grada en Outubro de 1.931 en Tarento, botado en Decembro de 1.933 e entregado á *Regia Marina* en Agosto de 1.934. As súas características eran sorprendentes: 70'5 metros de eslora (longo), 6'87 m. de manga (ancho), autonomía de ata 5.900 millas (10.927 Km.), capaz de dar os 17 nós en superficie (31'5 Km/h) e os 8'5 en inmersión (15'7 km/h). Aínda así, o mellor era o seu fabuloso armamento: 8 tubos lanza-torpedos de 533 mm., 2 canóns de 100 mm. e metralladoras antiaéreas de 13'2 mm.. Suficiente para afundir un convoi enteiro nun suspiro.

Ao recibir estas novas máquinas, a *Regia Marina* tivo que formar aos seus tripulantes e sometelos a duros adestramentos. En 1.935 estaba listo para o combate.

### A GUERRA CIVIL ESPAÑOLA

En 1.936 estala o cruel conflito que asolou España durante 3 anos, e do que o noso país tardou décadas en recuperarse.


Resulta pouco coñecida a parte naval da contenda, que aquí resumirei brevemente: A maior parte dos buques (incluídos todos os submarinos) e a base de Cartaxena quedan

en mans da República, mentres que os sublevados teñen moi poucos barcos, pero controlan as bases de Cádiz e Ferrol (as máis importantes de España). O grande paradoxo dáse nas tripulacións, xa que a maior parte da mariñeiría permanece fiel ao goberno, mentres que os oficiais apoian a insurrección, polo que cada bando encarcerará aos seus respectivos disidentes. Así a República, pese a ter unha abrumadora

superioridade numérica, apenas ten oficiais capaces de mandar os navíos. Pola súa banda, os sublevados teñen poucos buques (en breve contarían co Canarias e o Baleares, case terminados nos estaleiros de Ferrol) e con bos oficiais para gobernalos, pero posúen escasa mariñeiría.

Os golpistas serviranse de mariñeiros civís (pescadores, mariños mercantes,...) para manexar os barcos e, rapidamente, empezarán a formar a novos mariños. Sen embargo, o Goberno lexítimo sempre adoececerá de mandos, o que se verá reflectido no rendemento da súa escuadra.

O "Archimede" no estaleiro o día da súa botadura.  
Cortesía Emilio Umbría / U-historia



O transcurso da Guerra Naval é simple. A Armada de Franco saca todo o proveito dos seus buques, apoderándose rapidamente do Atlántico e Cantábrico, tralo cal, comeza a tomar o Mediterráneo. As naves republicanas, a penas útiles pola falla de mandos, soen eludir o combate e cada vez pónense máis á defensiva.

### OS ALIADOS MARCAN A DIFERENCIA

O Xeneral Franco, xa antes da contenda, conta co apoio incondicional de Alemaña e Italia. Pola súa parte a República ve como Francia e Inglaterra abandonana á súa sorte, escusándose na condición de “neutrais”, e vese obrigada a comprar a axuda da Unión Soviética co ouro do Banco de España.



O "Archimede" entrando na base italiana de La Spezia.  
Cortesía Emilio Umbría / U-historia

A Armada alemana (*Kriegsmarine*) escoltaba aos seus mercantes que levaban cargamentos para as tropas sublevadas, o que liberou de tarefas á Armada dos golpistas, podendo así dedicarse á guerra propiamente dita. Italia, cando puido, fixo o mesmo.

A mariña inglesa (*Royal Navy*), rara vez escoltou aos mercantes con axuda para a República, menos aínda a Unión Soviética.

O Mediterráneo seguía en mans dos leais e era por alí onde recibían a axuda soviética. Isto desesperou a Franco, que argumentaba que eses subministros provocarían unha longa Guerra de desgaste, polo que decidiu pedir a Hitler e Mussolini que se implicaran máis. Estes tiñan as súas reticencias, unha cousa era axudar con armas e mercadorías e outra moi distinta afundir buques dun Goberno recoñecido internacionalmente. Sen embargo pronto atoparon a solución:

Submarinos. Dese modo poderían permanecer ocultos, atacar rapidamente aos mercantes e volver a esconderse.

### O ARCHIMEDE CHEGA A ESPAÑA E ATEMORIZA Á REPÚBLICA

Mussolini e Hitler ven na Guerra Civil unha ocasión única para probar os seus novos submarinos en combate.

En xaneiro de 1.937 o *Archimede* patrulla o Mediterráneo español na procura de presas. A tripulación é italiana, pero embarcaron algúns oficiais españois, para que Italia poida salvar o tipo, no caso de imprevistos. Por fortuna, regresou coas mans baleiras.

Para evitar complicacións internacionais, Franco solicita aos seus aliados que lles entreguen submarinos en propiedade. Dese modo, a Armada sublevada será a única responsable das súas accións. Alemaña négase a elo, pero Italia venderá dous, o *Archimede* e o *Torricelli*. Para enganar á República (e á opinión internacional) Franco decide nomealos, respectivamente, C-3 e C-5. Eses son os numerais de dous submarinos republicanos afundidos (o C-3 foi torpedeado polo alemán U-34, mentres que o C-5 desapareceu en alta mar), así farían crer que, en realidade, ditos submarinos se pasaron de bando e que eran totalmente españois. O truco funcionou e posteriormente, o ex *Archimede* será rebautizado como “*General Mola*” nome que conservará ata o fin dos seus días.

O 19 de Abril de 1.937 ízase a bandeira española no (aínda) C-3 e a penas tardou en recoller éxitos. A súa primeira vítima foi o motoveleiro *Granada* (cun porte de 234 toneladas) que, procedente de Francia, dirixíase a Alacante cun cargamento de armas. O paquebote *Rápido* foi o seguinte en baixar ao abismo. O gran logro do *General Mola* foi o afundimento do enorme mercante *Cabo de Palos* (6.342 Ton.) que, dende a Unión Soviética dirixíase a Valencia con material de guerra. O vapor holandés *Hanna* (3.730 Ton.) foi branco dos seus torpedos e naufragou. Máis sorte tivo o mercante grego *Lena* que conseguiu chegar remolcado a Barcelona con numerosos danos, causados por torpedos. Esa foi a derradeira presa do *General Mola*. Cun historial de 4 afundimentos (e un danado), converteuse no Submarino español con máis victorias (título que aínda ostenta a día de hoxe).

Ante as elevadas perdas de barcos con subministros, a República tivo que utilizar os seus buques de guerra para protexer aos mercantes. Esta decisión permitiu aos escasos navíos sublevados apoderarse do mar e atacar a obxectivos terrestres costeiros (recórdese que Alemaña e Italia escoltaban aos seus propios buques). De non sufrir tantos naufraxios, é moi posible que a estratexia marítima da República fose outra ben distinta.

### O SUBMARINO QUE SE REVELOU CONTRA O SEU DESTINO

O *General Mola* continuou prestando servizo na Armada Española e pasou os seus últimos días na Escola Naval de Marín, servindo como “portador de brancos” para os exercicios de Tiro Naval. Foi dado de baixa na Armada o 24 de Maio de 1.959 e vendido como chatarra. Sen embargo, o somerxible negouse a perecer baixo o vil soprete e buscou un final máis glorioso: O 23 de Decembro de 1.959 estaba sendo remolcado camiño do despece en medio dun temporal cando partiu o cabo do remolque, quedando o *General Mola* á deriva, índose a estrelar contra a Illa de Ons.

Os expertos da Armada certificaron que o seu rescate era inviable.




Placa en castelán atopada nos restos do somerxible

### !!!!EN ONS, O FERRO ABOIA!!!!

O *General Mola* xacía preto dunha gruta que hai ao sur de A Freitosa (cara oeste de Ons), a moi pouca profundidade. Os seus restos estaban sendo desmantelados polos embates

do mar e polos propios habitantes de Ons, quen trataban de gañarse unhas pesetas coa chatarra do submarino, chegando a deseñar curiosos enxeños para desmontar o pecio. Por iso a Armada decidiu sacar proveito dos restos e vendeu o submarino a unha empresa de despeces submarinos.

É entón cando ocorreu unha das anécdotas máis curiosas na historia de Ons, de feito, os vellos aínda sorrín ao recordala.



Placa de bronce (en italiano) dos motores eléctricos atopada entre os restos.  
Cortesía Alberto Otero

A empresa que despezaba o *General Mola* amontoaba as pranchas de ferro no peirao de Ons, coa idea de poder levar todo a “terra” nunha soa viaxe e aforrar portes. Sen embargo, cando regresaron un Luns á Illa, atopáronse co peirao baleiro e ninguén sabía nada. A empresa denunciou os feitos ante a Armada, esixindo os cartos xa pagados, así como unha compensación por danos e prexuízos. A resposta do goberno de Franco foi de película, enviáronse a Ons a varios soldados que empezaron a rexistrar casa por casa, descubríndose pezas do submarino en todas elas.

Por sorprendente que pareza, todos os illáns foron levados a xuízo, onde se lles quería impoñer serias penas. E é aquí cando, segundo se di, entrou en acción o cura de Ons, quen elaborou a estratexia a seguir: En calquera declaración que fixeran os veciños, tiñan que dicir que ese fin de semana houbera mala mar, polo que as pranchas caeron á auga. Os illáns, vendo os restos flotando, recolléronos e leváronos para a casa, pensando que pertencían a un buque ao que o temporal golpeara duramente.

O xuíz non tivo máis remedio que absolver a todos. Dende entón coméntase con sorna que “*en Ons o ferro aboia*”

## REDESCUBRINDO O GENERAL MOLA

Aínda que pareza increíble, os restos do submarino caeron no esquecemento. Foi Miguel San Claudio, no seu libro “*Tesouros Asolagados*”, quen recuperou a historia de dita unidade. Lino Pazos, Emilio Umbría e Fernando Patricio encargáranse de ampliar o currículo do somerxible.

É entón cando me decato do curioso pecio que gardaba Ons. Ao transmitirlle a noticia aos compañeiros do “*Club de Buceo Ons*”, mostráronse entusiasmados: Hai que mergullar o *General Mola*.

Empezamos a falar coas xentes do mar, buscando información. Foi o “*navajero*” Iñaki Fazanes quen nos deu os datos máis precisos, aínda así, tratábase dunha ampla zona, habería que facer unha minuciosa búsquea.

A finais de Agosto de 2.008, cun excelente mar, realizamos a ansiada expedición. Vamos a ser os primeiros en mergullar o submarino, e estamos

nerviosos. Saímos ao mar dende Bueu, vamos ao peirao a dar parte a Parques e, finalmente, dirixímonos á zona. Decidimos facer dous grupos (cada un coa súa estratexia) e comezamos a búsquea.

Pese á tranquilidade do mar, hai fortes correntes submarinas, que nos zarandeaban seguido, ademais, a alga “*laminaria*” (moi grande nesa época) dificulta a visión. Os do “*grupo 2*” xa acabamos co aire das nosas botellas, sen ter atopado nada, polo que decidimos rematar e volver por superficie á nosa zodiac. É entón cando emerxen os do “*grupo 1*” e pónense a berrar: - “¡¡¡¡Lingotes de ferro!!!!”, “¡¡¡¡Lingotes de ferro!!!!”. ¡¡¡¡ATOPARÁMOLO!!! Informarámonos ben sobre os submarinos e sabíamos que, para manter a verticalidade e non dar voltas coma unha campá, levaban na quilla un bo lastre de lingotes de ferro.

A pesares de que me queda pouco aire, non podo resistirme, e decido ir ata eles e mergullar o ansiado naufraxio. A visión é espectacular: o fondo mariño está lousado de lingotes de ferro, fragmentos de cobre e bronce, pezas

irrecoñecibles... Os embates do mar e o despece (usando explosivos) desfizeran o submarino, Aínda así atopamos os restos dun compartimento de inundación dos lastres, unha gran comporta estanca e, sobre todo, infinidade de pezas pequenas. Sen embargo, o aire esgotábase e tiñamos que finalizar a inmersión.

Era evidente que non nos íamos a quedar co mel nos beizos. O próximo fin de semana volveríamos a Ons e faríamos un pausado mergullo no pecio. Pero para elo, tiveron que pasar sete interminables días ...

Por suposto que ao seguinte Domingo regresamos á zona, se cabe, con maior nerviosismo. A idea era ver a extensión do campo de restos.

O *General Mola* seguíunos deparando sorpresas: unha botella de aire comprimido para soprar lastres e emerxer, un tubo lanzatorpedos (atopado polo único grupo que non levaba cámara), máis lingotes de ferro, anacos de cobre e bronce e... un par de

placas. Unha delas de latón, en español, cunha serie de advertencias e a outra ... unha preciosa placa de bronce puro, en italiano, especificando as características dos motores eléctricos da nave. Esas eran as tan ansiadas probas que nos demostraban que estabamos no pecio dun submarino italo-español.

Polo demais, chegamos ás seguintes conclusións: O campo de restos é moi grande (de feito aínda quedan zonas por explorar), usáronse explosivos para despezar o somerxible (atopamos mechas de explosivos) e a nave está completamente desfeita.

Quizais pareza que alí só hai chatarra, pero non. Trátase do único submarino español a profundidades accesibles (pódese ver cun barco con fondo de cristal), non só iso, estamos a falar do somerxible máis activo da Guerra Civil, do maior cazador de barcos da Arma Submarina Española, dun buque da Italia fascista de Mussolini. Trátase dun pecio único no mundo, cun potencial turístico enorme e ..., o mellor de todo, ESTÁ EN ONS.



Restos: Típica foto do pecio, lingotes de ferro mesturados con restos de cobre e outros

# AS ORIXES DO “TIRO DE PICHÓN” NA TOXA

Por: Francisco Meis

Falar do “ tiro de pichón ” no Grove é, nos días de hoxe, mesturar pensamentos encontrados, xente a favor e outra tanta que amosa o seu rexeitamento. Este artigo non quere poñerse dun lado ou doutro soamente amosar o certame como un evento xa histórico no municipio que ten a súa orixe nos albores do século XX. E isto é así por que o “ tiro de pichón ” na Toxa, como certame deportivo, ten unha antigüidade de como mínimo 95 anos.

Durante varios anos ao longo da década dos anos dez veuse desenvolvendo o campionato de maneira alterna, así temos referencias nos anos 1912, 1913, 1914, 1916, 1919, 1920... e desta maneira non sempre na mesma situación. Sabemos, por exemplo, sobre os anos 1914 ou 1916 o lugar onde se desenvolveu podémolo situar, seguramente sorprendente para os cidadáns do Grove, preto da punta Cabreira. Concretamente se estiveramos na praia mirando ao mar e por tanto tendo ao Grove enfronte, os participantes estarían xusto a esquerda da praia da Mourisca, nunha explanada hoxe asolagada de toxos e silvas.

a terceira, o “ Gran Campeonato de la Toja ” era a máis variada e rica en premios, e onde, segundo en cal se participase, os concorrentes debían aboar unha cota de inscrición que oscilaba entre as 20 e 40 pesetas.

Aquel acontecemento de carácter especial daba os seus primeiros pasos na illa e fixo que se achegaran máis de 300 persoas procedentes de distintos puntos da nosa xeografía: Vigo, Pontevedra, Vilagarcía, Santiago... Dada a grande afluencia de comensais os servizos de catering do Gran Hotel tiveron que traballar arreo para servir non menos de catrocentos almozos. Debeu ser sorprendente ver o número de automóbiles que invadiron a illa, tendo en conta o escaso do seu número naquela época, e que naquel día non baixaron de cincuenta. Vehículos que foron pasando pola vella ponte xa reformada varias veces dende a súa inauguración, no ano 1910, ata os nosos días..

Se pensamos no certame hoxe, calculamos que o número de pombiños que move este acontecemento son varios miles, porén naquel nacente evento chegaron un “exiguo” número de 700 procedentes de Estremadura. Unha xestión que desenvolveu o que foi o primeiro xerente que tivo a S.A da Toxa, o farmacéutico asturiano Don Fernando Fernández Porrero, home dunha indubidable capacidade de mandato que dirixiu durante catorce anos o complexo balneario.

Neste segundo ano da década dos dez o Faro de Vigo relatábanos que “o campo de tiro de pichón, estaba moi ben disposto, e todos os palcos ocupados por distinguidas señoras e fermosas señoritas das tres poboacións antes mencionadas, así como tamén da colonia que estaba no balneario”.

As tres e media comezou a sesión co sorteo para a orde que terían que gardar os tiradores na primeira “poule” a seis paxaros. Entre outros estaba o fillo do marqués, Raimundo Riestra, o vigués Manuel González Fresco, Ramón Sanjurjo, Francisco Yañez, Fernando Bárcena, Eduardo Gasset, o marqués de Acapulco, Juan Tapias... tirador, este último, que sería o gañador da primeira “poule” con 200 pesetas e o 40 % das inscricións. O segundo sería para o Marqués de Acapulco que sería recompensado

Xornada de tiro ao pombiño preto da Mourisca



Por tanto aló polo 1912 celebrouse, posiblemente, o primeiro campionato. Xa a últimos de agosto daquel ano anunciábase como un acontecemento de proxección internacional que se viría a celebrar o un 1 de setembro e promovido, como non podía ser de outra maneira, pola S.A da Toxa. Nos tres días que durou a iniciativa participaron os máis notables tiradores de Galicia en “tres poules” das cales

co 25 % das inscricións e o terceiro, cun obxecto de arte, para un dos máis asiduos e mellores escopetas do “ tiro de pichón ”: Manuel González Fresco.

Tamén nesta competición había unha “ poule ” adicada exclusivamente para “ señoras e señoritas ” que quedou deserta. O punto final púxose coa seguinte terceira “ poule ”: *O Gran Campeonato de La Toja*. Juan Tapias volveu acadar o primeiro premio que consistiu en 1000 pesetas e unha copa de prata, do por aquel entón amo e señor de toda a provincia de Pontevedra, o Marqués de Riestra.

O segundo foi para o tirador de Vigo, Manuel González Fresco que dende unha distancia de 27 metros matou a 20 paxaros errando soamente dous.

Un feito curioso daquel primeiro certame foi, unha vez rematada aquela xornada, a poxa das escopetas chegando a obterse coa súa venda máis de 1000 pesetas. Non todas se cotizaron igual xa que as que alcanzaron maiores prezos foron as de González Fresco mercada por 280 pesetas e a do marqués de Vilanova i la Geltrú que chegou ás 120.

Ocorreu naquel campionato algo que deu na súa recta final, un novo xiro. Como xa dixemos antes a “ poule para señoras e señoritas ” quedou deserta. Porén, cando remata o certame “ varias señoritas da colonia veraniega deciden facer algúns exercicios de tiro ao pichón ”. Esto dá pé para que se formalice a “ poule ” e se faga diso todo un acontecemento. Participaron naquela tarde de setembro, un grupo de rapazas habituais nas tardes de verán da toxa, Camila e Margarita Calleja, Rosita Coll e Rosa de Federico. Camila Calleja será a que, matando tres dos catro pombiños, levará o primeiro premio, mentres que Rosita Coll que deixou escapar dous, será a segunda nomeada. Tal foi o entusiasmo levantado na colonia pola celebración da tirada para mulleres que se lles fixo un acto cargado de solemnidade para a entrega de premios.

## 2º PARTE.

O lugar elixido para o evento foi “ adornado con profusión de flores ”, soou música e incluso se oíu e se veu dende o Grove foguetes que festexaban a iniciativa que colleran as mulleres. Baixo este halo protector de masculinidade o Gran Duque do Berbés decide escribir para a ocasión un himno. O realmente importante é que a música compona un bañista que se encontraba naquel momento no Hotel, un personaxe por outro lado asiduo as augas de Louxo; o mestre José Tragó. Este home condiscípulo de Isaac Albéniz foi mestre

de varios dos máis grandes compositores españois: Manuel de Falla, Enrique Granados, Joaquín Turina... A mágoa é que o orixinal daquela música perdeuse no tempo e soamente nos queda o himno impreso nas follas do periódico.

As estrofas daquela melodía foron cantadas por un dos personaxes, que soamente as persoas máis vellas do Grove recordarán entre néboas. Un home que durante décadas foi unha institución no Gran Hotel e que foi considerado como o relacións públicas do mesmo: o barítono Mercadillo. Home aberto e de fácil sorriso que naquel acto festivo cantaba as estrofas mentres, ao unísono, todos os bañistas presentes facían o coro.

### HIMNO

*La era del tiro  
expléndida empieza  
cantemos un himno  
a Camila Calleja,  
que en lides gallardas  
destreza probó  
y en fiera arrogancia,  
el triunfo alcanzó*


### CORO

*Cantemos, cantemos  
con bélico són;  
cantemos al mirlo  
y al dulce pichón.*

Se aquel 1912 non foi o primeiro paso, que posiblemente si (*la era del tiro-espléndida empieza*), si debeu ser uns dos primeiros. Ao ano seguinte volveuse a repetir o fenómeno social pero con unha excepción, a xente do Grove tamén quixo “ participar ” activamente e tal foi o seu entusiasmo que a Garda Civil interveu avisada posiblemente polo xerente.

Durante o mes de xuño de 1913 hospédanse no Gran Hotel un gran número de persoas entre as que figuraban banqueiros, aristócratas, militares... Facía uns días que viñeran a illa uns afeccionados de Vigo, posiblemente membros do Sporting Clube que xa tiveran o seu primeiro certame en 1911, para elixir o terreo no que tería lugar o emprazamento do “ tiro de pichón ”. A radicación do lugar, posiblemente igual que no ano anterior, foi diante do que hoxe é a entrada o Gran Hotel-Hesperia e que daquela era o edificio Comedor-casino. Teríamos que pensar que onde hoxe se encontra o

enorme eucalipto e a pequena piscina do xardín existiu, polo menos neste ano, o emprazamento para o campionato. As obras levaron a explanación do campo, a construción dun elegante pavillón-restaurant e unhas tribunas. Toda unha serie de melloras que contaban telas preparadas para a primeira quincena de Xullo e así poder comezar todos os domingos unha tirada ata a segunda quincena de Agosto, mes no que se disputaría a "Gran Copa de La Toja". Por outra parte, toda unha declaración de boas intencións, pois xusto o catro de xullo xente do Grove decide anticiparse o certame e "participar" no "tiro o pichón". Un grupo de mulleres, "trasládronse ao punto no que a empresa anónima construíu a explanación feita no terreo". Isto foi un dos tantos acontecementos que se viñan repetindo dende había anos motivado polo aproveitamento do monte e as continuas liortas que enfrontaban aos veciños do municipio coa sociedade anónima. A garda civil interveu aquela vez e non tiveron máis remedio que marchar, non sen antes, desfacer todo o que puideron. A pesar dos contratemplos celebrouse o evento a tempo e dado o éxito acadado no ano anterior o número de premios aumenta e de forma semellante o prezo das inscricións.



Foi tanta a asistencia que se serviron 600 xantares e, se o ano anterior estiveran cincuenta automóbiles, neste chegaron

aos cen. Cearon no Gran Hotel un menú variado que hoxe reproducimos para rememorar o que se comía por aquel entonces non Gran Hotel:

*Entremeses variados*  
*Paella a la Valenciana*  
*Langosta Salsa Tártara*  
*Ternera a lo Marengo*  
*Roast-beef*  
*Patatas chip*  
*Jamón en dulce*  
*Mantecado de Vainilla*  
*Patelería*  
*Frutas y Queso*

Para aquela volta o Marqués de Riestra foi capaz de convencer a un dos seus mellores amigos, o ex-ministro de Facenda e tamén de Gobernación, Augusto González Besada, para que asistise. Será el quen estea naquela tirada de 1913 e quen doe unha das copas na que figurará o seu nome. Pero non remataban aquí as amizades do marqués senón que dando nome a outro dos premios estaría Gabino Bugallal, aquel que fora ministro de instrución pública baixo a presidencia de Raimundo Fernández Villaverde e que sería no mes de outubro daquel mesmo ano, ministro de Facenda co presidente Eduardo Dato.


Durante aquel xantar, mentres a xente falaba da súa vida cotiá e os políticos lla arranxaban, soaba un cuarteto de luxo integrado por profesores da Orquesta Sinfónica de Madrid. Ese ano estaba formando parte das comidas musicais do Gran Hotel, Rafael Mirecki, un rapaz de apenas quince anos que xa era profesor no conservatorio. Non nos debería sorprender por outra parte, xa que o seu pai foi mestre dun dos máis grandes violonchelistas de todos os tempos: Pablo Casals.



**Embarcaciones**  
**Motores marinos**  
**Mantenimiento**  
**Invernaje y guardería**  
**Accesorios**  
**Servicio técnico**

Avda. de Orense, 50 - Teléf.: 986 883 931 - Fax: 986 880 095 - 36900 MARÍN (Pontevedra)

**MARINER FORCE QUICKSILVER merCruiser YANMAR**



## XENTES DESTAS PARTES: O CACHOTE

Por: Xoán Xosé Pérez Labaca

Este relato que agora sae de novo á luz escribino fai xa a friorenta de vintetrés anos para unha sección titulada “Xentes destas partes” dun periódico que se editaba, e se sigue editando, en Pontearreas chamado A Peneira e que foi publicado no mes de maio de 1985. Pois ben, nalgunhas ocasións eu narraba cousas de persoeiros que coñecín na Illa de Ons. Eran narracións feitas en clave de humor e nunca coa intención de vexar, insultar ou facer de menos á persoa en cuestión senón, polo contrario, era unha forma, a miña maneira, de mostrarlle o meu afecto, a miña consideración e sobre todo o meu respecto. Comezo con este preámbulo porque tal como están de fodidas as cousas na actualidade cada quen é capaz de mesturar a velocidade co touciño e desa mestura podemos saír salpicados algúns e sobre todo eu. E, sinceramente, non quero.

O escrito era así, titulado “O Cachote” dicía: “O Cachote era xa moi vello cando me contou esta historia. Daquela xa non traballaba no seu oficio de carpinteiro de ribeira, xa non carenaba as dornas, xa non lle poñía toletes novos ás gamelas pois coas súas mans non podía suxeitar as ferramentas, e por iso non podía traballar. As mans tremíanlle moito, para min motivado á vellez aínda que dicía que lle tremían por mor dunha enfermidade que padecera sendo mozo que, ao perecer, pegáralle unha mulata cubana que exercía o oficio mais vello do mundo, no Ferrol nos anos cando estivo na Mariña facendo o servizo militar. A mulata en cuestión, si é que a houbo, non lle pegara nada pero el gustaba de gabarse de que fora moi machote e moi mullereiro na súa xuventude. O tremor das mans, non cabe dúbida, víñalle motivado pola idade.

Daquela o Cachote, de verán, sentábase a tomar o sol nos peiraos ou na porta da taberna do Garulo ou na de Checho e alí, diante dunha cunca de viño –que bebía colléndoa coas dúas mans para non derramalo- contaba, a quen quixera oír, as súas historias e compoñía as súas copras que, segundo estivera de inspirado, eran de actualidade, de feitos pasados ou de carallada (nas copras facía fincapé que as que remataban en “ar” el sempre lle engadía unha “e” e así quedaban en “are”), por exemplo:

Dorniña ponte de quilla  
que te vou a carenare  
de rosas e caraveles  
para saír a la mare.

Non che teño rapaza  
outra cousa que dare  
que este peixe fresquiño  
que eu che traio do mare



Naquel día cadrou que eu fun por alí e o Cachote contoume o que sigue: “Hoxe –comezou dicindo- fan falta títulos e mais certificados para poder traballar sexa no que sexa. Agora non é como fai uns anos onde cada un traballaba no que lle viña en gana ou cambiaba de chollo cando lle petaba. Agora os tempos están fodidos e para acadar un posto de traballo fai falta, polo menos, facer oposicións, menos para político que para iso vale calquera sempre que saiba falar sen dicir nada; cousa esta que por outra banda non resulta nada sinxela de facer para os que, coma min, estamos acostumados a dicir algo cando falamos.

E con relación aos títulos –continuou falando- eu coñecín un bar, alí pola banda do Norte preto de Santa Uxía de Ribeira, chamado “A tobeira do coello” que tiña no cartel, moi ben debuxado por certo, un coello botando a cabeza fora do tobal. Nome certamente axeitado para un bar, non coma hoxe que lles botan nomes estranxeiros como: Snak Bar Willi’s, Café Illinois, etcétera, ou outros que non resplandecen precisamente pola súa orixinalidade como: Bar Nuevo, Casa López ou así. Pois ben, o dono do bar “A tobeira do coello” tiña con el un rapaz, ao parecer neto, que lle axudaba a despachar aos parroquiáns que ían alí tomar unha fecha. O que mais me chamou a atención foi que para chamar polo neno, o vello dicíalle: bótalle viño a eses dous!

-Oe Diploma, lava ben esas cuncas.

-Non me queda tabaco dese pero agora mando ao Diploma a buscalo ao estanco.

Tanto Diploma por alí, tanto Diploma por acolá, coma se fose un can, xa me tiña farto pois habendo nomes cristiáns polo mundo adiante chamarlle Diploma a un rapaz ata me daba noxo. Xa non puider aguantar mais e pregunteille ao vello:


-¡Señor Coello ¿por qué lle chaman ao neno Diploma habendo como hai tantos nomes no calendario máis no santoral do abade?

El mirou para min como quen estuda se a pregunta tiña “piada” ou, vaia vostede saber, se cadra non lle gustou que lle chamara Señor Coello. O caso foi que debílle parecer a boa fe que me contestou:

-Pois mire vostede, a miña filla mais nova, a Carmiña, metéuselle na cachola que tiña que ir A Coruña para aprender alí o corte e confección. Tanto me quentou a cabeza que xa farto de aguantar a mesma historia tódalas horas collín e ¡zas! dínlle os cartos para que fose aprender iso do corte maila confección. Antes de facelo aviseina ben avisada:

-Se che parece –díxenlle- vaite para alí e perde o tempo e cando veñas de volta non traías o diploma. Ela cumpriu ben co trato pois cando volveu traxo o Diploma que agora me axuda no bar”.

O Cachote cando rematou o conto sorría, montado na retranca, polo baixo”.



## ONS, MEU PARAÍSO DE ONTE (VIII) A ILLA CHORA... MORREU O MIRO

Por: Julio Santos Peña  
(Xan. 2009)

Na hora e poñerme a escribir este relato chégame a mala nova do pasamento de Ramiro Otero e con ela xorden moitas lembranzas del e doutros personaxes cos que convivín no día a día na miña estancia na Illa. “Miro”, o axudante do torreiro titular, era tamén una peza imprescindible do nada doado entarimado do faro mesmo porque tiña como labor estar ao carón da gran lanterna todos os días do ano mentres que os fareiros facían quendas quincenais e mudaban continuamente.

Tiñamos como torreiro principal naquel intre a outro home singular, Don Xosé Soto, una persoa de case dous metros de altura e enorme corpulencia que desprendía amabilidade por todos os poros da súa pel. Soto foi un bo compañeiro dende a nosa chegada á illa e con el compartín conversas de amigos metidos no mesmo barco e lonxe dos nosos puntos e orixe.

Todos os fareiros que rotaban con Soto que eu coñecía eran homes de idade bastante avanzada, veteranos no seu labor, e coñecedores á perfección do faro, que para eles sería un faro máis, aínda que para min, por exemplo, cando os miraba postos na mesma luminaria facendo cálculos como quen enroscaba un parafuso, tiña o seu labor algo de vital importancia especialmente para os que, desde a distancia, no mar, decatábanse de por onde ían grazas a aqueles escintileos da vella luminaria.

Pero, salvando a Don Xosé Soto, o verdadeiro torreiro da illa, non se podía falar do faro sen pensar en “Miro” que permanecía a diario e todas as datas do ano, aínda estando de vacacións, preto del e disposto a resolver calquera emerxencia porque daquela, sen os automatismos de hoxe, o faro era moi manual a base de cordas, poleas e mercurios que Ramiro Otero manexaba con destreza moitas veces axudado pola súa dona Aurita, sempre a carón de Miro e coa vista posta nos numerosos cativos que formaban a súa prole.

A relación de Miro cos torreiros era dispar. Con Soto tiña una familiaridade especial porque Don José era o que máis

estaba na Illa. Queríanse como irmáns ou mellor, como pai e fillo e o fareiro semellaba un membro máis da familia de Miro na Illa. Tamén é certo que tiñan discusións de traballo con anoxos frecuentes entre eles que duraban o que se tardaba en baixar desde o Faro ata a taberna de Checho onde os cabreos esfumábanse como non podía ser doutro xeito.

Cando Soto non estaba na illa, Miro gardaba una relación máis respectuosa cos torreiros da quenda sen que elo queira dicir que non tiña o mesmo respecto con Don Xosé aínda que si, a familiaridade era distinta. Habíaos que lle esixían unha maior tensión no traballo que Miro facía despois de tantos anos ao seu xeito e el coñecía perfectamente por onde respiraba cada quen dos seus esporádicos xefes e cal debería ser a maneira de traballar mentres cada un deles estivese na Illa.

Un exemplo singular era un torreiro madrileño que se chamaba “Alcalá”. Home culto, respectuoso e moi serio no seu ser e no seu facer. Moitas conversas mantiven con aquel home espigado e xa maior que tiña un nivel cultural altísimo, quen de levar calquera tipo de conversa que sempre era amena e edificante. Alcalá era o azoute de Miro porque o marcaba desde a súa chegada ata que quince días despois volvía don Xosé, ao que Miro esperaba como se fora a liberación. Tiña un problema na fala porque prendía algunhas sílabas e había que acostumar a escoitalo para entender á primeira o que dicía, e Ramiro imitábao á perfección. Alcalá estaba pendente dos “chiquitos” que podía tomar o seu axudante que sempre lle parecían moitos e con frecuencia dicíalle: “*Ra..am..iro hoom..bre; pare..eece uste..ed u..un o..odre de..ee viiino; hoom..bre!*”, e todo para motivar ao seu axudante porque tampouco era para tanto.

Deuse o caso nun dos días de cambio de torreiro que co barco de faros á vista, Alcalá estaba no peirao disposto para facer o relevo e Ramiro na gamela preparado para trasladar ao fareiro ata o barco. A mala sorte fixo que o veterano torreiro

Miro a súa muller Aurita e o seu fillo pequeno Alberto. 1982



puxese mal o pé de embarque na popa da gamela e alá se foi ao mar en vertical, como un pau teso, perdéndose no fondo. Cando xurdiu de volta, tamén de xeito vertical, entre Miro e os que por alí andaban conseguiron rescatalo e lévalo a una das tabernas de Curro onde con roupa prestada estivo o home recuperándose do susto. Ramiro, coa súa sorna de sempre, tras ver que Alcalá estaba perfectamente, non podía disimular a risa. Daquela para acá, cada vez que eu falaba con Miro lembráballe esta pasaxe e os dous ríamos co conto e máis cando eu lle dicía : *“Ramiro, di a verdade, fuches ti o que lle apartaches a gamela”* ao que el respondía sempre *“Que va!”*, pero sen perder o sorriso que sempre lle provocara aquel parvo accidente, por fortuna, sen malas consecuencias.

Nunha noite de San Xoán caíase unha calor sobre a illa pouco coñecido. Dende Curro podíanse ver os reflexos e as lumieiras dos folións plantados no Cucorno, en Pereiró, no Canexol... porque veciños e rapaces non deixaban pasar a tradición herdada dos anterros. Poucas horas antes chegaran á Illa algúns compañeiros meus, mestres de Bueu que viñeran pasar a noite na nosa casa que se converteu nun albergue de campamento con colchonetas ciscadas polo chan para dar cabida a todos. Fixemos una pequena fogueira no camiño e gozamos ata a media noite dunha velada animada como poucas veces podíamos ter ocasión. No medio da troula

apareceron Don Xosé Soto, o torreiro, e Ramiro que baixaron do faro a compartir un pouco daquela festa. Entre cantos e chistes, pasou un tempo prudencial para os torreiros que decidiron volver á torre. O resto non nos resigna-

Miro e Aurita no ano 2007



mós a quedar no sitio e como a noite estaba quente e nós tamén, decidimos acompañalos ata o Cucorno sobre todo cando don Xosé dixo que tiña un “whiski” gardado para as ocasións. Serían as tres da mañanciña cando tomamos rumbo aqueles dez ou doce membros da “santa compañía” saudando aos veciños das casas que atopabamos disimulando que estaban en vela nas portas por vixiar que non lles levasen as cancelas ou lles fixesen as que se fan naquela noite meiga. O faro escintilaba a súa luz e os torreiros vixiaban a súa normalidade cada pouco.

Cando chegamos ao Cucorno a Soto estrañoulle que Eugenia, a veciña máis próxima ao faro, non estivese fóra da súa casa coidando da cancela. *¡Qué raro!*- dixo. Pero Ramiro non as tiña todas con el e contestoulle: *“-Seguramente está detrás da porta”*.

Fomos aproximándonos. Alí non había mostras de presenza de ninguén pero, ao chegar a casa de Eugenia, Ramiro, disimulando a voz, púxose, sorprendentemente, a dicir en alto sen que os demais nos decataramos da súa intención : *“¡A cancela, a cancela!*. De súpeto miramos saír a Eugenia coma un lóstrego de detrás da porta da casa cun pau nas mans



Miro e parte da súa familia cun grupo de amigos que sempre eran ben recibidos na súa casa. 1985

berrando ao seu xeito, pois tamén prendía as palabras e máis cando se alteraba, acordándose das nais de todos os que por alí andabamos. De xeito automático puxémonos a correr en bandada, costa arriba cara ao faro a onde, quen máis e quen menos, chegou coa lingua fóra e bafexos propios do susto que tiñamos metido no corpo mentres Miro, entre grandes gargalladas, lle dicía ao xefe: *“¡¿Non mirou, don Xosé como estaba Eugenia detrás da porta?!”*. Tornamos os resoplidos por risas.

A noite foi longa porque o fareiro sacou una enorme prancha de ferro de bastante grosor e colocouna sobre o lume dunha fogueira que prendeu o seu axudante entre unhas pedras. Naquel ferro quente, avermellado pola calor, Soto verteu un saco de mexillóns que tiña dentro da torre e, alá polas cinco da mañá, aínda estábamos a esconchar aos pobres bichos que se rendían, un a un, á calor daquela prancha ao roxo vivo.

Miro era un dos personaxes singulares, indispensables na Illa e todos os visitantes o recoñecían como tal. Foi dos que resistiron máis tempo por razón lóxica do seu traballo pero tamén por puro sentimento de amor á terra que o vira nacer, en trasladar a súa vida á terra estraña. Ao seu carón sempre Aurita, dona e nai exemplar, cun fogar cheo de cativos e sempre pendente e amadora de todos eles.

A Illa chora... finou o Miro.


## AS ORTIGAS DE MAR

Por: Ricardo Arnaiz Ibarrondo

Pídesme que che conte algo sobre as ortigas de mar. O mellor é que botes unha ollada ás fotos que che mando e logo sigas lendo. Xa as miraches?. Ben, imos por partes! Se che respondo que son animais pluricelulares que pertencen ao filum dos cnidaria, clase antozoa, subclase hexacorallia, orden actinaria e familia actinidaea, ademais de non clarexar nada, ben podo perder un amigo ou como mínimo me podas mandar facer puñetas a Camariñas por exemplo. Pero se me esquezo de todos “estes palabras” e che respondo que as ortigas de mar son uns bicharros do máis raro que te podas botar á cara, que mesmo moita xente os tomaría por plantas, que teñen boca pero non cabeza, que non teñen nin diante nin detrás, nin esquerda nin dereita, que como moito teñen un arriba e un abaixo, e que enriba de todo lles crecen un mogollón de brazos, pensarás que estou máis bébedo que Sue Helen ou que che estou a poñer una adiviñanza.

Se aínda por riba che explico que carece de ano e que se apaña para evacuar pola boca, pedírasme un pouco de porfavor e que madure un pouquiño e que me deixe de porcalladas infantís.

Pois, espera un pouco máis porque téñoche que apuntar ademais que estes bichos sonche dos parentes máis vellos coñecidos que temos<sup>1</sup>. Probablemente tivéramos que retroceder uns 1.000 millóns de anos para atoparnos cos nosos antergos comúns, de




*Anemonia viridis* semipechada para evitar a desecación, no intermareal.

anos, pero tamén hailles que recoñecer que non lles facía falta cambiar e tanto é así que lles foi bastante ben posto que neste momento existen 6.000 especies distintas pertencentes á familia das ortigas de mar mentres que só existe unha de humanos, e menos mal!. Pregúntoche: quen tivo máis éxito?.

As actinias viven nun medio tan difícil coma calquera outro neste mundo e como todas as especies tiveron que adaptarse evolutivamente. Nas augas breves das nosas costas podemos encontrar a especie *Anemonia viridis* dende a zona intermareal, que queda exposta ao aire cando devala a marea, ata os 20 metros de profundidade. Como xa sabes están fixadas ás rochas mediante un disco adhesivo e poden desprazarse uns centímetros e unicamente en casos excepcionais, como cando se fixan na mesma zona dúas especies diferentes ou dous individuos, ou para atopar un agocho menos exposto ás ondas. Nesos casos sepáranse entre elas para non molestarse. Dificilmente atoparás nas pozas de marea onde abundan, dous exemplares de especies diferentes xuntos pegados un ao outro.

Deste xeito tan palanquín tiveron que atopar, involuntariamente, formas de obter o seu sustento e o lograron de dúas formas complementarias. Vaia que non se perden non! Primeiro negociaron un convenio cunhas algas verdes, e chegaron



*Anemonia viridis* aberta nunha poza do intermareal


humanos e de ortigas de mar, que a través de incontables xeracións deron lugar aos animais que agora somos. Hai especialistas que aínda din que as ortigas de mar, actinias ou anémonas son seres primitivos, coma se dixeran que primitivo é algo atrasado, que non vale, que hai que desbotar. Certo é que probablemente cambiaron de aspecto pouco dende hai unha chea de millóns de

ao acordo de mantelas protexidas das caramuxas e doutros bichos de mal vivir, no interior dos seus corpos. A cambio as algas daríanlles o esforzo do seu traballo mediante o alimento que fabricaran e mesmo de elas mesmas cando houbera demasiadas. A esta nova asociación déronlle o desafortunado nome de simbiose e as algas trocaron o seu nome de solteiras polo de zooxantelas, que xa é chamarse! Esta forma de obter o alimento ten algún que outro inconveniente como o de necesitar a luz do sol para que as algas vivan, de aí o feito de que as anémonas non se atopan por baixo dos 20 m. de profundidade onde escasea a luz.

<sup>1</sup> Xa sei que algúns cren que Adán e mais Eva foron os nosos tataratataravós, aínda que non cren en que o foran Noé, a súa muller e máis os seus fillos Sem, Cam e Jafet e as súas correspondentes mulleres. Únicos sobreviventes do Diluvio Universal. A todo isto, teño buscado os nomes destas mulleres por aquilo de saber os nomes das miñas tataravoas en non os teño atopado. Quedaréime coa dúbida e mesmo é posible que esta noite non poda durmir.

Como probablemente esta alimentación vexetariana non era suficiente ou canto menos viña sendo un pouco monótona atoparon outra máis divertida. Xa que non poden nadar na procura de presas, cazan polo método da espera. Para elo tiveron que inventar un aparello que algúns de nós descubrimos millóns de anos máis tarde, o fusil submarino.

Quizais creas que estou a tomarche o pelo, que tamén, pero non polo que estás a pensar. No que che estou a embromar é niso de que “inventaron”. Claro que non o inventaron voluntariamente nin estiveron estudando o asunto ata atopar un deseño que lles gustara, non, isto non funciona así. O que si é ben certo é que a evolución atopouno para elas, desa forma trapalleira, ao chou, tal como funciona esta señora, e iso si que é verdade. E non só empregan o método da caza á espera senón que ademais o aparello leva engadido un arpón con veneno! Manda carallo, e ti pensando que as coñas xa se tiñan terminado! Pois éche ben certo, e senón mira no dicionario ou na internet os palabras nematocisto ou cnidocisto. Atoparás unha definición parecida a isto: “*célula especial específica dos cnidarios provista dun arpón tóxico*”. É probablemente a estrutura unicelular máis complexa existente na natureza (e algún insistindo en que son animais primitivos ....). Cando algo roza a superficie da anémona estas células disparan os seus arpóns empezoñados , pero non só quedan cravados na



pel do intruso senón que ademais o arpón segue amarrado á célula que o disparou, polo que ao facelo decenas ou centenas de nematocistos ao mesmo tempo a presa pode quedar ademais de envelenada tamén suxeita por centos de finísimos filamentos. Despois diso o incauto é levado cara ao centro da coroa de brazos da anémona, que poden ser ata máis de 200, e onde se atopa a boca/cu por onde é engulido enteiro. Unha morte arrepiante, se é que non o son todas.

Cando tocas unha anémona quedache unha desagradable sensación na pel, coma pegañosa. Sonche a infinidade de filamentos que te unen aos tentáculos. A diferenza do fusil dos mergulladores deportivos, os nematocistos unha vez disparados quedan inutilizados, pero non teñas coidado que ao igual que o resto do organismo as armas están a reproducirse a cotío.

E falando de reprodución, supoño que che interesará saber tamén como fochican estes bichos. Non creas, ten o seu aquel. Poden facelo de varias maneiras! Vaia que isto promete! Non si? Pois non sei que dicirche, a maioría das veces non practican o sexo senón que se reproducen ou ben dividíndose á metade e producindo dous animais de menor tamaño, a isto chámase escisión por reprodución asexual ou ben producen unhas xermolas xusto por debaixo do arranque dos tentáculos máis exteriores. Tamén neste caso a reprodución é asexual e esta vez denomínase xemación. Se queres ver unha película pouco porno deste proceso pica a páxina <http://www.glaucus.org.uk/Snakelok.htm>

A verdade é que por mais que busco non consigo atopar información acerca de si estes procesos os levan a cabo tanto machos como femias ou soamente estas últimas. En calquera caso é claro que en ámbolos dous casos os animais resultantes veñen sendo clons dos proxenitores e non teño noticia de que teñan sido obxecto de grandes polémicas nos medios.

Os científicos dedícanse nos seus estudos sobre as anémonas principalmente a descrições das diferentes especies pero, en ocasións, cando precisan ter espécimes iguais ou moi parecidos para facer experimentos sobre contaminación ou farmacoloxía obtéñenos polo sádico método de cortalas á metade. Logo só teñen que esperar uns días mentres cada parte xunta os seus extremos formando un novo animal da metade de tamaño do orixinal.

Tampouco hai información detallada sobre a reprodución sexual e parece que o único que se coñece é que hai machos e femias, que as femias tragan o esperma ... , de verdade, non estou a amolarte outra vez, isto dino os libros serios de texto. Despois de que os óvulos estean fecundados son liberados á auga onde nuns días nacen as plánulas que se fixan ao fondo.

A parte de que poden crecer illados ou en grupos ata os 30cm. de alto e 25cm. de diámetro, que o tamaño medio adoita estar cerca dos 8 a 10cm. e 12 a 15 gr. de peso medio, que o número de tentáculos oscilan entre 180 e 260 distribuídos en 5 ou 6 círculos ou coroas e que se alimentan de partículas en suspensión, plancto, pequenos moluscos, peixes e crustáceos, pouca información adicional existe<sup>2</sup>. Non se sabe cando ou por que elixen un xeito de reprodución ou outro, non se sabe a que velocidade crecen ou canto tempo precisan para colonizar novas zonas.

Ate de agora as anémonas non estaban explotadas en Galicia, aínda que si en Andalucía onde veñen

<sup>2</sup> Lembro que na década dos 1960 e 1970, cando era rapaz, a praia de Riazor na Coruña tiña cantidade de anémonas, ás que chamabamos chupasangres, nas rochas. Hoxe en día case non se atopa ningunha. Sería porque alí mesmo no Orzán tiñan a súa fonte de alimento cos sumidoiros do Matadoiro e agora non?

comercializándose dende fai anos co nome de ortiguilla. A regulación que alí fan que data de 2003 consiste en limitar a cota de extracción a 12 kg por mergullador e día, a talla mínima que rolda os 15 gr. e o número de licenzas que eran de 40 naquel momento, para toda a costa de Andalucía!

Tampouco atopo datos<sup>3</sup> sobre a marcha das extraccións dende entón ata hoxe, pero as noticias que me chegan indícanme que o recurso está moi escaso e que as poboacións caeron de forma alarmante. Así que, unha vez creado o mercado, hai unha demanda que a costa de Andalucía non pode colmar, polo que se está a demandar unha nova fonte que ben podería ser Galicia.

Teño gustadas as “ortiguillas” en El Puerto de Santa María, rebozadas en fariña e ben fritidas en aceite de oliva, pero que queres que che conte! A min non me souberon a nada. Claro que para gustos pintan cores e o persoal demanda esas tapas nos chiringuitos. Eles saberán! Persoalmente non dou nada por elas.

Polo tanto e baseándome na experiencia dos derradeiros anos coido que, como non podía ser doutro xeito, tamén ás anémonas de mar lles chegará o seu San Martiño. A xente do mar xa está pensando en extraer un novo recurso para completar as súas economías, e así o están a demandar á Administración galega. Nos derradeiros anos a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (así chamada polo momento) ten recibidas diferentes solicitudes de distintas confrarías de pescadores para iniciar a explotación deste recurso. O máis axeitado coido que é tomarse a cuestión con prudencia e aínda que os pescadores teñan que axustarse o cinto. Dun lado, en Galicia, temos moita experiencia en sobrepesca e por outro non parece axeitado seguir os pasos de Andalucía. Aínda por riba xa che dixen unhas liñas máis arriba que os coñecementos sobre as anémonas son máis ben escasos. Por iso a Administración deseñou xunto co sector un plan para arrancar a explotación pouco a pouco de xeito experimental e aproveitar este feito para realizar un estudo científico que aporte información para a futura xestión desta pesqueira, caso de que se desenvolva. Tocoulle ao Departamento de Zooloxía e Antropoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, levar a cabo a investigación cuxo título é “*Avaliación dos stocks e seguimento da extracción de Anemonia viridis*”. Tristemente parece que a Administración non ten investigadores nin técnicos dabondo capacitados para estes obxectivos e ten que tirar doutros organismos externos á Xunta de Galicia. Suma e segue, outro agravio máis da propia Administración contra os seus propios técnicos, pero canto menos semella que vaise investigar o asunto!

Algúns, coma sempre andan a facer as contas da leiteira. Como nos derradeiros anos tense machucado o ourizo de todo o litoral galego, algúns pensan que poderán darlle un pouco de respiro a ese recurso e meterlle mano á anémona para manter,

mentres tanto, á familia. E fanche unhas contas da vella que manda carallo. Coma o ourizo escasea e ten pouco prezo xa que “só” poden extraerse 150kg por embarcación (con tres mergulladores) e día, que cotizan a 3-4 euros/kg polo que case que quedan garantidos 450€ por xornada de traballo. Porque, claro as anémonas gañan por goleada en abundancia aos ourizos ... segundo se pode ler nos xornais. Cómo non vai a ser así se os ourizos están pouco menos que arrasados! Por certo que outro día falaremos de ourizos. E así con “só” 35kg diarios por embarcación e día de anémonas a 12€/kg poderían acadarse 420€ o que aínda resultaría rendible. Todo elo naturalmente a costa de pelar as rochas de anémonas. E dígoche pelar porque é así como ocorrerá e senón dálle tempo ao tempo.

A maior parte das zonas onde existen anémonas teñen unha cobertura de 15 a 20 individuos por metro cadrado, algunhas poden chegar a 100u/m<sup>2</sup>, moitas acadan só unha e a maior parte non teñen nin unha soa. Pero ... poñámonos nunha abondosa zona de 20 bichos en cada metro cadrado e veremos que unha soa embarcación limpará 50m<sup>2</sup> de rocha cada día ou 7.500m<sup>2</sup> ao ano e non pares aí e multiplica polo número de embarcacións que irían. Menos mal que a consellería limitou o número de confrarías, embarcacións, mergulladores cotas, ferramentas, xeito de mergullar e mesmo a comercialización, mentres os científicos non cuantifican as posibilidades de recuperación das poboacións de ortigas por non empregar ese palabra tan fashion da “sustentabilidade”. Quedoume a boca chea!

Soamente nos queda esperar ás conclusións científicas e ademais que a Administración e o sector as acepten, porque visto o visto noutras ocasións, non poucas, os ditames científicos e técnicos unicamente utilízanse se o que conclúen está de acordo co que o sector demanda. E esperemos que a espera non supoña ter que ver a estes bichos só nos documentais da televisión. Despois das ortigas, se os deuses e mais o cambio climático non o remedian, dedicarémonos a comer carallos de mar, que será o que nos quede!.

Oxalá me equivoque!

**P.D.:** Para maior recochineo aí che mando unha receita para que as prepares cando xa sexa legal pescalas!

#### Ingredientes

- Medio quilo de Ortigas
- 100 gr. de fariña
- 1 cullerón de aceite de oliva

#### Preparación das Ortigas de Mar:

Límpanse e lávanse ben

Rebózanse en fariña e métese no conxelador durante 1 hora.

Fríntense nunha tixola con aceite de oliva moi quente e sérvense. Deste modo, os tentáculos quedan churruscados e a parte central branda e cun intenso sabor a marisco.

Sérvense con unhas rodas de limón

Para os que non amen o sabor pronunciado a marisco, poden rebozalo e fritilo directamente. Queda toda ela máis churruscada e cun sabor menos concentrado.



<sup>3</sup> En realidade a Junta de Andalucía si que publica estatísticas de produción pesqueira, pero en papel (<http://www.libreriadenautica.com/items/produccion-pesquera-andaluza-cd-LPPA-2.html>).




## AS CONTROVERTIDAS FIGURAS DE PARDO DE CELA E PEDRO ÁLVAREZ DE SOTOMAIOR (I)

Por: José Mª López-Dóriga Aymerich

Segundo Carlos Barros, no seu magnífico artigo: <<Mitos da historiografía galeguista>>,..., a Idade Media é o período histórico de maior relevancia para a nacionalidade galega dende diversos puntos: nacemento e oficialidade da lingua, época dourada da literatura, individualización política, influencia internacional, clases sociais e formación social diferenciada. Galicia é unha nación formada na Idade Media, e iso refléctese amplamente na obra dos nacionalistas galegos, cunha filosofía histórica de Galicia que é debedora dun ciclo de vida-morte-resurrección que nos remite de novo ao cristianismo, e toma implicitamente coma referencia o valor máis sólido e permanente da nacionalidade galega: o idioma, a cultura.

A vida é a Galicia medieval, a morte sobrevén ao entrar na Idade Moderna da man dos Reis Católicos e a resurrección prodúcese na romántica segunda metade do século XIX. O Rexurdimento é un movemento cultural (Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros Enríquez) que inclúe tamén as dúas primeiras historias de Galicia, escritas por Benito Vicetto e Manuel Murguía, que máis alá do seu valor historiográfico: “foron a base do nacionalismo galego”.

No esquema historiográfico nacionalista o momento fundamental que explica o posterior “asoballamento” de Galicia son os acontecementos da segunda metade do século XV: 1) “derrota da revolta irmandiña”, 2) decapitación do nobre “independentista” Pedro Pardo de Cela, 3) “doma e castración do reino de Galicia” por parte dos Reis Católicos. Tres mitos interrelacionados que constitúen un sistema básico para comprender a concepción de Galicia e da historia de Galicia



elaborada polo nacionalismo galego contemporáneo. O punto de inflexión século XV/século XVI marca la transición entre a Idade Media e a Idade Moderna e é, sen dúbida, esencial para discernir as orixes da Galicia contemporánea...”

Prosigue no seu artigo explicando como nas dúas décadas pasadas os avances fundamentais da historiografía socavaron as bases das vellas historias nacionais, referíndose á concepción da historia de España divulgada durante o franquismo e tamén á historia de Galicia, refeita e difundida ao mesmo tempo, cando o centralismo da dictadura, era o inimigo a bater. Se ben a orixe dos maiores disparates historiográficos está na maioría das veces en autores do s. XIX e comezos do s. XX,

debido a un baixo nivel de coñecementos historiográficos. É por iso polo que cre necesario a desmitificación das historiografías nacionalistas, sen que elo queira dicir rexeitamento á nación como tema de investigación académica, máis ben o contrario. É para avanzar na recuperación e posta ao día das historiografías nacionais.

O dilema de aceptar ou non as novas evidencias historiográficas que poidan cuestionar mitos nacionalistas, é máis político que historiográfico. O investigador non pode negar os resultados das investigacións sen renunciar á súa función (algúns o fan). O home político, menos urxido en seguir os dictados da ciencia, situado na corta duración, mide máis os custos políticos das desmitificacións. O historiador profesional que renuncia á súa función crítica moi mal servizo presta non só á historia, senón tamén ao nacionalismo, á historia do seu país. Un discurso político, un

proxecto de reconstrución nacional, que non busque fundamento na verdade histórica, labra dende logo a súa propia derrota.

Ten en conta principalmente as obras de Benito Vicetto, Manuel Murguía, Vicente Risco, Ramón Villar Ponte e Alfonso

SUBVENCIONADO POLA:



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rodríguez Castelao. Todos eles literatos e escritores que, nun momento determinado, dedícanse á historia levados polo seu patriotismo, polas súas inquietudes políticas. Unha primeira explicación do exceso de mitificación está na falla de fontes e no baixo nivel metodolóxico e historiográfico de disciplina histórica, o que é especialmente certo no s. XIX. Case un século máis tarde Castelao acusa a existencia de posicións críticas cara á historia romántica de Galicia, pero as propias necesidades do proxecto nacionalista – tal como el o entendía – levárono a manter o conxunto dos mitos acumulados dende Vicetto.

O obxectivo das historias de Galicia era a divulgación, a formación dunha conciencia nacional entre os galegos a través da historia e os nosos literatos e xornalistas acudían unha e outra vez á simplificación, potenciando os trazos máis susceptibles de idealización e pedagóxicos, unha segunda explicación da mitoloxía galeguista máis alá das evidencias historiográficas.

No fondo latía a idea, común aos intelectuais galeguistas ata hai pouco, da historia coma a obras dos grandes homes, o campo de acción duns escollidos grupos dirixentes, quedando reservado ao pobo o papel de masa de manobra. É precisamente por iso, polo que para os primeiros historiadores e políticos nacionalistas, os movementos sociais de raíz popular fáiselles incompreensible, situando as súas esperanzas de liberación de Galicia nas tradicionais clases dirixentes.

Á pregunta de si Galicia necesitaba da súa aristocracia, Castelao escribía: “*nós responderíamos que si, porque todol-os povos necesitan unha aristocracia como agora necesitan unha élite*”, lamentando a continuación o desterro que despois da revolución irmandiña, os Reis Católicos impuxeron aos grandes señores de Galicia: “*así decapitaban a unha nación sen que a mesma nación se enterase, burlando ao mesmo tempo o xuicio da hestoria*”. Verdadeiramente, a historia xulgou e condenou á nobreza galega do século XV, repetidamente impugnada pola revolta de vasallos e das cidades, por unha igrexa de quen os bens ocuparon fraudulentamente, por unha monarquía desexosa de intervir en Galicia en olor a multitude coas bandeiras da paz, a xustiza e a seguridade. O desacordo coa historia real conduce á historia desexable, segundo a cal os nobres galegos << *serían invulnerables se contarán coa simpatía dos servos ou coa fidelidade dos criados*>>. Esta nostalxia por unha historia que nunca aconteceu, non tería maiores consecuencias se iso non restase obxectividade á historia de Galicia, sobre todo cando se lle atribúe aos señores feudais unha conciencia nacional suposta.

Non hai acontecemento que perturbara máis ao deseño nacionalista dunha Galicia medieval emancipada, que a revolución irmandiña. Revolta popular, campesiña e cidadán, que gobernou Galicia entre 1467 e 1469, apoiada por unha gran parte da igrexa e por sectores da fidalguía, contra os señores das fortalezas (sobre todo a gran nobreza laica). Os irmandiños foron enaltecidos pola historiografía galeguista á vez que incomprendidos e ata criticados, a causa de ter derrotado e debilitado para sempre á nobreza galega, clase social destinada a asumir o protagonismo galego no medievo. Sendo o pobo galego parte principal da nación, celébrase a súa rebeldía heroica, pero cuestionase a oportunidade (revolta prematura) e ata os seus obxectivos antinobiliarios (serven aos intereses do centralismo en cernes). Esta interpretación nesgada chegou ao gran público dunha maneira simple, mediante unha imaxe derrotista da revolta.



Aparecen aquí as controvertidas figuras do mariscal Pedro Pardo de Cela e Pero Álvarez de Soutomaior, tamén coñecido coma Pedro Madruga, dous cabaleiros que coma todos os señores laicos do século XV, eran tidos coma malfeitores en Galicia e na mesma corte de Castela.

Pedro Pardo de Cela é un feito histórico onde o mito e a realidade coñecida distáncianse unha enormidade. A súa morte violenta creou as condicións para a invención dunha biografía que o converte en mártir por excelencia da literatura galeguista tradicional, no máximo representante desa nobreza galega que tiña que ser e non foi.

Benito Vicetto (1824 – 1878), recoñece que non ten fundamentos documentais que xustifique a súa versión imaxinaria do mariscal, e bota as culpas a Aponte, Molina e Gándara que case non falan do Mariscal, non entende como estes ilustres cronistas dos séculos XVI e XVII, non situaron ao mariscal entre os grandes nobres do século XV.

O caso é que Pedro Pardo de Cela non foi máis ca un nobre mediano, protagonista dun ascenso fulgurante que lle granxeou grandes inimidades populares, eclesiásticas e reais debido á violencia empregada (procedemento habitual para medrar naquel entón). Non chamaría a atención senón fose porque, ao principio dos anos 80 do século XV, as circunstancias fixeron del un gran chibo expiatorio. E aínda así, os xenealoxistas non lle deron, logo, excesiva importancia á súa morte.

Aponte conta que Pedro Pardo de Cela foi un simple cabaleiro a soldo dos Andrade << *asta que fue gran señor*>> podendo entón reunir, coa axuda do seu xenro Pedro Bolaño,

ata 100 escudeiros e 5000 peóns. Despois da revolta irmandiña aparece, en 1477, entre os grandes señores confederados, o último da lista, para resistir o intento real de resucitar as irmandades; ao ano seguinte comezan os enfrontamentos que, cinco anos despois, causaron a súa ruína.

Para García Oro, cre que as causas da súa desgraza estaban na debilidade do seu señorío, que non soubo rodearse de aliados e na determinación de Fernando Acuña para facer valer a autoridade real. Habería que engadir un factor circunstancial, a conxuntura política de 1483, cando os Reis Católicos obrigan a Acuña e a Chinchilla a volver a Galicia e obter resultados inmediatos no restablecemento da paz e a orde, devolvendo os señoríos eclesiásticos á igrexa.

Da súa familia só herda Pardo de Cela castelos e case nada máis. Chegara a ser un gran señor de fortalezas, o que lle da moito poder coercitivo pero poucos medios económicos directos. Unha boa política matrimonial emparenta con importantes familias nobres: casa con Isabel de Castro, filla do Conde de Lemos e sobriña do bispo de Mondoñedo; e casa ás súas fillas con cabaleiros das casas de Saavedra e de Ribadeneira (á súa vez emparentados coas casas de Miranda, Bolaño e Ron). En 1464, Pedro Pardo é xa encomendeiro do bispo de Mondoñedo e alcalde de Viveiro polo Rei, cargo que lle será confirmado ao ano seguinte polo rei Enrique IV, ao pasar a vila á coroa. Os seus ingresos cumprimentase coas alcabalas dunha grande parte do bispado de Mondoñedo. Esta dependencia de ingresos alleos (xerados pola igrexa de Mondoñedo, os veciños de Viveiro e a facenda real), para manter un status de gran señor, foi o talón de Aquiles do noso mariscal. Polas fontes orais, sábese que foron as rendas do bispo de Mondoñedo as que desencadearon o conflito que o levou ao cadafalso. E das fontes xudiciais sábese que o cobro de rendas reais xustificou post-mortem, a confiscación dos seus bens.

A falla de sentido económico do mariscal vese moi ben naquelo que *<<Pedro Pardo, Mariscal dixera al dicho Conde (de Lemos) que ynchese los carballos de los dichos basallos e quel dicho Conde que no queria, que no abia de mantener de los carballos>>*. Este diálogo tivo lugar no ano 1469, cando o Mariscal volvía do exilio, ás ordes do seu sogro, o Conde de Lemos, para recuperar as súas posicións tomadas polos irmandiños, os vasallos rebeldes derrocaron a fortaleza da Frouxeira, onde prenderon ao Mariscal Pedro Pardo, deixándoo con vida a pesar da súa fama de bandoleiro, cousa que non fixeron dezaseis anos despois os enviados da Raíña

Isabel La Católica. Pedro Pardo non foi, dende logo o dirixente dos irmandiños que o novelista Vicetto imaxinou na súa novela “Los Hidalgos de Monforte”, senón un dos seus inimigos máis temido.


Tampouco é certo, como dixo a vella historiografía galeguista, que Pardo de Cela militara nas filas de La Beltraneja e de Portugal contra Isabel La Católica na guerra de sucesión (1476 – 1479). Todo o contrario, aliñouse co bando Isabelino que encabezaba o arcebispo de Santiago, Alonso II de Fonseca, e que aglutinaba a case toda a nobreza galega (aínda que o entusiasmo que desempeñaban estes señores, foi moi desigual), de tradición integracionista, coa notoria excepción de Pedro Álvarez de Soutomaíor que defendeu a opción portuguesa. Así, no 1476 estivo o Mariscal con todos os seus familiares, no gran cerco a Pedro Madruga en Pontevedra, e, en 1477, segundo xa comentamos, participou nunha confederación que sendo isabelina, estaba máis ben pensada para resistir a orde real de recrear La Santa Hermandad. A partir de aquí sucédense unha serie de problemas puntuais do Mariscal cos oficiais dos Reis Católicos, que non levan consigo un cambio de bando. Non existe pois, noticia documental ningunha do aliñamento,

en calquera momento, de Pardo de Cela con Pedro Madruga e os portugueses durante a guerra de sucesión.

Os enfrontamentos de Pardo de Cela cos oficiais reais (sucesivamente Ladrón de Guevara, Francisco Cerón e Fernando Acuña) serían marxinais para a historia de Galicia, senón fora polo desenlace final, mortal, deste conflito. Os señores de Galicia gobernaban os seus estados proclamando a lealdade a un “alejado” Rei de Castela, a quen lle roubaban por outra parte as súas rendas. Cando a Raíña Isabel pretende facer máis efectiva a autoridade real en Galicia, restablecendo as irmandades e procurando o sostén das cidades, xorden grandes conflitos de poder, ou sexa, de xurisdición, entre os enviados dos Reis e cada un dos grandes señores de fortalezas, empezando polos partidarios de Isabel.

No contexto dunha loita xeneralizada polo poder, entre a nobreza e a monarquía, teñen lugar os incidentes que levaron a Pardo de Cela ao cadafalso coma unha gran cabeza de turco. Morre decapitado en Mondoñedo, o 17 de decembro de 1483.

De Pedro Álvarez de Soutomaíor, falaremos nunha próxima entrega, xa que a súa figura lendaria e en exceso mitificada, necesita un espazo moito maior do que neste número dispoñemos.





## COA BANDEIRA NAS AMURAS

**"RECORDAR É VOLVER A VIVIR OS MEUS VERÁNS EN ALTA MAR"**

Por: Manuel Chazo Cores

Os meus veráns en alta mar. Recordar é volver a vivir o pasado nos que o corazón abríase sorprendido ante as fraccións crueis, as veces inevitables, da beleza do mar o do amor.

Lembro, mentres escribo os meus recordos, os meus veráns de loita con dous sopretes de gasolina nas mans, preto do meu peito, apurando o quecemento dos órganos de acendido para poñelos incandescentes en pleno verán, con calma ou mar grossa, abaneándome ao son das ondas que, na procura das praias, destrúen e abaten nelas a súa forza e furia.

Os meus veráns en alta mar, no Cabo Fisterra, onde aprendín a ser este que son, non sei se bo ou malo, aínda que iso é xa irremediable, pero foi cando tiven a certeza de haber nacido tan só para o traballo, nunha costa fértil pero dura e coa mágoa da pobreza obrigada. Foron aquelas viaxes de ida e volta, recen casado, cando sufrín só e sen apoio algún. No porto da Coruña e no de Camariñas foi onde máis padecín a soidade e a melancolía, en especial, cando pescabamos á palometa no barco < Pepita Sabor > e navegabamos preto do Cabo Vilán.

Outros veráns eran máis levadíis, cando traballabamos preto da costa da Cabra, en Cabo Fisterra, ou ao pé do Monte Louro, na praia de Area Maior, San Francisco, San Pedro,...., Langosteira; e non digamos na aldea de Louro, por ela camiñei, percorrín as súas praias, vereas, pequenas estradas,...., para poder cambiar o noso menú diario e mariñeiro. Dende a praia de San Francisco, onde fondeabamos, subir e baixar montes, con rumbo a San Pedro de Muros, era unha tarefa case diaria mentres esperabamos alí que calmara o vento fresco do nordeste.

Se lle preguntáramos ás ondas do mar e a esas praias e carreiros percorridos con fe e con agarimo, falarían dos malos tragos que pasan os mariñeiros que os deambulan e das súas vidas de tenaz e duro traballo, útil pero esforzado.

Canto aburrimiento e fastío nas calas de abrigo, ollando o mar e o ceo, canto descanso esperando a calma; cantos días perdidos,...., pero tamén, cantos apuros por mor dos ventos cambiantes, polos vendavais enfurecidos,...., ¡ Cantos recordos se levou o vento ! E que faena,

Océano Atlántico, cando enviaches o forte e borracho vento do leste causar estragos e horas de loita en pleno porto de Muros onde, fondeados, había unha flota de galeóns esperando polas tarrafas que cargadas íanse ao fondo.

Que recordos de Santa Marta onde as súas marismas desertas inaugurábanse cada amencer coas pegadas esquecidas, pero á vez inesquecibles, dos pés humanos na súa area, pegadas que moitas veces eran miñas.

Recordo eses veráns galegos e salgados que se foron como as marismas, pero onde meu corazón quedou entre prados, quebradas, solpores, pero tamén entre viñedos, piñeirais, cigarras,...., ollos cansos como os meus que se reflectiron na area grazas as miñas mans que nela gravaron a salitre, sangue e fogo o meu nome, Manuel.

En Vilanova de Arousa nacín, detrás da Cruz. Alí o verán é todo branco, pomba branca no teu cantar escrito, polas noites case laranxa baixo un ceo estrelado, orballando o bochorno acumulado polo día.

Aquí, ás veces, o aire é atrapado polas nosas veigas e campos ao atardecer, cando xorde un sopro que evapora o suor, ese suor de verán que sabe a mar.


vilanovesa, o mar recende a salitre coa dama da noite e o xardín sobresaltado das nosas praias. Das nosas terras baixan os piñeiros a beber ás ondas, e téndese o serán ardente e rosa sobre as marismas.

Ribeiras de Vilanova, onde o amor se enreda entre os dedos que parecen peixiños de prata sacados do mar, onde as praias son só un pretexto para xuntar rostros e miralos. A auga do mar de Arousa vai pasando en

verán por mil tonalidades, dende o celeste ao negro e cando o sol déixase desganado gañar polo ocaso, a ríaponse violeta.

Así son os meus soños que se repetían cada marea, comezando por Santa Marta. O barco botando sempre fume polo escape, o compás que, aínda pechados de néboa, non nos enganou, a rosa dos ventos nunca. ¡Oh triste recordatorio es, Cabo Fisterra!

Cantos recordos se levou o vento, coa bandeira e o nome na amura dos galeóns.



# MAQUIEIRA

PESCA DEPORTIVA

Plaza de España, 4  
Teléf.: 986 851 814

PONTEVEDRA



## PERSONAXES DE O GROVE

Cada pobo ten a súa particular historia, polo xeral, interesante e valiosa polo devir dos acontecementos que ao través dos séculos acaeceron. Algúns pasaron a formar parte dos libros de historia ou de documentos importantes; outros non, aínda que non por iso deixan de ter a súa importancia no decorrer do tempo. Pero o que si houbo en todos foron eses peculiares personaxes que chegaron a ser parte da tradición popular. Son coñecidos por todos e frecuentemente saen a relucir as súas anécdotas. Estas, son unha interesante achega á cultura do pobo nunha época histórica determinada, convertendo a esa cidade, vila, aldea ou lugar nun elemento transcendental e imprescindible da nosa riquísima cultura popular. Por iso, é importante lembralos e manter viva a tradición oral que nos deixaron, xa que co paso dos anos, corren o risco de perderse ou quedar no esquecemento. Sirvan estas pequenas historias para realizarlles a humilde homenaxe que se merecen.

\*\*\*\*\*

Por: Moncho Lavandero


### JUAN PROL (PINTOS)

Sr. Juan foi un personaxe moi querido por todos os que o trataron. Aínda que xubilado, seguía sendo un mariñeiro dos pés á cabeza. Todo o que facía sempre o relacionaba co mar: Comiches Juan?:

- *“Xa está a bordo”.*

Coma bo mariñeiro tiña o seu aquel e a súa sorna para dicir e razoar as cousas e, coma bo mariñeiro era consultado á hora de saber que tempo ía facer.

Pasaba moito tempo na taberna do Lavandero e, sempre que ía bo tempo, estaba alí sentado na terraza, falando con todo “quisque” que pasaba por diante.



Juan Prol (Pintós)

O Sr. Juan Pintos, saíu á beirarrúa, mirou para o ceo, calculou o vento e díxolle:

- *Siñá Mariví, mañá todos coas toallas e para a praia. Sol a escachar !!*

Pois ben, ao día seguinte aquel suroeste converteuse nun trebón de choiva e vento *que nin dios saía da casa!*

Apareceu a señorita Mariví polo Lavandero, veu ao señor Juan que estaba tomando a súa “copiña” de xenebra, - porque sempre lle doía a barriga - e, moi cabreada, díxolle:

- *Sr. Juan ¿No dijo Usted que hoy tendríamos un día de playa?*

O pobre de Juan, mirou para ela e, ao non ter outra desculpa, espetoulle:

- *Señorita Mariví, También se enjañan los de la televisión!!!*

### O Home do Tempo

Xa dixemos que o Sr. Juan exercía de home do tempo. Un día dunha nortada infernal un dos presentes dicíalle:

- *Sr. Juan, e todo este nortón durará moito?*

E Sr. Juan coa súa sabedoría contestaba:

- *Todo canto foi para alá ten que vir de volta.*

Non me esquecerei tamén daqueles turistas que viñan todos os anos, no mes de setembro, a pasar ao Grove as vacacións. Ese mes, fai 20 anos, fora moi irregular: vento, choiva, calor, frío,... Atopábase Juan sentado na terraza do Lavandero e, ao seu carón tomaban café os veraneantes. Viñan con dous cativos e facía un día deses de Suroeste <¡Que mandaba carallo!> e, como colleran confianza co noso querido Juan, preguntoulle a señorita Mariví (que era a veraneante):

- *Sr. Juan ¿ Que tiempo tendremos mañana?* —pensando en ir á praia da Lanzada e tomar un pouco o sol para chegar a Madrid media morena- .

### As Letanías de Juan

Juan Pintos era un gran xogador de “Truco”, e cando tiña “Flor” na súa xogada, dicía, con moita sorna:


*“Yo no soy panadero  
ni tampoco amasador  
pero cuando me pongo a hacer pan  
hago un pan como una “FLOR”  
- ¡¡¡ Cantei FLOR !!!”*

*“En la aguja del querer  
no hay animal que se pierda  
para hacer bien el amor,  
y cantar esta “FLOR”  
hay que templar bien la cuerda.  
- ¡¡¡ Cantei FLOR !!!”  
- ¡He dicho “FLOR”!*



## FRANCISCO PRIETO PROL ("CHICAVELLA")

Francisco Prieto Prol, "Chicavella", foi un dos personaxes máis populares que houbo en O Grove, e todo pola súa personalidade e o seu carácter tan peculiar. É desas persoas que non tiveron nunca homenaxes, nin recibiron medallas, nin títulos de fillos predilectos, nin honorarios,..., non foi aventureiro, nin emprendedor, nin emigrante, ... sinxelamente era un mariñeiro que ía ao mar, só ou de tripulante, sen máis aspiracións que gañar para manterse. O que si, era un bohemio puro, tocoulle vivir plenamente no período máis convulsivo da historia de O Grove, os comezos do turismo da Toxa, de cando viñan os señoritos; os tempos do reinado de Afonso XIII, a ditadura de Primo de Rivera, a instauración da II República, a Guerra Civil, os duros tempos da posguerra, a fame,... Sen embargo, nestes tempos, pola necesidade, había moitas inxedanzas no pobo, necesarias para combater a pobreza, o estado de tensión e o medo que xerou ese tempo. Había un movemento cultural a nivel de pobo moi importante, pois hai que ter en conta de que O Grove estaba illado, o contacto cos outros pobos máis ben era escaso salvo cos pobos mariñeiros veciños como o da Illa de Arousa que era, ben pola pesca e polos costumes o máis parecido, polo que houbo moita relación



Francisco Prieto Prol (Chicavella) rodeado cun círculo.

Por: José Miguel Besada Fernández

entre ámbolos dous. – Dese movemento cultural que hoxendía está moi esquecido, O Grove destacou moito na comarca e era moi coñecido nas organizacións de obras de teatro e actuacións de grupos musicais populares ao que había gran afección. Importante o grupo Minerva polo frustrado e fatídico intento de representar a obra emblemática de O Grove: "O Señor Feudal", a isto hai que sumarlle tamén o comezo do alumeadado eléctrico, o cine, o baile, as múltiples actuacións musicais foráneas da que había moita afección tanto na xente do pobo como a forasteira como foron as cupletistas. Todo isto e máis as súas circunstancias persoais, foron modelando a personalidade de "Chicavella".

A xuventude de "Chicavella" foi a do tango. Viviu toda a súa vida no tempo do tango, era un personaxe máis dos que se reflecten nas letras do tango, as dificultades, penurias e fracasos amorosos da súa xuventude, eran mesmo as do tango en todo, ata os seus últimos tempos víase sempre bailando e tatarexando un tango xa esquecido. Era frecuente velo agarrado e rañando unha guitarra botando serenatas (non era bo músico, nin bo cantante en sentido musical, senón todo o contrario, só era puro sentimento), era o único sentimento que tiña a súa melancólica vida, pois considerábase con orgullo, *coleccionador de gotas de rocío*, o resto non tiña valor ningún, non servía para nada e como consecuencia, era moi namoradizo o que lle trouxo máis dun desgusto. Gustáballe moito a literatura, en especial a poesía, sobre todo a satírica que espetaba de cando en vez, no momento oportuno, e máis cando o ofendían ou o desprazaban.

Pero a gran popularidade que chegou a alcanzar foi por esa vida puramente bohemia e individualista, con falla de solidariedade e compromiso cos demais. A súa liberdade e indisciplina (din que era "*republicano desde el vientre de mi madre*") trouxéronlle moitos problemas, xa estaba afeito a eles, tanto no cuartel da Garda Civil, como no "cagarrón", ou nos xulgados de Cambados, como os que hoxe en día veñen nos xornais veñen resumidos de hai setenta e cinco anos: Alteración do orde público, falta de respecto á autoridade competente, ou sexa, o que pasaba naquel tempo por rondar ás altas horas da noite, algo cargado, sen respectar o toque de queda, ou falando el só,... Xa estaba feito a estes encontros, que non lle facían mella, agás as tundas.

Era, como o todo o pobo, galego parlante, agás na poesía e nas sentencias satíricas (non debía estar moi ao tanto de Rosalía nin de Curros), que as dicía en castelán, quizás para dar máis respecto e solemnidade e cando falaba coas autoridades e coas mulleres, coas que non tiña trato, usaba unha linguaxe moi rebuscada, literaria, para lucirse e, a pesar de que os libros eran moi escasos, tiña moita memoria e retentiva nesta arte, recitando en prosa ou en verso, improvisando espontaneamente en castelán segundo o que requirían as circunstancias.

Todo isto é o que fixo que “Chicavella” fose unha persoa do máis popular que houbo en O Grove, pero o que máis se recorda de el, son as anécdotas e as saídas irónicas que tiña cando o picaban. Todo o que dicía ou facía, caía con tanta graza pola súa orixinalidade, que era un punto de atención, salvo cando se poñía moi pesado.

Poñamos agora algunha das súas perlas:

Sobre o matrimonio, que non lle fora moi ben que digamos, resumiuno deste xeito:

*- En mi vida solo he asistido a una boda, que fue la mía; más me valdría no haber ido a ninguna.*

Uns antigos amigos de xuventude que melloraran o seu status económico, puxéronse un día a vacilalo ata que o encheron tanto que espetoulles:

*- Los amigos de otro tiempo me tratan hoy con falsía, me hablan con ironía y gozan con mi tormento.*

Unha das moitas veces que o xulgaron en Cambados, non estaba moi de acordo coa marcha do xuízo e interrompíao frecuentemente. Ante as advertencias dos xuíz, que lle dicía:

*- Señor Prieto, estese callado y no esté bailando, sinó tengo que dar orden de que lo retiren de la sala.*

Ante isto, o acusado colleu o acendedor, acendeuno e púxose a buscar algo polo chan, polo que o xuíz preguntoulle:

*- ¿Que está buscando Sr. Prieto?*

*- Busco la justicia señor juez.*

Un día, como tantos outros, estaba na taberna do hotel da Toxa e chegaron uns rapazotes que comezaron a vacilalo e meterse con el. Cando estaba farto deles, espetoulle en castelán, co tino de darlle máis solemnidade:

*- ¿Por qué me vituperais si yo, como todo el mundo sabe, soy un ciudadano de bien que no me meto en la vida de nadie y respeto a todo vecino? Estoy disfrutando conmigo mismo un momento de solaz que creo que merece un pobre trabajador*

*como yo después de una dura jornada de trabajo para conseguir el sustento que merece toda persona de bien. ¿Os agradaría o os enojaría que trataran a vuestros padres con el desdén con que me tratais a mi? ¿No os dais cuenta de que, por mi edad podría ser vuestro padre?*

E despois deste parrafeio, mirando detidamente, como analizando as faccións das caras de cada un deles, espetoulles:

*- Y, ahora caigo de que lo sea de alguno.*

En certa ocasión atopou no chan unha peseta . Mirou para ela e, coa súa filosofía rosmou:

*- Por una peseta un caballero no se agacha.*

De seguido deixou caer unha moeda de 5 pesetas e volveu, coa súa filosofía:

*- Pero por seis sí que puede un hombre agacharse.*

Alá por finais dos sesenta inaugurouse en O Grove unha cafetería na Catorse que se chamaba “NASA”, moi moderna con TV de 26 polgadas e con tapa gratis coa “chiquita” de viño.

“Chicavella” entrou e pediu un “chiquito”. Puxéronllo, e dixo:

*- Canto che debo?*

*- 1,50 pesetas –* dixo o camareiro.

*- CARALLO!!* - respostou “Chicavella”- *se a “chiquita” no Jrove vai a 1 peseta.*

*- Si –* di o camareiro - *pero aquí non é o mesmo.*

*- Que conste en acta –* sentenciou “Chicavella” - *que este pulpo no entra más en esta Nasa.*

E marchou, pero iso si, pagou.

Aínda que era moi serio, tiña tamén un bo sentido do humor, calquera escusa valía para celebrar algo. Dunha vez viña, nunha gamela pequeniña, dunha soa plaza, de estar na dorna que tiña fondeada preto do peirao. Cando estaba a chegar a terra, fixo unha mala manobra e voltou a gamela. Non lle pasou nada, a auga non lle daba máis que polo xeonllo, pero con tal motivo, marchou á taberna de Paparolo e non máis chegar, largoulle:

*- Tienes que convidar y brindar por el único superviviente de un naufragio que acaba de suceder en esta costa de Peralto.*

Xeralmente non se cabreaba, tomaba a vida con moita filosofía, como bo bohemio que era, pero, o que non lle sentou ben e tomouno coma unha ofensa, foi cando lle foron uns empregados do concello a conectarlle e cobrarlle o canon para a instalación na súa casa da traída da auga. Do que lles dixo, non se sabe nada, pero adivíñase, pois ese día de inverno, xa levaba varios chovendo, a súa casa estaba chea de caldeiros e bañeiras porque tiña pingueiras por todos os lados.

## ACTIVIDADES “Pineiróns”

Agradecemento á:



**CONCELLO DE O GROVE**  
CASA DE CULTURA DE O GROVE

# A MIÑA PRIMEIRA VIAXE Á ILLA DE ONS

## "O FARO DA ILLA"

Por: Fernando Trigo Fontán

Non teño moi seguro o ano que fun a Ons por primeira vez, coído que está entre o 1976 e 1978. A illa de Ons, atopándose a un tiro de pedra dende a costa, era sen embargo un lugar pouco coñecido, enigmático, máxico,...., onde a lenda facíase realidade.

Contaba cunha comunidade humana que, por aquelas datas, estaba a pasar un momento difícil pois o seu porto non daba abrigo nin ofrecía seguridade aos modernos barcos de pesca que estaban a substituír ás dornas, que podían varar con suma facilidade nas praias despois da xornada pesqueira, e víanse obrigados a emigrar cara a outras vilas do continente (case todos foron a Bueu), e montar alí unha nova vida, pero a súa capacidade de traballo e sufrimento, facíao levadío.

Aínda así, ou polo menos ese verán, unha grande maioría das familias das zonas de Canexol, Curro, Caño e algunhas de Pereiró e Cucorno, vivían na Illa, cultivaban as terras e posuían animais.

Era unha comunidade moi pechada, aínda que xa tiñan un importante contacto con terra. Trabrar amizade non era nada doado senón contabas con alguén que che abriera camiño. O meu primeiro apouso foi en Curro; montei a tenda de campaña detrás das casas que deberían ocupar o cura e o mestre, dixeránme que alí non habería problema pois eran terras que deixaran de traballar hai tempo.

Naqueles intres á Illa non ía moita xente e o barco de pasaxe tampouco ía todos os días polo que, chegada a tardiña, os poucos campistas que estabamos xuntámonos nas tabernas de Curro e, en pouco tempo, coñeciámonos todos.

Daquela coñecín ao coordinador desta interesante revista, Tino Pardellas (Tinón) como alí o chamaban, que xa levaba uns anos pasando na Illa as súas vacacións. Era un magnífico mergullador e, pola noite, non faltaba algún pinto, maragota, sargo ou polbo, para que, na taberna do Checho nos xuntáramos


todos e fixeramos unhas boas caldeiradas ás que tamén se unían os mariñeiros que se achegaban á taberna mentres esperaban que as redes fixeran o seu traballo no mar, e aportaban algún marisco para logo rematar todo cunha grande trolada.

As horas e os días pasaban axiña. Pola mañá era tempo de repouso, segundo como che fora a noite; aproveitabas para camiñar, ir á praia, ler,...., logo ao mediodía, xuntámonos nos bares do Acuña ou Checho e alí, saboreando uns vermús, preparabamos o plan da tarde. A maioría das tardes pasabámonos de dous xeitos: Indo a axudar a algún veciño, co que xa colleramos amizade, a buscar leña, a traer aos piornos os carros de man ategados de sacos de patacas, a ir ás praias a buscar golfeiro se o día anterior houbera marusía,...., ou botándolles unha man en calquera arranxo nas súas precarias vivendas. Outro xeito, dicir que era o máis interesante, era *enrolarnos* nalgún dos poucos barcos de pesca illán que tiñan base en Ons no verán, e ir con eles a levantar as redes, regresando logo á noite cun cargado caldeiro de marisco e peixe que nos regalaban e que

pasaba a formar parte da caldeirada da cea.

En definitiva, os trinta e tantos días que pasei aquel verán na Illa de Ons, foron inesquecibles. Moitas das amizades feitas perduraron no tempo, aínda sen ter practicamente relación algunha dende aquela. Personaxes illáns como Checho, a súa filla Lola, a muller que estaba sempre pelando patacas detrás da barra do seu bar, o Acuña, Manolo (coñecido como "O Terco"), Francisco o patrón do Cro, os seus mariñeiros dos que sinto non lembrarme dos nomes, Delmiro que tiña un peculiar ton de voz, Ramiro que era o axudante dos fareiros,...., e moitos outros dos que teño a súa cara na mente pero dos que non recordo o seu nome, fixeron que aquela estancia en Ons sexa recordada, case con todo luxo de detalles, trinta anos despois.

Vista do Faro, dende o camiño do Centulo





Os fareiros de Ons, de esquerda a dereita: Paco, Fernando Liste, Fernando de Noia e José María Seguí. Detrás deles, con camisa branca, Ramiro, o axudante de faros.

## OS FAREIROS

Xa levaba uns días na Illa e chamábame a atención un corpulento home de case dous metros de alto e cun peso que debería andar ao redor dos 130 kg. Era un home moi faladeiro e notábase un grande respecto cara a el por todos os da Illa.

Un día que me atopaba na barra do Acuña, miro que ese corpulento home baixaba charlando con Tinón. Saín do bar co fin de saudalos e inviteinos a tomar algo, cousa que aproveitei para as conseguíntes presentacións, grazas ás que, por fin, souben quen era ese home grandote con cara de bonachón.

Tratábase de Jose María Seguí, un dos fareiros titulares do Faro de Ons. Aquilo para min foi coma unha regalía pois sempre fun un namorado dos Faros e coidaba que se o montaba ben podería coñecer as tripas deste enigmático Faro illán que xunto co piñeiral de Chan da Pólvora debuxan a silueta de Ons dende a costa da Lanzada.

Non foi difícil iniciar a amizade. Aínda que José María era unha persoa bastante seria, tamén lle gustaba a festa e a troula, polo que, en poucos días xa tiñamos a confianza suficiente como para pedirlle visitar o Faro e mirar o proceso de acendido que, por certo, era todo un solemne cerimonial, medido, meticuloso e exacto.

Tiven a sorte de compartir con el grandes parrafeadas. Era unha persoa culta, bo coñecedor da Illa e dos seus habitantes, e un experto do mundo da electrónica o que lle trouxera unha grande reputación entre os illáns, pois arranxáballes todo tipo de maquinaria, aínda que pouca había, ou inventábaa para mellor levar os seus traballos agrícolas ou pesqueiros.

Puiden, da súa man, asistir a varios acendidos e ata participar nalgúns dos rituais que necesariamente había que realizar antes do prendido da mecha. Visitei todo o faro, impresionáronme as vistas dende a súa lanterna, admirables as baldosas das paredes dos seus corredores decoradas con dornas, aquela sala onde tiñan todo tipo de aparellos e onde anotaban no seu particular e oficial "libro de bitácora" todas as incidencias diarias que ocorreran engadidas as meteorolóxicas,...., e non

falemos da tranquilidade que se respiraba nas súas dúas terrazas, dende as que, nun par de ocasións, tiven a sorte de gozar, coas vistas da ría de Pontevedra, a costa de Soavela, a praia da Lanzada ou do imponente mar oceánico, do relax e a lectura á vez que a pel tostábase axudada dunha suave brisa que mitigaba a calor.

Foi moi gratificante o coñecer a José María e compartir con el tardes de faladoiros cos veciños. Era fabuloso mirar como lograba sacarlle unha morea de historias, contos, lendas... que facían que as tardes voaran. Pero as cousas boas din que duran pouco e iso foi o que pasou, aos poucos días de coñecelo tocou relevo e outro novo fareiro chegou a Ons.

En Ons había tres fareiros que tiñan quendas de 15 días e un axudante, Ramiro, veciño da Illa que traballaba cos tres, aínda que creo que había outro peón, pero eu non cheguei a coñecelo.

A José María relevouno Fernando de Noia, oriúndo desa vila da costa Coruñesa. Fernando era totalmente distinto a José María. Era un home moi divertido e ocorrente, e, a carón



Vista do interior do Faro. Azulexos do corredor decorados con figuras de dornas

da súa gran profesionalidade, era un gran festeiro e participaba con veciños e visitantes en todas as troulas que se organizaran. Dende o meu punto de vista, perdín aquelas interesantes charlas, faladoiros e conversas cos veciños da man de José María que eran moi enriquecedoras, pero hai que recoñecer que con Fernando os días eran moi entretidos e amenos.

Ao terceiro fareiro non o coñecín, segundo parece era un home moi reservado. Practicamente non saía do Faro e pouco contacto tiña cos visitantes. Tamén resultou que, cando fixeron o relevo, eu fora de pesca e non puiden despedir a Fernando nin coñecer ao novo, e aos tres días marchei.

Pouco máis podo dicir dos fareiros de Ons que eu coñecín Os trinta días non dan para moito nunha Illa como a de Ons que ofrecía un innumerable abano de atractivos e en todos quería participar e coñecer. Para rematar esta pequena colaboración que me pediu Tinón para esta revista que, polo

seu décimo aniversario, vai a estar dedicada á Illa de Ons, farei un percorrido pola historia e as características do Faro de Ons.

### POSIBLES FAROS DA ILLA DE ONS ANTES DA CONSTRUCCIÓN DO ACTUAL

Supoñemos que en Ons ao igual que noutras partes de Galicia, existiron sinais e ata construcións dedicadas a axudar á navegación. O lume e o fume foron os primeiros sinais que se empregaron para guía e comunicación nos días de escasa visibilidade e sobre todo, cando escoitaban o pitar das sirenas dos barcos, din que se prendían fogueiras nos sitios máis altos da Illa coa fin de anunciar perigo ou a proximidade de rochas e escollos.


Os probables lugares que os illáns utilizaban para facer as fogueiras e onde, posiblemente, houbo algunha construción para favorecelas, foron : O Alto do Cucorno onde está instalado o Faro, ao ser a parte máis alta da Illa e visible desde calquera punto do mar. O Alto do Centulo para sinalar a proximidade do Illote do Centulo. Na banda sur da Illa o alto de Fedorentos ou no da Vixía, avisarían da presenza da Illa de Onza, pois é lugar de saída dos barcos cara ao Atlántico. Aínda que estes datos son parte da fala popular, hai que telos en conta dentro da historia da Illa pois seguro que se prenderon lumes para axudar á navegación coma ocorreu noutras Illas e costas do mundo. A costa das Rías Baixas foi a elixida maioritariamente para internarse por vía marítima en Galicia. A súa costa baixa e areosa, a súa boa climatoloxía e ao atoparse nas súas augas a Ruta Xacobeá Marítima cara a Santiago de Compostela, facilitaba a elección. Estas costas, ao longo dos séculos, tiveron numerosos visitantes e sufriron importantes acometidas (Fenicios, Celtas, Romanos, Normandos, Sarracenos, corsarios do norte, turcos, mouriscos, ingleses, . . .). Foi debido a iso, que os habitantes das Illas como os da costa, buscaran o xeito de avisarse da chegada de naves descoñecidas.

É de supoñer que os primeiros faros de aviso de costa máis preto da Illa son o Castelo da Lanzada a carón do Grove, a Torre de Santo Tomé en Cambados e as torres do Oeste en Catoira. A Illa de Ons marca unha perfecta liña recta entre o Castelo da Lanzada, e o de Santo Tome en Cambados.

Facer lumieiras de aviso en Ons tivo unha grande importancia. Contan que: ... cando algún veciño caía enfermo e a súa gravidade era tal que necesitaba un rápido traslado, os valentes mariñeiros da illa non poñían inconvenientes en saír , inda que houbera forte temporal, nas súas fráxiles dornas para levar ao enfermo a terra.

Ao chegar ao continente, e despois de poñer ao enfermo nas mans dun médico, tiñan a obriga de achegarse aos montes da zona á que arribaran ( Cabo Udra na Península do Morrazo ou Punta Cabicastro na Península do Salnés), para anunciar aos illáns da chegada sen novidade a terra, facendo unha grande fogueira.

Outras veces as fogueiras acendíanse desde Ons para anunciar aos illáns que saíran coas Dornas a Bueu, por calquera motivo, da imposibilidade de achegarse e desembarcar na Illa por mor do temporal ou por forte marusía.



Nova óptica para o faro de Ons, unha das moitas que se cambiaron ou reformaron tra-la aprobación do Real Decreto de 10 de Outubro de 1901

### O FARO DA ILLA DE ONS<sup>1</sup>

#### SITUACIÓN

O faro está situado na parte máis alta da Illa, no barrio do Cucorno a unha altura de 128 metros.

#### HISTORIA

A primeira vez que se iluminou o Faro na Illa foi o 13 de Abril de 1865. Era un faro de 5º orden. O antigo edificio era un rectángulo dunha planta de 13,5 x 14,80 m., e a súa distribución interior facíase por medio dun vestíbulo e un corredor. A torre cilíndrica, encaixábase ata a metade do seu diámetro na cara que daba

encaixábase ata a metade do seu diámetro na cara que daba

<sup>1</sup> Datos sacados do libro "Isla de Ons, Privilegio de la Naturaleza". Mº Jesús Otero Acuña. 1998.

# BAR LONXA

## PORTONOVO

Teléf: 986724333

ESPECIALIDAD

\* ALBARIÑO

\*PESCADITOS

\*MARISCOS

EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA

ao mar e estaba rematada por un balcón voado e unha torre de cantería octogonal.

Tiña unha lámpada de aceite, das de émbolo e peso, que se cambiou 13 anos despois por unha *Maris* para petróleo dunha mecha. Para o seu perfecto funcionamento contaba con dous fareiros.

Coa aprobación do Plan de Reforma de Alumeado de 1902 decidiron que debería ter maior alcance e con grupos de 3 destelos brancos. Para conseguir estas condicións, en 1904 púxoselle unha instalación de vapor de petróleo e calefacción exterior *Sautter Harlé* pero foi insuficiente. Coma lle pasaba a un bo número de faros, sería preciso reformar a torre, cambiar o aparato e aumentar o edificio

A solución adoptada foi a de construír un novo faro sobre a base do primeiro, facendo un edificio igual a aquel a 10 m de distancia, uníndoos por un corpo que lle daría a forma de “U”.

A torre antiga demoleuse na parte superior, erguéndose outra octogonal con torre de igual sección e que remata nunha lanterna de 3,70 m. de diámetro e montantes helicoidais construída pola Maquinista Valenciana. Os materiais empregados foron de cachotería con perpiaños en esquinas, zócalos, cornixa, xambas e linteis.

O proxecto foi realizado por Rafael de la Cerda e modificado por Ramiro Pascual. As obras inauguráronse o 4 de Xullo de 1926 cunha óptica da casa inglesa *Chance Brothers* de 920 mm. de distancia focal montada sobre unha base e flotador de mercurio con capacidade para 325 Kg. O conxunto foi fabricado tamén pola Maquinista e está accionado por unha máquina de relojería accionada por un peso de 115 Kg e o seu custo total ascendeu a 100.500 ptas.

Para o alumeado púxoselle un sistema de petróleo a presión por incandescencia *Chance*, con capillos de 85 mm. A característica, reformada por unha orde de 1906 sobre a inicialmente prevista, foi a de catro destelos relampos cada 24 segundos, cun alcance nominal de 24 millas.

A electricidade chegou da man dun grupo de baterías empregadas para as luces interiores. Recargábanse por medio dun aeroxerador auxiliado por un pequeno grupo electrógeno de 2,5 H.P. que tamén servía para un radioteléfono co que se establece comunicación diaria con terra e coa veciña Illa de Sálvora. Na actualidade conta con dous grupos electrógenos.

A pesares destas reformas, entre as que hai que incluír o revestimento exterior con azulexos que se realizou no ano 1932, e do tempo transcorrido, conserva todas as súas características e era xunto con Sálvora e Sisargas, dos poucos faros de petróleo que inda subsistían.

Entre as obras proxectadas figuran as de acondicionamento de catro vivendas, a automatización da instalación luminosa e a substitución dos grupos existentes por outros de 10 Kw.

## FAROS DE PETRÓLEO

Só subsisten naqueles casos nos que existen grandes dificultades para a electrificación e é preciso un alcance superior ao dos faros de acetileno. Empregáronse moito no pasado, pero agora están a piques da súa desaparición.

A luz prodúcese igualmente pola combustión do petróleo vaporizado a presión e previamente quente, co osixeno. Os de Ons, Sálvora, Sisargas eran o exemplo dos poucos que inda funcionaban en Galicia.

Houbo unha reforma máis profunda que alcanzaría ao resto das costas españolas, contida no Real Decreto do 18 de outubro de 1901 e cuxo propósito era aumentar a intensidade luminosa para conseguir un maior alcance, eliminar as luces fixas dándolle aparencia que non sufriran alteración coa distancia, coma sucedía nos de luz variada por escintileos, ni que esixiran longo tempo para recoñecelos e conseguir que os faros de recalada, separados por unha distancia inferior a 100 millas ou os da costa, en 5º millas non tiveran a mesma aparencia.

## FUNCIONAMENTO

Este sistema de sinal ten unha serie de operacións a realizar todos os días.

Ao funcionar con petróleo:

- Débense cargar os acumuladores cada tres días.

- Todos os días antes de acendelo, hai que dar presión ao combustible cunhas bombas de man.

- Logo hai que quentalo e preparar o capillo da lámpada.

- Hai que subir a man o peso motor que imprime o xiro necesario axudados duns sistemas de engrenaxes.

- Acender o lume e estar vixiantes para que a chama este sempre acendida.

## O FARO ACTUAL

Este ritual de acendido que tiñan que realizar os fareiros e axudantes, fai xa uns anos que desapareceu debido a que hoxe funciona con electricidade producida por uns paneis solares instalados nunha finca ao oeste do Faro.

En 1977 proxéctase o cambio da cuberta coa demolición das terrazas e renovando o balcón e a cúpula da torre. Faise unha cuberta a catro augas e impermeabilizan con tea asfáltica, tamén renovan o azulexado exterior dos muros e torre. En 1994 houbo novas reformas coa impermeabilización e limpeza da cúpula e preparouse unha das salas para conservar nela pezas de antigos faros co fin de que sirvan para un futuro museo.



Interior da sala museo do Faro